

ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:30 horas** do día **20 de outubro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes, ás sesións ordinaria do 16/06/16-núm. 11 e á extraordinaria urxente do 29/07/16-núm. 13.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación da inscrición do Concello de Santiago de Compostela na Rede Española de Cidades Saudables.**
- 4. Aprobación acordos adoptados na xuntanza do Consello Municipal de Saúde do día 4 de outubro de 2016, relativos á solicitude de información á Consellería de Sanidade e á Xerencia da área sanitaria do CHUS.**
- 5. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM para o sinalamento de aliñacións na N-525, tramo I. Núcleo da Susana.**
- 6. Dar conta da aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM no ámbito do equipamento deportivo ZD-7 en Agra dos Campos-Aríns.**
- 7. Proposta da concelleira delegada de economía e facenda de aprobación inicial de expediente de modificación da base número 32.1 de execución do orzamento municipal para o ano 2016.**
- 8. Proposta da alcaldía de adhesión do Concello de Santiago como membro observador da “Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA)”.**
- 9. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a priorización e aprobación dos proxectos incluídos na EDUSI a financiar dentro dos POCS 2014-2020.**

10. Proposición do grupo municipal Socialista, relativa á posta en marcha dun plan de acción de seguridade peonil.

11. Proposición do grupo municipal do BNG, para incrementar a seguridade viaria na contorna dos centros de ensino.

12. Proposición do grupo municipal do BNG, para a recuperación de dúas esculturas do Pórtico da Gloria para patrimonio público.

13. Dar conta do informe de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2016.

14. Dar conta dos reparos efectuados pola intervención municipal ao exercicio de 2015, remitidos ao Tribunal de Contas.

15. Dar conta de informe favorable do Secretario xeral do pleno, sobre bonificación do 95% ICIO na construción dunha gardería no Castiñeiriño.

16. Dar conta de aprobación definitiva da ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos.

17. Dar conta da elevación a definitivo da modificación do artigo 99 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno.

18. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

19. Solicitude do grupo municipal do Partido Popular de comparecencia da concelleira de igualdade, desenvolvemento económico e turismo.

20. Comparecencia, a petición propia, do concelleiro don Jorge Duarte Vázquez.

21. Rogos e preguntas.

22. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

O Sr. Alcalde, di que antes de dar comezo aos asuntos da orde do día vaise gardar un minuto de silencio polas dúas vítimas de violencia machista ao longo deste mes.

A continuación pásase a tratar os asuntos que figuran na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES, ÁS SESIÓN ORDINARIA DO 16/06/16-NÚM. 11 E Á EXTRAORDINARIA URXENTE DO 29/07/16-NÚM. 13.

Foron aprobadas por unanimidade as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 16 de xuño de 2016 (núm. 11) e á extraordinaria urxente do día 29 de xullo de 2016 (núm. 13).

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. APROBACIÓN DA INSCRICIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES.

O informe-proposta que sobre o asunto do epígrafe, emite a xefa de servizo de acción social e que trae o conforme da concelleira delegada de políticas sociais, diversidade e saúde, de data 3 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“I.- FUNDAMENTACIÓN.-

A Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na súa reunión celebrada o día 21 de novembro de 1988, acordou a constitución formal da SECCIÓN, REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES, cuxa articulación no seo da FEMP configúrase na forma prevista polo artigo 44 dos vixentes Estatutos e ao amparo do disposto na lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación.

A súa actividade réxese polo disposto nos Estatutos da FEMP, o seu Regulamento de Réxime Interior e as normas de funcionamento da propia Rede.

II.- OBXECTIVOS.-

A Rede Española de Cidades Saudables persigue a promoción e protección da saúde e o benestar da cidadanía, en concordancia cos principios de actuación correspondentes ao proxecto “Healthy Cities” da Organización Mundial da Saúde.

En xeral, as liñas da rede céntranse en:

Asegurar o mantemento dos contactos interinstitucionales para a consolidación das relacións intersectoriais, necesarias no ámbito da promoción e protección da saúde.

Fomentar a colaboración e a acción conxunta das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde.

Axudar ás cidades participantes a desenvolver modelos operativos de promoción e protección da saúde na comunidade, que poidan servir como modelos de boa praxe no relativo á promoción e protección da saúde no contexto urbano, en concreto o diagnóstico e os plans de saúde.

III.- OS ASOCIADOS.-

A Rede Sección RECS está composta por Socios Titulares, Socios de Honor observadores e colaboradores. Son Socios Titulares todas as Entidades Locais, integradas na FEMP, que manifesten, mediante o correspondente acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a súa vontade expresa de adherirse á Rede/Sección RECS e de cumprir os seus fins estatutarios, así como o cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- Ter elaborado ou o compromiso de elaborar un análises de situación e un plan de saúde para a cidade.

2.- Designación dun representante político e técnico como interlocutor ante a Rede/Sección.

A representación de cada Entidade ostentaráa o seu Presidente ou o membro da Corporación na quen este delegue. Esta delegación deberá ser expresa e referida para cada acto concreto.

IV.- OBRIGAS E DEREITOS DOS SOCIOS TITULARES.-

Os Socios Titulares terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o Estatuto da Rede o os acordos validamente adoptados.
- b) Aboar as cotas, derramas e demais achegas que se establezan no seu caso.
- c) Compartir os fins estatutarios da Asociación, colaborar na súa consecución e velar polo seu cumprimento.

Os Socios Titulares terán os seguintes dereitos:

- a) Asistir con voz e voto ás Asembleas tanto ordinarias como Extraordinarias e calquera outro tipo de encontro para o que sexan convocados.
- b) Ocupar cargos nos órganos reitores da Rede.
- c) Participar nos traballos da Rede.
- d) Utilizar as instalacións e os servizos que presta a Rede.

- e) Propor a convocatoria das sesións dos órganos de goberno e/ou propor os asuntos da orde do día a tratar nas mesmas.
- f) Ser informado acerca da composición dos órganos reitores da Rede.
- g) Estar ao corrente do desenvolvemento das actividades da Rede, así como do estado das súas contas.
- h) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra é e se antes informado dos feitos que dean lugar a tales medidas.
- i) Impugnar calesqueira acordos da Rede que estime contrarios á lei ou aos Estatutos.

V.- IMPORTE DA COTA E PREVISIÓN ORZAMENTARIA

O importe da cota a asumir polo Concello vai en relación cos habitantes da cidade de acordo co seguinte cadro:

Poboación	Importe da Cota
Menor de 2.500 habitantes	100 €
Entre 2.501 e 5.000 habitantes	150 €
Entre 5.001 e 15.000 habitantes	500 €
Entre 15.001 e 50.000 habitantes	1.000 €
Entre 50.001 e 150.000 habitantes	2.000 €
Mayor de 150.001 habitantes	3.000 €

Ao Concello de Santiago de Compostela correspóndelle unha cota anual de 2.000 euros. Nas bases de execución do orzamento para este ano, dita cota está prevista no **Artigo 32. Subvencións nominativas, punto 2**, tal e como reflexa o seguinte:

2. Os beneficiarios das cotas nominativas que ten que asumir o Concello pola súa participación e distintos organismos no exercicio de 2016 e as aplicacións orzamentarias que reservan crédito para o seu pagamento nos termos establecidos nestas bases son os seguintes:

Entidades beneficiarias	Aplicación orzamentaria
ARCO ATLÁNTICO	010 94300 46600
GRUPO CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE	010 94300 46600
ICOMOS	010 94300 46600
XXXIII EDICIÓN PREMIO NOBELA E. B. AMOR	010 94300 46600
COTA FEMP	010 94300 46600
FUNDACIÓN RUTA XACOBEO MAR DE AROUSA E ILLA	010 94300 46600
COTA FEGAMP	010 94300 46600
EIXO ATLÁNTICO	010 94300 46600

ORGANIZACIÓN CIDADES PATRIMONIO MUNDIAL	010 94300 46600
ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS	010 94300 46600
REDE DE CIDADES SAUDABLES	020 23100 48000
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	020 23103 48000
ASEMGA	070 43120 48900

Polo tanto a cota do ano 2016 polo importe de 2.000 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 48000/2016.

Por todo iso, **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN que se someta** ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela a proposta de inscrición na **REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES**, realizada pola Concelleira delegada de Políticas sociais, Diversidades e Saúde o seguinte:

1º.- Adherirse á **REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES** e, en consecuencia, que se realice unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a toda a cidadanía na que se plasme o compromiso municipal de adhesión á Rede.

2º.- Acordar o compromiso de elaborar unha diagnose de situación en relación a esta cuestión e deseñar un plan de saúde para a cidade de Compostela.

3º.- Designar a unha persoa responsable política e unha responsable técnica, como interlocutoras ante a Rede.

4º.- Que se realicen todos os trámites oportunos para que se efectúe a alta na Rede Española de Cidades Saudables.”

Dona Concepción Fernández Fernández, comeza a súa intervención dicindo que a Rede Española de Cidades Saudables foi constituída no seo da Federación Española de Municipios e Provincias en 1988, e ten por obxectivo a promoción e protección da saúde ou benestar da cidadanía en concordancia cos principios de actuación do proxecto da Organización Mundial da Saúde.

As liñas de traballo desta rede céntranse en tres aspectos fundamentais:

Primeiro, asegurar o mantemento de contactos interinstitucionais para consolidar relacións necesarias no ámbito da promoción e protección da saúde.

Segundo, fomentar a colaboración e acción conxunta das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde.

Terceiro, axudar ás cidades participantes a desenvolver modelos operativos que poidan servir como exemplo de boa praxe, en particular, no relativo a diagnose e elaboración de plans municipais de saúde.

Considera o grupo de goberno que a participación na Rede é unha oportunidade para o Concello de Santiago de Compostela, á hora de establecer relacións, procurar formas de cooperación e intercambio de experiencias e boas prácticas, e así mesmo, para a captación de recursos.

Actualmente forman parte desta Rede, 165 concellos de todo o Estado, entre eles algúns próximos como Ames, Lugo, Vigo ou Ourense, e outros como Madrid, Barcelona, Victoria, etc.

O Concello de Santiago de Compostela estivo adherido a este Rede, e iniciou o proceso para a elaboración dun plan municipal de saúde, segundo consta na acta do Consello Municipal de Saúde do ano 2009.

En xaneiro de 2012, o Pleno da Corporación a proposta do alcalde e cos votos favorables dos/as concelleiros/as do grupo municipal acordouse dar de baixa ao Concello da Rede.

Di dona Concepción Fernández, que é vontade do grupo de goberno de Compostela Aberta recuperar a iniciativa no referente á promoción e protección da saúde dende o ámbito local, e por iso aprobouse en pleno de novembro de 2015, un manifesto municipalista para a defensa da saúde das persoas e dereitos de acceso á sanidade pública.

Así mesmo, por parte do grupo municipal de Compostela Aberta, presentáronse e apoiáronse varias mocións sobre dereitos de saúde, e tamén incorporaron propostas neste sentido na estratexia EDUSI, e por iso hoxe someten á consideración do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Adherirse á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES e, que se realice unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a toda a cidadanía na que se plasme o compromiso municipal de adhesión á Rede.

2º.- Acordar o compromiso de elaborar unha diagnose de situación e deseñar un plan de saúde.

3º.- Designar as persoas responsables políticas e técnicas, como interlocutoras ante a Rede.

4º.- Realizar os trámites oportunos para que se efectúe a alta na Rede.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a súa intervención sinalando que como acaba de comentar a concelleira, no seu día o Partido Popular dende o goberno municipal do Concello de Santiago tomaba a decisión de deixar na participar nunha serie de plataformas e asociacións supramunicipais, baseándose en motivos, fundamentalmente, de tipo económico.

Agora o actual goberno plantexa a revisión dese criterio, e o regreso a algunha delas.

Se ben, pode ser, positiva a adhesión a esta Rede de cidades saudables, dende o Bloque Nacionalista Galego, consideran que co feito de que este tema chegue no mes de outubro, a tan só dous meses de concluír o ano e, tendo en conta, que ten unha cota económica de dous mil euros, pois non lle parece ao seu grupo o máis razoable, con independencia de que certamente estivese consignada no orzamento do presente exercicio unha partida económica para ese efecto.

Tamén quere salientar o señor Cela dúas cuestións, nun contexto onde realmente os recursos son escasos, as necesidades case infinitas, hai que ter en conta que existen plataformas e asociación no ámbito local e comarcal e tamén no ámbito galego de defensa da sanidade pública, e que non recibe ningún tipo de achega de fondos municipais para desenvolveren o seu traballo, polo tanto, indica o señor Cela, que á hora de optar había outras alternativas, máxime se se ten en conta que as competencias en sanidade están transferidas á Xunta de Galicia, e se ben certo, que hai circunstancias comúns entre Santiago de Compostela e outras cidades do Estado Español, dende o punto de vista do BNG, o que resultaría de maior interese sería tecer unha rede galega que atendera os problemas e as eivas sanitarias que se padecen.

En todo caso, non lle parece ao BNG, negativa a incorporación e anuncia o voto favorable.

Dona Milagros Castro Sánchez, comeza anunciando a conformidade do grupo Socialista á adhesión do Concello na Rede Española de Cidades Saudables.

Rede que ten por obxectivo mellorar o estado de benestar dos cidadáns e cidadás, potenciando estilos de vida saudables, un medio ambiente sostible, non pode ser causa de rexeitamento por parte do grupo municipal Socialista.

Todos e todas queren que a súa vida sexa o máis saudable posible agora e no futuro.

A prevención e promoción de hábitos saudables, sempre van contar co apoio do seu grupo.

A iniciativa de inclusión na Rede que xa foi tomada polos gobernos de progreso que tivo a cidade, e que causou baixa cando o Partido Popular chegou ao goberno do concello, e que mostra unha vez máis eses catro anos de retroceso que estivo a padecer Santiago.

Dona M^a José Corral López, comeza dicindo que non cabe discutir a conveniencia de inscribirse na Rede para traballar nos obxectivos que persegue en relación á promoción e a protección da saúde.

En calquera caso, a señora concelleira, subscribe e fai súas cada unha das verbas pronunciadas polo señor Cela, porque lle parece discutible que se faga esa adhesión a dous meses de rematar o ano, considerando que supón o pago da cota completa de 2000 euros, sen apenas posibilidade de que exista retorno algún.

Aplicando un criterio de eficiencia e mesmo de economía familiar e sentido común, ningún dos presentes se asociaría a un clube para ir á piscina dous meses.

Continúa a dicir, a señora Corral, que xa sabe que lle asiste ao goberno municipal todo o dereito a decidir como distribuír os recursos municipais, pero que fai esta aclaración, para analizar a conveniencia que se faga no ano 2017, con garantías de maior utilidade.

Agradece, dona M^a José, as palabras do señor Cela en relación á causa da baixa nesta Rede no ano 2012, porque así foi, pero non lle vai explicar ao grupo Socialista cal era o retorno da presenza na Rede durante os gobernos progresistas.

Dona Concepción Fernández Fernández, quere aclarar que as cidades que se adheriron a partir do segundo semestre teñen bonificación da cota correspondente a este ano.

Rematado o debate, e visto o ditame favorable da Comisión da área social e cultura do día 13 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1º.- Adherirse á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES e, en consecuencia, que se realice unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a toda a cidadanía na que se plasme o compromiso municipal de adhesión á Rede.

2º.- Acordar o compromiso de elaborar unha diagnose de situación en relación a esta cuestión e deseñar un plan de saúde para a cidade de Compostela.

3º.- Designar a unha persoa responsable política e unha responsable técnica, como interlocutoras ante a Rede.

4º.- Que se realicen todos os trámites oportunos para que se efectúe a alta na Rede Española de Cidades Saudables.

4. APROBACIÓN ACORDOS ADOPTADOS NA XUNTANZA DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE DO DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2016, RELATIVOS Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN Á CONSELLERÍA DE SANIDADE E Á XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DO CHUS.

A proposta da concelleira delegada de políticas sociais, diversidade e saúde, de data 6 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Dona Concepción Fernández Fernández, concelleira delegada de políticas sociais, diversidade e saúde do Concello de Santiago de Compostela, en calidade de Presidenta do Consello Municipal de Saúde, e conforme ao desenvolvemento e acordos adoptados na xuntanza celebrada o martes 4 de outubro, propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Que o Concello de Santiago solicite información á Consellería de Sanidade e á Xerencia da Área Sanitaria do Centro Hospitalario Universitario de Santiago sobre o estado de situación do proxecto Campus da Saúde, aclarando o destino das camas asistenciais e traballadores/as do Gil Casares, a ubicación dos aparcadoiros e reubicación do servizo da actual escola infantil.

Segundo.- Que o Concello de Santiago solicite información á Consellería de Sanidade e á Xerencia da Área Sanitaria do Centro Hospitalario Universitario de Santiago sobre o Plan Funcional da Área Sanitaria.”

Dona Concepción Fernández Fernández, di que vai comezar a súa intervención facendo un pouco de pedagogía.

O Consello Municipal de Saúde é un órgano colexiado de participación comunitaria, para a consulta e seguimento da xestión sanitaria no ámbito municipal.

Esta formado, entre outros, por representantes veciñais, representantes das asociacións de pacientes, representantes de colexios profesionais no ámbito da saúde, representantes da administración sanitaria, representantes da Xunta de persoal do CHUS e, por suposto, por representantes dos grupos políticos da Corporación.

Son funcións do Consello Municipal de Saúde, e así se recolle no artigo 4 do mesmo, entre outras, presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Consello para ser discutidas nas comisións correspondentes.

Na terceira xuntanza do Consello Municipal de Saúde, constituído este ano 2016, e que tivo lugar o pasado día 4 de outubro, incorporouse un punto na orde do día, relativo ao estudo de situación do Campus da Saúde, a iniciativa dos representantes da Xunta de Persoal do CHUS, ao fío dese punto, analizouse a información publicada nos medios de comunicación sobre avances no proxecto do Campus da Saúde, sen que quedara moi claro o destino de camas asistenciais, traballadores e outros servizos, e tamén se deu conta de que non se tiña recibido resposta da xerencia do SERGAS ao escrito remitido do Consello Municipal de Saúde con data 20 de xullo.

Por iso, despois do desenvolvemento da sesión, e a vista dos acordos adoptados, propónse trasladar a este pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Solicitar á Consellería de Sanidade e á Área Sanitaria do Centro Hospitalario Universitario de Santiago, información sobre o estado de situación do proxecto Campus da Saúde, aclarando o destino das camas asistenciais e traballadores/as do Gil Casares, a ubicación dos aparcadoiros e reubicación do servizos da actual escola infantil.

2.- Solicitar información á Consellería de Sanidade e á Xerencia Integrada sobre o Plan Funcional da Área Sanitaria.

Don Rubén Cela Díaz, sinala que o voto do seu grupo vai ser positivo para dar traslado das conclusións de dous aspectos que el considera importantes para o Concello de Santiago.

Dona Milagros Castro Sánchez, anuncia que vai ser moi breve.

Na xuntanza do Consello de Saúde celebrado o día 4 de outubro, é certo que se presentou unha iniciativa por parte da xunta de persoal do CHUS. Iniciativa na que se solicitaba que dende o Concello se instase á Consellería de Sanidade, así como a Xerencia de Xestión Integrada para pedir información sobre o estado do campus da saúde, mediante unha proposta para ser traída ao pleno municipal.

Petición que incluía diferentes aspectos, que se reflicten no primeiro punto do documento que todos os grupos políticos teñen.

O segundo punto do documento, recolle tamén, unha petición de información sobre o plan funcional, e a señora Castro di que ten que admitir, e ademais así o dixo na Comisión informativa correspondente, que non recorda desa xuntanza a redacción literal do segundo punto, nas notas que tomou non quedou reflectido, pero a pesar diso, o grupo municipal Socialista non vai poñer ningunha traba para que o documento se presente tal e como está redactado neste momento. Comparten as inqedanzas da xunta

de persoal sobre estes temas, e parécelle ao grupo Socialista, axeitado a adopción dos acordos que hoxe se achegan ao pleno.

Dona M^a José Corral López, comeza dicindo que a concelleira Dona Concepción Fernández empeza por enredar a tarefa da xestión ordinaria.

No pleno de maio, persoalmente a señora Corral, tivo ocasión de dicirlle que os que gobernan non teñen necesidade de traer aos plenos cuestións de trámite, que poden resolver dende o goberno, a non ser, que sexa para facer vulto na orde do día, e/ou para aparentar diante de determinados colectivos que se trata de iniciativas froito dun sisudo e minucioso traballo cunhas consecuencias sen parangón na escala superlativa da preocupación pola saúde, naquela ocasión levouse en forma de moción, agora sube de categoría e tráese en forma de proposta.

É moi interesante lembrar a información que solicita á Consellería de Sanidade e á Xerencia da área sanitaria, información que por certo, xa esta solicitada.

Destino das camas asistenciais e traballadores do Gil Casares, ubicación dos aparcadoiros, reubicación dos servizos da actual escola infantil e o plan funcional da área sanitaria.

Esta solicitude ven ao pleno derivada, parece, dun acordo do Consello Municipal de Saúde, e di parece, porque como xa quedou de manifesto aquí e na Comisión informativa, que non todos/as os/as asistentes escoitaron o mesmo.

E dille á señora Corral á señora Fernández, que como Presidenta do Consello Municipal de Saúde, pode resolver estas cuestións no seo do Consello, como xa llo dixo noutras ocasións, a través dunha chamada de teléfono, dun correo electrónico, pedindo unha xuntanza cos responsables, etc. E así converteríase nunha persoa resolutiva diante do Consello, diante do Concello, diante dos colectivos, diante dos cidadáns.

Debe exercer a concelleira, como a canle de resolución das cuestións plantexadas no seo do Consello coa Xunta, coa Universidade, co Goberno Central, con quen sexa e cando a xestión como concelleira e como representante municipal e como presidenta do Consello resulte infrutuosa e cando os asuntos terían que vir aquí e pedir reforzos.

Pregúntalle a representante do grupo municipal do Partido Popular, a Dona Concepción Fernández, senón se sente lexitimada para facer o seu traballo, ou se busca o cariño do pleno, e insiste en dicirlle que lle dea operatividade ao Consello, que lle dea categoría resolutiva, e que lle recoñeza a entidade propia que ten e que o dote de opinión, aínda ben non está creado e xa o está a converter nun recadeiro.

Insiste que no Consello Municipal de Saúde están representados todos os sectores da saúde, todos os grupos políticos, e tamén esta representada a Consellería de Sanidade e a Xerencia da área sanitaria.

Xa sabe a señora Corral que lle vai dicir a señora Fernández que a Consellería de Sanidade e a xerencia da área sanitaria non asistiron á sesión do Consello, pero dille, que pode preguntarse porque non viñeron, pódese facer unha interrupción para falar da axenda da concelleira, dos cambios de axenda, e engade que ela tampouco puido ir a sesión do Consello.

Insiste a señora Corral, que aínda que non asistiran á sesión do Consello a Consellería de Sanidade e a Xerencia, deben serlles trasladados os acordos do Consello, e así terían información de primeira man.

Engade a señora Corral, que se houbese un problema inmediato e que a Xunta non atendese, entraríase nesa batalla.

Recalca a concelleira que parece que o conto é enredar, pero non se transluce un chisco de preocupación pola saúde, e moito menos da eficacia.

Xa sabe que lle vai volver dicir a señora Fernández o tema da participación, pero iso ao final ao que lles leva ao que escoita continuamente é a meditación, éntrase na fase de invocación á divindade para a resolución real dos problemas.

Así mesmo, dille a señora Corral a señora Fernández, que non lle fixo falta incoar a participación no pleno para decidir apostarse nas portas do xulgado o día da celebración do xuízo pola ocupación da antiga sala Iago da cidade, para apoiar non se sabe que causa, se a presunta usurpación de ben inmovible, se a presunta tenencia de explosivos, supón a señora Corral que a señora Fernández estaba alí para defender a saúde dos/as veciños/as de Santiago.

Lembre, que alí foi unha representante do goberno municipal dun Concello, a señora Corral gustaríalle saber cal vai ser o criterio a seguir, en canto ao apoio de causas xudiciais, e cuestionamento do traballo do poder xudicial, porque saiba que alí nos Xulgados de Fontiñas, todos os días se valoran causas de todas as ordes xurisdiccionais merecentes de moito apoio, pero engade a señora Corral, que considera que como institución non é moi conveniente xerar agravios comparativos, nin cuestionar o traballo do poder xudicial, pois se se puxeran nas portas de Raxoi xuíces, maxistrados e fiscais para cuestionar o traballo do goberno municipal, e cando se debería entrar nese debate, mentres tanto hai moito onde participar no relativo á saúde.

Recórdalle a señora Corral á señora Fernández que o pasado día 2 de outubro se celebrou unha andaina solidaria a favor da Asociación Galega de transplantados do ril, e non a veu por alí.

Insiste a señora Corral en relación ao tema que lles ocupa, unha dúbida, unha solicitude de información, unha cuestión ordinaria que podería ser resolta en cuestión de minutos, en cuestión de horas ou de días, vai estar dando voltas polo concello como se do tratado de Maastricht se tratase, engade, que teñen outra opción, que é a través dos grupos Parlamento, sería máis axeitado competencialmente que se dirixisen dende alí estas cuestións, porque verdade que non se contempla que a Xunta de Galicia inste ao Concello de Santiago como capital de Galicia a que manteña o bo estado das rúas. Só lle falta pedir aquí en pleno a comparecencia do conselleiro de sanidade ou pedir a súa propia alí no Parlamento de Galicia, para formular a pregunta.

Di a señora Corral que van facer un exercicio de sentido común, resulta que as preguntas que fai, versan sobre un futuro difícil de predicir a día de hoxe, todos o saben. Sabe a señora Corral pola prensa, que nestes días ven de rematar o prazo para presentar os proxectos da nova facultade de medicina, que é o punto de partida para a organización do campus da saúde e que se abriu o prazo dun mes para analizar as propostas.

Polo tanto, aínda non está decidido o proxecto para a facultade de medicina, e dille que se imaxine o resto, estase a falar dun horizonte 2018-2020.

Di, así mesmo, a señora Corral que a Consellería de Sanidade está desenvolvendo un plan funcional da área sanitaria como consecuencia da reorganización, no que tamén, por certo, é parte interesada o Concello de Santiago, de feito a Consellería solicitou ao Concello datos urbanísticos do entorno do hospital provincial de Conxo, necesarios para unha eventual actuación alí.

Pídelle a señora Fernández, que lle diga que na segunda quenda, cal foi a súa resposta á Consellería sobre a información solicitada, porque agora mesmo, hoxe día 20 de outubro 17 horas non teñen resposta.

Cre a señora Corral e pensa que o alcalde non estaba enterado, porque ela non o considera tan ousado e de feito en declaracións súas o pasado luns ás que fai reflicte textualmente: “a única preocupación do señor alcalde, sobre o proxecto para a nova facultade de medicina é que a súa construción supoña diminuír o número de camas hospitalarias da cidade”, e engade: “que agarda á compensación como está contemplado vía hospital Provincial”.

En relación á planificación do Concello nos equipamentos municipais que quedarán liberados pola construción da nova facultade, o alcalde di: “aínda se está a falar dun proxecto a medio prazo e prefire non xerar expectativas, cando o propio decano está falando de 2018-2020”.

Dille a señora Corral a señora Fernández, que non só non fala co alcalde senón que non escoita, porque estas son as respostas para o que hoxe se trae aquí.

Repite a señora Corral que a señora Fernández quere darlle contido ao Consello Municipal de Saúde e non sabe como, quere traer iniciativas ao pleno e non sabe cómo. Considera a señora Corral que todo isto está a xerar unha polémica onde non hai, e buscar un enfrontamento con outra administración sen ningún sentido, e a señora Corral cónstalle que a Alcaldía e a Consellería de Sanidade teñen unha relación e unha comunicación sobre este e outros temas, absolutamente fluída.

Pide a señora Corral a señora Fernández, que non enrede as cousas e que lle dea o contido á concellaría e ao Consello, que teñen que ter.

Dona Concepción Fernández Fernández, anuncia en primeiro lugar que non vai entrar en cuestións que non eran obxecto deste punto.

Dille á señora Corral, que polémica e enfrontamento só atopa o Partido Popular para parar calquera iniciativa de participación e de clarificación de información, non entenden que é o que incómoda ao Partido Popular sobre as preguntas que se fan, para aclarar e coñecer que proxecto e que plan funcional teñen para o Campus da Saúde, non hai ningunha polémica, nin ningunha confrontación, só hai falla de claridade na información.

Dille a señora Fernández á señora Corral, porque non lle incomoda que non teña a cidadanía información clara e transparente no que afecta a esta cidade no plan funcional de saúde, en postos de traballo e servizos importantes para os veciños e veciñas desta cidade, por qué lle incómoda ao Partido Popular que se pida información, aclara que non se está a buscar polémica, nin confrontación, senón sinxelamente buscando a información.

Insiste a señora Fernández, que ao Partido Popular deberíalle incomodar que a Consellería e a Xerencia sanitaria non participen nos órganos que poden participar, nin respondan ás peticións que por escrito se lles fixo dende a concellaría que representa como Vicepresidenta do Consello Municipal de Saúde.

Remata a concelleira dona Concepción Fernández que como non responderon, pois que lle respondan ao pleno.

Dona M^a José Corral López, empeza dicíndolle a señora Fernández que non escoitou o que dixo ela na súa intervención, e repítelle que o alcalde ten esa información.

Dille, así mesmo, que nin a ela nin ao seu grupo lle incomoda a participación e a transparencia, pero a participación contemplativa si.

Continúa a dicirlle á señora Fernández, que o quere saber de a onde van trasladar as camas, a onde van trasladar os traballadores, onde vai ir ubicado o aparcadoiro.

Insiste a señora Corral que aínda non hai proxecto da facultade de medicina, e que non hai ningunha polémica, e que a ela realmente o que lle incomoda é perder o tempo, porque se lle está a dar voltas a algo que non ten ningún sentido.

Rematado o debate, e de conformidade coa proposta transcrita e o ditame favorable da Comisión informativa da área social e cultura do día 13 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor, correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Solicitar información á Consellería de Sanidade e á Xerencia da Área Sanitaria do Centro Hospitalario Universitario de Santiago: sobre o estado de situación do proxecto Campus da Saúde, aclarando o destino das camas asistenciais e traballadores/as do Gil Casares, a ubicación dos aparcadoiros e reubicación do servizos da actual escola infantil.

2.- Solicitar información á Consellería de Sanidade e á Xerencia da Área Sanitaria do Centro Hospitalario Universitario de Santiago sobre o Plan Funcional da Área Sanitaria.

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525, TRAMO I. NÚCLEO DA SUSANA.

O informe que da xefa de sección de xestión urbanística que trae o conforme do secretario xeral do pleno, de data 6 de outubro de 2016, ten o seguinte contido:

“A Modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto de establecer as aliñacións definitivas dos terreos que dan fronte á estrada estatal N-525, no tramo urbano que atravesa o

núcleo da Susana (puntos quilométricos 332+150 - 332+513 na marxe esquerda, e 332+150 - 332+494 na marxe dereita)

1. PLANEAMENTO VIXENTE

No tramo de referencia, o vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) establece as aliñacións dos terreos lindantes a unha distancia xenérica de 12,5 metros dende o eixe da estrada, o que supón unha sección total de 25 metros entre aliñacións.

Non entanto o anterior, a disposición transitoria 16ª do Plan xeral, nomeada “**Liñas de edificación nas estradas do Estado**” sinala o seguinte:

“Nas estradas de competencia estatal N-550 e N-525 as determinacións referentes ás liñas de edificación contempladas no Plan xeral entenderanse como orientativas á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que desenvolva a regulación da excepcionalidade á que se refire o art. 25.2 da Lei 25/1988 de estradas; en tanto non se produza dita resolución tódalas actuacións estarán ao que resolvan as preceptivas autorizacións da administración de estradas.”

2. NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

O artigo 33 da vixente *Lei estatal 37/2015, do 29 de setembro, de estradas* -que substitúe ao antigo 25 da Lei 25/1988, de estradas do Estado-, sitúa a liña límite de edificación nas estradas convencionais e multicarril a unha distancia de 25 metros, medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima.

Porén, o mesmo artigo 33, no seu apartado 3, prevé a *excepcionalidade* de que o Ministerio de Fomento poida autorizar, por razóns xeográficas ou socioeconómicas e en tramos perfectamente delimitados unha distancia inferior, previo informe (non vinculante) das comunidades autónomas e das entidades locais afectadas.

Artigo 33 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (vixente dende o día 1.10.2015):

1. (...) A ambos lados de las carreteras del Estado se establece la línea límite de edificación, que se sitúa a 50 metros en autopistas y autovías y a 25 metros en carreteras convencionales y carreteras multicarril, medidos horizontal y perpendicularmente a partir de la arista exterior de la calzada más próxima. La arista exterior de la calzada es el borde exterior de la parte de la carretera destinada a la circulación de vehículos en general.

La franja de terreno comprendida entre las líneas límite de edificación establecidas en las respectivas márgenes de una vía se denomina zona de limitación a la edificabilidad. Queda prohibido en esta zona cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, incluidas las que se desarrollen en el subsuelo, o cambio de uso, a excepción de las que resultaren imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las construcciones o instalaciones ya existentes.

(...)

2. A los efectos de lo dispuesto en el anterior apartado, los nudos viarios y cambios de sentido, las intersecciones, las vías de giro y los ramales tendrán la línea límite de edificación a 50 metros medidos horizontal y perpendicularmente desde la arista exterior de la calzada en cada caso.

3. El Ministerio de Fomento, previo informe no vinculante de las comunidades autónomas y entidades locales afectadas a emitir en un plazo no superior a dos meses, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o tramos perfectamente delimitados.

O Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas -cuxa vixencia mantén a disposición final 1ª da actual Lei de estradas-, tamén habilita ao Ministerio para establecer a liña límite de edificación a unha distancia inferior nas zonas urbanas, sempre que o planeamento urbanístico o permita, e a través dun procedemento que se integra polos seguintes trámites:

1. Delimitación provisional pola Dirección Xeral de Estradas
2. Información pública por prazo de 30 días soltos, con publicación de anuncio no Boletín Oficial do Estado, e audiencia ás Comunidades Autónomas e ás Entidades Locais afectadas.
3. Resolución definitiva polo Ministerio.

Artigo 85 do Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas:

Casos especiales

1. Con carácter general, en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el artículo anterior, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca (artículo 25.2).

2. Asimismo, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente, previo informe de las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o comarcas perfectamente delimitadas (artículo 25.3).

(...)

4. A efectos de lo previsto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, la Dirección General de Carreteras determinará provisionalmente la línea límite de edificación y someterá el correspondiente estudio de delimitación a información pública, por el plazo de treinta días hábiles que se anunciará en el «Boletín Oficial del Estado», a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda formular las alegaciones que estime pertinentes.

Simultáneamente, dicha Dirección General remitirá a las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, el referido estudio de delimitación, a fin de que, en dicho plazo y un mes más, se manifiesten.

En caso de conformidad, o si las Comunidades Autónomas o las Entidades locales no contestasen en el plazo mencionado, el expediente se elevará al Ministro de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente para su resolución definitiva.

En el supuesto de disconformidad, se procederá con arreglo a lo indicado en el párrafo segundo del apartado 1 del artículo 10 de la Ley de Carreteras y 33 de este Reglamento.

3. NECESIDADE E CONVENIENCIA DA MODIFICACIÓN

A presente Modificación obedece á necesidade de fixar de xeito definitivo as aliñacións do tramo da estrada N-550 que atravesa o núcleo urbano da Susana, en coherencia coa liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, todo elo de conformidade coa normativa sectorial aplicable, anteriormente referenciada, e co establecido pola DT 16ª do PXOM.

En outubro de 2011 o Concello de Santiago instou da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia o inicio do procedemento aplicable para a delimitación da liña límite de edificación, no tramo da estrada N-525 correspondente ao núcleo da Susana. Nas reunións mantidas entre os técnicos municipais e os da Demarcación, formulouse por estes unha proposta alternativa, consistente en fixar unha distancia orientativa de 17,50

metros dende o eixe da estrada, tal e como se reflicte na acta da reunión que tivo lugar o día 22 de marzo de 2013.

Con data 23 de abril de 2014 o Concello remitiu ao Ministerio de Fomento o proxecto de Modificación puntual do Plan xeral, elaborado polos servizos técnicos municipais, para os efectos de que pola administración titular da estrada se iniciase o procedemento de delimitación regulado polo artigo 85.4 do Regulamento da Lei de estradas do Estado.

Cumpridos os trámites esixidos polo artigo 85 do Regulamento xeral de Estradas, o Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, mediante resolución de data 8 de febreiro de 2016, aprobou definitivamente o expediente de Modificación da liña límite de edificación no tramo da estrada N-525 comprendido entre os seguintes puntos quilométricos (LLE-5-C-2014):

- Na marxe esquerda, PP-KK 332+150 ao 332+513
- Na marxe dereita, PP.KK 332+150 ao 332+494

A través da presente Modificación preténdese incorporar ao planeamento urbanístico xeral as aliñacións que resultan da nova liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, axustando o planeamento municipal á nova liña de edificación definitivamente aprobada en febreiro de 2016 consonte á normativa sectorial de estradas.

4. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

De conformidade co autorizado pola administración titular da estrada, a aliñación resultante sitúase con carácter xeral a 17,5 metros do eixo da estrada, o que garante unha sección total para o sistema viario público de 35 metros entre aliñacións enfrontadas. Isto supón unha sección maior que a prevista no vixente Plan xeral (25 metros entre aliñacións), pero inferior á que resultaría de aplicar a liña límite de edificación establecida con carácter xeral na Lei de estradas (25 metros a cada lado da aresta exterior da explanación)

No tramo no que se desdoubrou a traza orixinal da N-525, e seguindo as instrucións dos técnicos da Demarcación, suprímense as aliñacións fixadas con fronte á dita variante, manténdose unicamente a aliñación fronte á vía que realmente deu soporte á edificación, que é a que corresponde á traza primitiva da estrada N-525.

No ámbito suxeito á aplicación da ordenanza 11 (núcleos tradicionais incorporados ao solo urbano), a Demarcación fixou a mesma liña límite da edificación, e non acolleu a proposta municipal de manter a liña da edificación existente. En consecuencia, as edificacións afectadas seguen sometidas ao réxime que define o artigo 33.1, apartado 2º

da Lei de Estradas, asimilable ao de fóra de ordenación. É preciso advertir que, no marco do plan xeral vixente, a aplicación da lei de estradas -que establece a liña límite de edificación a unha distancia xenérica de 25 metros dende a aresta exterior- supón, de facto, unha maior afección ás edificacións existentes. Con todo, e sen prexuízo de reflectir na Modificación a nova liña fixada pola administración titular da estrada con carácter xeral para a totalidade do tramo afectado, entendo que o Concello podería iniciar, se o estimase oportuno, un novo procedemento perante a Demarcación co obxecto de fixar unha liña límite que respecte as edificacións existentes na zona de ordenanza 11.

No plano 6 do documento apréciase con claridade a diferenza entre as aliñacións previstas no PXOM vixente e as que se propoñen nesta Modificación.

5. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Previo acordo adoptado polo Pleno municipal o día 28 de abril de 2016, o Concello remitiu ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante resolución do 22 de agosto de 2016 –publicada no Diario Oficial de Galicia o 26 de setembro de 2016– formulou o **Informe ambiental estratéxico** da Modificación (Expte. 2016AAE1900, código web 1807/2016), declarando o non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria.

Durante o período de consultas obtivéronse os seguintes informes:

- **Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, que lembra a obrigatoriedade de solicitar, durante o trámite de información pública, novo informe da administración titular da estrada, en cumprimento do esixido polo artigo 60.8 da LSG.

Tamén indica que a Modificación *“non poderá deixar sen fixar as aliñacións en solo urbano consolidado (artigo 53.e) LSG)”*

En resposta a esta última observación, cómpre informar que as parcelas das que se suprimiu a aliñación fronte á vía de desdoblamento da N-525 teñen sinalada aliñación con fronte á antiga estrada. ...

- **Instituto de Estudos do Territorio**, que conclúe que *“A Modificación proxectada non define novas condicións de ordenación, nin propón un novo trazado, polo que se considera que non terá efectos significativos sobre a paisaxe”*.

- **Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica**, que indica que non é previsible que as actuacións proxectadas teñan impacto nas actividades competencia da citada Dirección Xeral.

6. PROCEDEMENTO

A Modificación, en canto afecta ao sinalamento de aliñacións do PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

7. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I - Núcleo da Susana), segundo o proxecto formulado de oficio pola Sección de Planeamento.

Segundo. Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.
- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 22 de agosto de 2016, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Durante o trámite de información pública, remitirase a Modificación inicialmente aprobada a informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

Cuarto. Ao abeiro do previsto polo artigo 85.2 do RD 1812/1994 (Regulamento xeral de Estradas), instar, perante o Ministerio de Fomento, un novo procedemento para fixar, no tramo correspondente á ordenanza 11, a liña de limitación de edificabilidade de acordo coa aliñación proposta no PXOM vixente.”

O Sr. Alcalde, di con respecto ao presente punto que en Xunta de Portavoces acordouse por ser un tema que xa fora debatido anteriormente, sometelo directamente a votación, agás que algún grupo solicite a algunha intervención.

Consonte co informe transcrito, máis o ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa reunión do día 13 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I - Núcleo da Susana), segundo o proxecto formulado de oficio pola Sección de Planeamento.

Segundo: Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.
- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 22 de agosto de 2016, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Durante o trámite de información pública, remitirase a modificación inicialmente aprobada a informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Terceiro: En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

Cuarto: Ao abeiro do previsto polo artigo 85.2 do RD 1812/1994 (Regulamento xeral de Estradas), instar, perante o Ministerio de Fomento, un novo procedemento para fixar, no tramo correspondente á ordenanza 11, a liña de limitación de edificabilidade de acordo coa aliñación proposta no PXOM vixente.

6. DAR CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO ZD-7 EN AGRA DOS CAMPOS-ARÍNS.

O informe que emite a xefa da sección de xestión urbanística, de data 7 de outubro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“A Modificación ten por obxecto definir o réxime urbanístico aplicable aos terreos afectados pola sentenza do Tribunal Supremo ditada no PO 4275/2008, que anulou as determinacións do PXOM no ámbito do sistema xeral ZD-7 (equipamento deportivo en Agra dos Campos-Arins).

O expediente tramitouse a través do procedemento regulado polo artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, *de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), para a aprobación do planeamento xeral, sen suxeición a avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade por Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 31 de xullo de 2015.

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal con data 21 de xaneiro de 2016, e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 30 de marzo, así como nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* de data 18 de marzo de 2016. Simultaneamente, outorgouse audiencia aos municipios limítrofes.

Durante os referidos trámites de exposición pública e audiencia non se formularon alegacións.

No expediente constan informes favorables do Instituto de Estudos do Territorio (Paisaxe) e de Patrimonio Cultural.

O Pleno municipal adoptou o preceptivo acordo de aprobación provisional o día 16 de xuño de 2016, elevando o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) para a súa aprobación definitiva, de acordo co previsto na disposición transitoria segunda, apartado 2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A CMATI, mediante Orde do 24 de agosto de 2016 resolveu outorgar a aprobación definitiva da Modificación.

A Orde de aprobación definitiva publicouse no Diario Oficial de Galicia de data 7 de outubro de 2016.

PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Tomar coñecemento da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 24 de agosto de 2016 pola que se outorga aprobación definitiva a *Modificación puntual do plan xeral do ordenación municipal no ámbito do sistema xeral ZD-7*, e da súa publicación no Diario Oficial de Galicia do día 7 de outubro de 2016.

Segundo. Unha vez que conste a inscrición da Modificación no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, procederase á publicación da normativa no Boletín Oficial da Provincia (artigo 88.4 da LSG).”

O Sr. Alcalde, indica que este asunto esta a disposición dos membros da corporación.

Xa que logo, de conformidade co informe transcrito da xefa de sección de xestión urbanística, e o ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente á súa reunión do día 13 deste mes, dáse conta ao Pleno da Corporación:

Da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 24 de agosto de 2016 pola que se outorga aprobación definitiva a Modificación puntual do plan xeral do ordenación municipal no ámbito do sistema xeral ZD-7, e da súa publicación no Diario Oficial de Galicia do día 7 de outubro de 2016.

Unha vez que conste a inscrición da modificación no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, procederase á publicación da normativa no Boletín Oficial da Provincia (artigo 88.4 da LSG).

7. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 32.1 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2016.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 7 de setembro de 2016, en relación co presente asunto, ten o seguinte contido:

“Con data 5 de 2016, recíbese proposta do concelleiro delegado de educación e cidadanía de modificación da base 32.1 de execución do orzamento municipal para o ano 2016 relativa á relación de entidades beneficiarias, importes e aplicacións orzamentarias das subvencións nominativas do exercicio 2016.

A modificación consiste en:

Onde pon entidade beneficiaria **“Vacacións en Paz”** debe dicir **“Asociación Solidariedade co Pobo Saharaui”**, que ten o NIF G-15924558, toda vez que **“Vacacións en Paz”** é o nome do programa a desenvolver pola entidade beneficiaria non o nome da propia entidade que o desenvolve.

Advertida deste erro, esta concellaría propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: A aprobación da modificación da base 32.1 de execución do orzamento municipal para o ano 2016, no senso de modificar o anexo de subvencións nominativas no sentido que a seguir se indica:

- Onde di entidade beneficiaria **“Vacacións en Paz”** ten que dicir **“Asociación Solidariedade co Pobo Saharaui”**, co NIF G-15924558.

Segundo: Unha vez aprobada pola XGL a modificación da base número 32.1 de execución do orzamento municipal para o ano 2016 nos termos anteriormente establecidos, remítilla ao pleno da corporación para a súa aprobación inicial e exposición ao público, previa convocatoria da Comisión de Facenda. No caso non terse presentado

reclamacións durante o período establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a mesma considerárase definitivamente aprobada, procedéndose á publicación do texto do acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

O Sr. Alcalde indica que se acordou en Xunta de Portavoces, dado que este asunto é practicamente unha corrección de erros, non sometelo a debate e proceder directamente á votación.

Vista a proposta transcrita, o informe de intervención, acordo da Xunta de Goberno, máis o ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente a súa reunión do día 13 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor, correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda a aprobación inicial da modificación da base núm. 32.1 de execución do orzamento municipal para o exercicio de 2016, no senso de modificar o anexo de subvencións nominativas no sentido que onde se di: Entidade beneficiaria “Vacaciones en Paz”, ten que dicir: Entidade beneficiaria “Asociación Solidariedade co Pobo Saharai”.

O acordo someterase á información pública polo prazo de 15 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No citado prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O acordo entenderase definitivamente adoptado se ao termo do período de información pública non se tiveran presentado reclamacións contra a aprobación inicial.

8. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO COMO MEMBRO OBSERVADOR DA “UNIÓN DAS CIDADES CAPITAIS DE LINGUA PORTUGUESA (UCCLA)”.

A proposta do Sr. Alcalde de data 7 de outubro de 2016, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“1.- A lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (“Lei Paz Andrade”), recolle que a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercompresinble co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural pero tamén na económica. Por isto debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos coa naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.

2.- Dita lei, indica que os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

3.- Asemade, deberán ser promovidas as relacións a todos os niveis cos países da lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De xeito especial, entre outros eidos, fomentárase a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo, así como a organización na Comunidade Autónoma galega de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial.

4.- Por todo o anterior, o Concello de Santiago, co obxectivo de promover o coñecemento da lingua portuguesa e para afondar nos vencellos históricos con outros países e comunidades de lingua portuguesa, entende de interese para a cidade, a súa adhesión á asociación “Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa” (en diante UCCLA).

5.- A “Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa”, foi fundada o 28 de xuño de 1985, sendo Presidente da Cámara Municipal de Lisboa, Nuno Krus Abecasis. Ese día asinaron o acto de fundación, as cidades de Bissau, Lisboa, Luanda, Macau, Maputo, Praia, Río de Janeiro, e San Tomé/Água Grande.

6.- Segundo os artigos 1º e 2º do seus Estatutos (anexo I), trátase dunha asociación intermunicipal de natureza internacional, sen fins lucrativos e cuxa duración é por tempo indeterminado e con sede na cidade de Lisboa.

7.- A UCCLA ten por obxectivo principal, fomentar o entendemento e a cooperación entre os seus municipios membro, polo intercambio cultural, científico e tecnolóxico e pola creación de oportunidades económicas, sociais e de convivencia, tendo en conta o progreso e o benestar dos seus habitantes.

8.- Para a procura dos seus obxectivos, a UCCLA ten como fins, entre outros, os de fomentar os vínculos, relacións e intercambios de todo tipo entre as cidades membro, incrementar as relacións entre a Unión, os seus membros e as cidades con relevante compoñente histórico-cultural de raíz lusófona.

9.- O Concello de Santiago pasará a formar parte da UCCLA coa categoría de membro observador. O artigo 5, apartado C), dos seus Estatutos, establece que poden ser membros observadores as comunidades lusófonas e as cidades lusófonas e non lusófonas que pretendan acompañar a actividade da UCCLA.

10.- En base ao artigo 6, apartado D) dos seus Estatutos, o Concello de Santiago como membro observador tería que cumprir coa obriga de pagar puntualmente a cota de admisión e as cotas periódicas que así se establecen.

11.- O regulamento (anexo II) que recolle as cotas de admisión e periódicas para os distintos membros da UCCLA, establece que as mesmas son determinadas en función dos escalóns indicados no propio regulamento.

12.- O valor da cota de admisión dos membros observadores é de 1.500 euros (artigo 5.3) e o das posteriores cotas periódicas é de 1.500 euros por cada ano civil (artigo 6.3)

13.- O pago da cota de admisión, en contía de 1.500 euros, correspondente aos membros observadores, quedará condicionado á existencia de crédito suficiente no orzamento do 2017.

Por todo isto, sométese á aprobación do pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Adhesión do Concello de Santiago, como membro observador, á “Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa” (UCCLA).”

Vista a proposta transcrita, máis o ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas do día 13 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda a adhesión do Concello de Santiago, como membro observador, á “Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa” (UCCLA).

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A PRIORIZACIÓN E APROBACIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NA EDUSI A FINANCIAR DENTRO DOS POCS 2014-2020.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 6 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade dunha completa remodelación e mellora das rúas Patio de Madres e Castrón d’Ouro non admite ningunha dúbida para a inmensa maioría da poboación e para os grupos políticos presentes na Corporación, que así o teñen manifestado, polo

que debe figurar con plena xustificación e respaldo entre as prioridades máis inmediatas do Concello en materia de obras. A situación desta histórica vía de entrada á cidade a través do barrio de Sar foise deteriorando co paso dos anos ata chegar a situación actual que se podería cualificar de emerxencia. As melloras puntais do seu firme, como a realizada na primavera de 2015, xa non abundan e faise precisa unha reforma integral que, mantendo o seu carácter, a equipare a outras remodelacións viarias realizadas no viario da cidade nos últimos anos.

Así o considerou o anterior equipo de Goberno cando, no tramo final do pasado mandato, se rematou a redacción dun ambicioso proxecto de reforma, cun investimento estimado en 2,9 millóns de euros, que o Goberno estaba a tratar de consensuar nos seus detalles coa veciñanza da zona. En síntese, o proxecto ancheaba as beirarrúas, triplicaba o espazo para os peóns, e limitaba a circulación a un só sentido de baixada, para reducir a presión do tráfico. Tamén se trocaba a calzada de chapacuña por formigón, en consonancia coa actuación desenvolvida na rúa de Sar. E como obxectivos últimos do proxecto estaban: a rebaixa da cota da calzada, mellores accesos ás vivendas, supresión de barreiras arquitectónicas, favorecer o tránsito peonil e, en definitiva humanizar o contorno destas dúas rúas onde remata a Vía da Prata.

No actual mandato, as obras de Patio de Madres e de Castrón d'Ouro foron sometidas á pertinente análise da Comisión Asesora do Casco Histórico en data 6 de outubro de 2015, acordándose a modificación do proxecto para incorporar unha serie de precisións. Non foi ata esta mesma semana, o día 5 de outubro de 2016, cando se remitiu o proxecto modificado á Comisión Asesora. Practicamente un ano para unha modificación, tempo que consideramos excesivo para incorporar os cambios propostos.

Esta actuación de Patio de Madres e de Castrón D'Ouro está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) 2015-2025 coa que o Concello optou aos fondos europeos do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020, que obtivo un importante financiamento segundo se recolle o BOE do pasado 3 de outubro, polo que debería acometerse de forma inmediata e coa máxima urxencia, razón pola que debería ser considerado un proxecto prioritario.

Precisamente as prioridades e os reaxustes deberán ser motivo de atención no desenvolvemento da citada EDUSI, tal e como ten manifestado o Goberno local, en orde a asignar o financiamento concedido recentemente ao abeiro do programa operativo europeo FEDER de Crecemento Sostible.

Con este fin será preciso fixar e definir as actuacións concretas, redactar os proxectos necesarios e axilizar os procedementos que permitan unha eficaz e eficiente execución por parte do Concello. Nesa liña, consideramos que o grupo de Goberno debería someter á participación e ao consenso cos grupos presentes na Corporación o conxunto

deses proxectos para a súa consideración, seguindo o espírito do acordo unánime acadado no Pleno de decembro de 2015, na procura de obter o maior respaldo e consenso na determinación dunha estratexia de cidade concibida para unha década (2015-2025), período que excede amplamente do atribuído a un Goberno municipal.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propónlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

- 1.- Que á maior brevidade proceda á licitación e adxudicación do proxecto modificado das rúas Patio de Madres e Castrón d'Ouro para a súa execución dentro do financiamento do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020, de forma que se acometa de forma urxente e coa máxima axilidade posible esta obra.
- 2.- Que inicie un proceso de diálogo e participación co conxunto dos grupos municipais para concretar e definir as actuacións e proxectos a desenvolver dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano e Sostible (EDUSI) 2015-2025.
- 3.- Que, conforme ás prioridades que se establezan por acordo dos grupos políticos, se avance na aprobación e tramitación do todos os proxectos incluídos na proposta ao Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020 para non demorar máis que o mínimo imprescindible o seu inicio.”

Con data 19 de outubro de 2016, o grupo municipal de Compostela Aberta, presentou emenda de modificación á anterior proposición e que non foi aceptada polo portavoz do grupo municipal do Partido Popular.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, fai uso da palabra para defender a proposición presentada polo seu grupo.

Comeza dicindo que a iniciativa que traen ao pleno garda relación co desenvolvemento da estratexia de desenvolvemento sostible e integrado, coñecida como EDUSI, que vai recibir dez millóns de euros de fondos europeos, despois de ser seleccionada polo Ministerio de Facenda.

Con independencia do criterio que lles merece a estratexia, do que queren deixar constancia ao igual que o resto dos grupos no pleno específico que tivo lugar o pasado mes de xaneiro, as posibilidades de financiamento que ofrece esta resolución do goberno de España, fai que traían aquí a conveniencia de fixar de forma conxunta e con

claridade e tamén cunha prioridade de ordes compartida aquelas actuacións que deben ser atendidas con maior urxencia no ámbito municipal, especialmente, tendo en conta que a petición inicial do Concello, era de quince millóns de euros, e finalmente foron concedidos dez millóns.

Tomando como punto de partida a completa remodelación das rúas Patio de Madres e Castrón d'Ouro, cren que a prioridade desta actuación, en concreto, non admite ningunha dúbida xa que é unha cuestión que obtivo o consenso do resto dos grupos con representación municipal, e por suposto, do resto da cidadanía.

Segue a dicir, que por iso mesmo consideran que debe figurar entre as prioridades máis inmediatas do Concello en materia de obras. O deterioro que leva sufrindo esta vía co paso dos anos leva a cualificar a situación actual de emerxencia, con independencia das reparacións puntuais feitas no ano 2015, pero que non resolveron o problema da necesidade dunha reforma integral.

No tramo final do mandato pasado rematouse a redacción dun ambicioso proxecto de reforma que trataba de resolver todas as eivas que tiña esa rúa.

En definitiva, un proxecto para humanización do contorno destas rúas, e en definitiva, para mellorar un itinerario histórico onde remata a vía da Prata, e polo tanto, é unha actuación que o grupo Popular considera absolutamente imprescindible.

Fai algo máis dun ano cando as obras da devandita actuación foron sometidas ao análise da Comisión asesora do casco histórico que fixo unha serie de observacións, e certo, que esas observacións eses axustes do proxecto tardaron un ano, tempo que o grupo Popular considera excesivo, en ser levados a cabo, pero o pasado día 5 de outubro foi analizado o proxecto, unha vez máis, pola Comisión Asesora.

Polo tanto, cre o grupo municipal Popular que esta actuación non se pode demorar máis e por iso presentan unha iniciativa para que o goberno canto antes proceda á licitación e adxudicación do proxecto modificado das rúas Patio de Madres e Castrón d'Ouro.

Piden por parte do grupo Popular, que así mesmo, o documento de traballo recolla esa prioridade, e que o goberno asuma a necesidade dun diálogo e dun proceso participativo para a tramitación destas actuacións previstas na EDUSI.

Por iso fan esta proposta, que en primeiro lugar plantexa:

Que o goberno local a maior brevidade, cren que non debería demorarse moito, proceda á licitación e adxudicación despois do procedemento correspondente do proxecto

definitivo das rúas Patio de Madres e Castrón D'Ouro, para que de forma urxente e coa máxima axilidade se acometa a obra.

En segundo lugar que se inicie un proceso de diálogo e participación co conxunto dos grupos municipais para concretar e definir as actuacións e proxectos a desenvolver dentro da EDUSI, como consecuencia da diminución dos recursos concedidos finalmente.

Continúa a dicir o señor Hernández, que están ante un documento estratéxico para a cidade, e cren que os fallos e as improvisacións non deberían ser un asunto que este enriba da mesa.

En terceiro lugar, que conforme ás prioridades que se establezan por acordo dos grupos políticos, se avance na aprobación e tramitación do todos os proxectos incluídos na proposta do Programa Operativo de Crecemento Sostible para non demorar máis que o seu inicio.

O Sr. Alcalde, recórdalle ao señor Hernández que hai unha emenda de Compostela Aberta, e quere saber se a aceptan ou non.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, di que teñen analizada a emenda de Compostela Aberta, e afirma que non a van aceptar porque na súa opinión non engade nada novo, simplemente tenta confundir e espallar as responsabilidades que son única e exclusivamente do ámbito municipal. A rúa é de titularidade do concello, e o Camiño de Santiago non é responsabilidade unicamente da Xunta e moito menos o Camiño de Santiago é titularidade da Xunta de Galicia. Cuestión distinta, e que a Xunta de Galicia estea a impulsar, actuacións de posta en valor e de mellora do Camiño de Santiago neste concello e no resto dos concellos de Galicia.

Están a favor de que se realicen xestións ante a Xunta de Galicia, que se aproveite o compromiso da Xunta de Galicia co Camiño de Santiago, pero considera, que Compostela Aberta cando fixo esta emenda o único que pretendía era liar o tema, non engade nada novo a este asunto.

E eles o grupo Popular, esta de acordo, en que o goberno de Compostela Aberta cando redactou a emenda, o único que pretendía era liar o tema, non engade novo a proposición. Están a favor de que o goberno de Santiago fixera reclamacións a Xunta de Galicia para conseguir financiamento por parte desa administración, explica que eles fixeron iso que acaba de dicir en aras de buscar financiamento para a obra de Carreira do Conde, tamén fixeron ese traballo os gobernos, chamados de progreso que lembran os membros do PSdeG, a través do IGVS e da Consellería de Infraestruturas para mellorar rúas do Concello como Galeras, Rosalía de Castro, Avda. de Castelao.

Remata dicindo que non aceptan a emenda, porque cre o señor Hernández que non engade novo a proposición por eles presentada.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a intervención dicindo que cando o pasado 3 de outubro cando o BOE publicaba a listaxe de entidades locais beneficiarias da estratexía de desenvolvemento urbano sostible integrado (EDUSI) onde se outorgaban dez millóns de euros a Santiago de Compostela, que serán financiados mediante o programa FEDER 2014-2020 o BNG solicitaba publicamente unha comisión para poder priorizar os investimentos tal e como así se falara en pleno á altura do mes de xaneiro.

Dos quince millóns solicitados por este concello finalmente concedéronse dez millóns, polo que haberá que descartar necesariamente algúns dos proxectos presentados.

Dende o BNG, entenden que se debería convocar unha comisión para tentar de consensuar as prioridades, de xeito que se atendan as que os diferentes grupos da Corporación se entenda que son obxecto prioritario de actuación por parte do goberno municipal.

Entende o BNG, que o que lle toca ao goberno, fundamentalmente, é traballar para aproveitar con rigor estes fondos europeos, porque dende logo o escaso grao de execución doutro tipo de proxectos demostrado ata o de agora, dende o seu punto de vista, tampouco é moi bo agoiro.

Parécelle ben ao BNG comezar a falar, como propón o Partido Popular, e cre o concelleiro que todos os grupos da corporación están de acordo niso, en que nesa comisión se aborde en primeira instancia a remodelación e a mellora das rúas Patio de Madres e Castrón D'Ouro, porque resulta a todas luces evidente que é moi urxente realizar unha actualización que está programada dende fai xa demasiado tempo, cun proxecto rematado e dende logo é unha das áreas do centro de Santiago nun estado máis lamentable.

Considera o BNG que é fundamental que se estableza pois un cronograma de actuacións para xestionar ben os fondos, e non ter diferentes actuacións que poidan ser contraproducentes, telas ao mesmo tempo.

Insiste o señor Cela en que se debe analizar que obras son prioritarias, qué obras non terían maior problema se desbotan, e crear un calendario dialogado, non só cos grupos senón co conxunto da veciñanza de cada zona afectada, intentando diminuír e minimizar na medida do posible os danos colaterais deste tipo de actuacións.

Dende o punto de vista do BNG, compre tamén revisar a documentación dos proxectos antes de proceder á licitación das obras. Recórdanlle ao grupo de goberno, que daquela no propio informe da intervención de 30 de decembro, advertíase da obrigatoriedade establecida na normativa de estabilidade orzamentaria e na normativa de desenvolvemento da formulación plurianual, dun marco orzamentario e da existencia da regra do gasto e o límite de endebedamento e estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, parécelles correcta esta proposta do grupo municipal do Partido Popular, tamén lles parece correcta calquera tipo de interlocución coa Xunta de Galicia ou con outros ámbitos administrativos en todo o que teña que ver co mantemento e a conservación dos camiños de Santiago.

Remata o señor Cela anunciando o voto favorable do BNG a esta iniciativa, e agardan que esta comisión se poña a funcionar o antes posible.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza facendo pública a satisfacción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela pola concesión dunha subvención do programa EDUSI, concesión que supón 2/3 da contía solicitada polo Concello co fin de realizar investimentos na cidade.

Satisfacción que como galegos estenden aos concellos de Vigo, Pontevedra, Lugo, Redondela, Ponteareas, Lalín, A Estrada, Ribeira, Vilagarcía, Marín e Culleredo, concellos que tamén recibiron esta subvención.

Ao grupo Socialista gustaríalle contar co informe de valoración conforme aos criterios establecidos no anexo VI da orde do 13 de novembro, así como o informe de comparación e de proposta formulada pola Comisión de Valoración que serviu como base para a resolución final, para ter coñecemento das distintas puntuacións establecidas aos programas presentados no proxecto para acollerse ás axudas EDUSI.

Gustaríalle saber ao grupo Socialista a puntuación obtida, cal foi a puntuación de corte en Galicia, e como se valoraron os subcriterios a puntuar, 32 se el non esta mal informado.

Pregúntalle o señor Reyes ao grupo de goberno se presentaron algunha alegación para tentar de obter o 100% da subvención solicitada, ou pensan facelo.

O espírito de EDUSI é a participación cidadá, pero como xa se indicou no pleno extraordinario no que se deu luz verde ao proxecto EDUSI en Santiago, sorprende que non foi convocado ningún Consello Económico e Social, nin o Consello de Relacións Veciñais para tratar este tema, volve a preguntar o señor Reyes ao grupo de goberno, se pensa convocar a estes consellos?

Tampouco coñecen a metodoloxía de priorización, considera o señor Reyes, que é o primeiro documento que debería ser consensuado.

O grupo Socialista en relación á proposición do Partido Popular que están convencidos da necesidade de levar a cabo as obras que se describen para Patio de Madres e Castrón D'Ouro, por certo, o Partido Popular trae esta proposta para darlle prioridade a obra de Castrón D'Ouro, pero sen embargo cando gobernaba o grupo Socialista pediulles que executaran esta obra e daquela déronlle prioridade a Carreira do Conde.

Para o grupo Socialista é indiscutible que debe cumprirse sen demora o acordado no pleno de decembro de 2015, constituír unha comisión de avaliación e seguimento dos investimentos subvencionados polo programa EDUSI, cun modelo de priorización, un calendario, a asignación de recursos e a avaliación de avances e logros conseguidos.

Anuncia o señor Reyes o voto favorable do grupo Socialista á proposición do grupo municipal do Partido Popular.

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza dicindo que falar da estratexia de desenvolvemento urbano, sostible e integrado nesta sesión plenaria é un motivo de satisfacción para o grupo de goberno, sobre todo, tendo en conta a pouca fluída relación que houbo e o difícil que foi poder conseguir o apoio do resto dos grupos cando se presentou para a súa aprobación no mes de xaneiro, e poder intentar que a aprobación fora avaliada por máis grupos que o grupo de goberno.

Todo iso, a pesares das múltiples reunións que houbo con todos os grupos municipais e axentes ao longo dos seis meses anteriores á aprobación.

Recorda o señor Duarte reunións na sala circular do Auditorio con todos os axentes, grupos municipais, asociacións veciñais, asociacións cidadáns, nas que se recolleron as suxerencias e as achegas, e así mesmo, tamén recorda un proceso participativo con enquisas cidadáns nas cales participaron máis de setecentos veciños.

Todo ese proceso participativo desembocou nunha estratexia de desenvolvemento urbano, sostible e integrado que foi vista con bos ollos pola comisión de selección, a pesar da falta de apoio dos outros tres grupos municipais, porque recollía precisamente un proceso participativo previo, extenso e abundante, con información para toda a cidadanía.

Esa estratexia de desenvolvemento urbano e sostible levaba tres áreas de actuación fundamentais, que eran facer unha Compostela accesible, inclusiva e patrimonial na que

o foco non estivera só nas pedras, no construído, no patrimonio, senón tamén no seu territorio e nas súas persoas.

Polo tanto, significaba, pasar dunha cidade monumental a unha cidade dos barrios, do rural, do territorio, e iso, precisamente, é o que reconece a financiación, a existencia dunha boa estratexia.

Estratexia que aquí se intentou desautorizar dicindo que se presentaba algo así, segundo palabras do señor Hernández, chapucera, pero para os fondos europeos non foi chapucera, e de feito esta cidade vai agradecer eses dez millóns de euros, para poder facer unha Compostela máis igualitaria, máis accesible e máis solidaria.

Con respecto á proposta do grupo Popular, o grupo de goberno intentaba introducir unha emenda, que se inclúan dentro dos fondos financiábles polo programa, se priorice a aprobación e licitación do modificado das rúas Patio de Madres e Castrón D'Ouro.

Segue a dicir o señor Duarte, que na emenda presentada polo grupo de Compostela Aberta que non acepta o Partido Popular, que a definición dos proxectos, das prioridades, deberán pasar pola mesa de diálogo e participación do conxunto dos grupos municipais e ademais seguirase coas conversas para buscar a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento das obras destas rúas polo seu carácter de entrada á cidade do Camiño de Santiago-Vía da Prata.

A creación dunha figura, dunha mesa que priorice os investimentos xa estaba contemplada na propia EDUSI, e ademais, ese compromiso xa foi exón dunha figura, dunha mesa que priorice os investimentos xa estaba contemplada na propia EDUSI, e ademais, ese compromiso xa foi expresado por parte do señor Duarte no pleno, que se crearía unha mesa para priorizar as actuacións.

A partir da concesión desta subvención, foron citados para os días 3 e 4 de novembro, dentro da Rede de iniciativas urbanas para ver como se ía desenvolver o financiamento destas actuacións.

O punto primeiro será a elaboración dun manual de procedementos, e cales serán os criterios de selección das operacións financiábles seguindo os criterios da EDUSI.

Aínda que o grupo de goberno tamén está de acordo con priorizar as obras de Patio de Madres e Castrón D'Ouro, pero deben seguir os criterios que lles marcan as directrices da rede de iniciativas urbanas, e haberá que empezar por elaborar un manual de procedementos.

A estratexia contou cunha alta participación cidadá, e na mesma contémlase a creación de órganos consultores e de participación para definir cales serán as actuacións, como figuran no punto dous.

O señor Duarte, que o grupo de goberno, non vai renunciar a que a Xunta de Galicia se comprometa no Concello de Santiago. Ao longo do último ano, houbo distintas conversas coa Xunta para a financiación de obras no Concello de Santiago de Compostela, a resposta era que non había cartos para o Concello de Santiago, así como para outros camiños, camiño Primitivo e outras actuacións había fondos, a día de hoxe o goberno de Compostela, o que reclama é que a Xunta de Galicia cumpra coas súas palabras e cando presenta un plan director do Camiño de Santiago en Galicia, proxecto 2015-2021, e fala do fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeá, e fala de plan de actuación para melloras do camiño e dos elementos patrimoniais no Concello de Santiago, co obxectivo de recuperar e manter en óptimas condicións todos os trazados do Camiño no termo municipal de Santiago de Compostela, entende o señor Duarte que non se debe renunciar a que a Xunta sexa co Concello de Santiago igual de colaborador na financiación das actuacións do camiño que co resto dos concellos. Na maioría dos concellos polos que pasa o camiño a Xunta asume a maioría do financiamento nos trazados do Camiño de Santiago.

Volve a insistir, que consideran que é unha obriga da Xunta de Galicia a colaboración na rehabilitación, reforma e mellora da accesibilidade da rúa Patio de Madres, Castrón D'Ouro, e sinte moito que o Partido Popular non queira facer esa petición á Xunta para que haxa un compromiso de financiamento pola súa parte, o grupo de goberno intentará conseguir esa financiación.

Remata dicindo que a postura do grupo de goberno, é priorizar a partir da reunión dos días 3 e 4 e da elaboración do manual de procedemento e criterios de selección das operacións, priorizar as obras en Castrón D'Ouro e Patio de Madres, e ademais de priorizar buscar a financiación para que non caia só sobre os/as veciños/as de Santiago de Compostela, porque o que se destina de fondos EDUSI para esas obras non se pode destinar a outras, e entenden que ten que existir un compromiso claro da Xunta de Galicia para mellorar este trazado.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, di que supón que o voto de Compostela Aberta será favorable, dende o momento en que admitiron que van priorizar estas actuacións, Patio de Madres e Castrón D'Ouro, cuestión que o seu grupo valora positivamente.

Continúa a dicir o señor Hernández, que supón que o señor Duarte estará informado das actuacións que fixo a Xunta, pon como exemplos, o Camiño de Fisterra, o Camiño

Inglés, e o que ten previsto facer dentro dese plan director e o que está a facer no Monte do Gozo.

Segue a dicir o Sr. Hernández que en todo caso o camiño non é titularidade da Xunta, o camiño discorre por viais que poden ser titularidade do Ministerio de Fomento, do Concello, supón que o concelleiro, aínda que se teme que non o coñeza, que Castrón D'Ouro e Patio de Madres non son titularidade da Xunta de Galicia, é un pequeno detalle, cuestión distinta, é que o seu grupo serían os primeiros que estarían a favor de que o Concello reclame e solicite compromisos certos, monetarios e concretos da Xunta de Galicia como os que está a facer para mellorar o camiño. Pídelle o señor Agustín ao señor Duarte que non a lie, porque aquí estase a falar da EDUSI e dunha actuación concreta e polo tanto se vostedes consideran que o que é necesario facer esa petición á Xunta de Galicia, que saiban que van contar co voto favorable do Partido Popular.

En todo caso, dille o señor Hernández ao señor Duarte, e aos señores de Compostela Aberta que a estratexia de desenvolvemento urbano e sostible, non tivo diálogo, nin participación, non tiveron noticias do documento ata mes de decembro, cando se lles fixo chegar un borrador, e a semana anterior ao pleno, e isto está acreditado, dous días antes de rematar o prazo de presentación aínda non se coñecía o texto, e dous días antes do pleno nin sequera se coñecía o expediente, iso é realidade obxectiva, polo tanto, non se podía dar a conformidade a un documento cheo de inexactitudes, erros e omisións, parabéns por acadar os 2/3 da subvención, por suposto que é unha boa noticia para a cidade, pero na análise económica dese documento os datos eran manifestamente imprecisos, por exemplo, o documento que esta no Ministerio que afirma que a poboación estudantil de Santiago son 30.000 persoas, datos dos anos 90.

Na mención dos temas a abordar no ámbito supralocal cítase a seguridade cidadá, que por lei non é competencia do concello.

No marco competencial non se ten en conta novidades normativas; no tema da mobilidade fálase dun centro comercial nas Galeras, é un erro. En relación coa Cidade da Cultura, mantén o acceso á mesma a través do barrio do Viso, cuestión que xa está anulada, etc., etc.

Polo tanto, dille o señor Hernández ao grupo de goberno que fagan un exercicio de autocrítica, de humildade, permitan que participe o resto dos grupos políticos, permitan que participen os veciños, fagan un axuste de documento, fagan un documento digno, e contarán co apoio do grupo Popular.

Don Rubén Cela Díaz, quere lembrar unha cita celebre, que dicía “que a humildade é unha virtude, para quen carecía doutras”. El non comparte iso, ademais considera que en política é especialmente importante, que haxa unha excelente e excepcional noticia

para Santiago como é a concesión de dez millóns de euros de fondos europeos para investimentos é unha noticia óptima sen ningún tipo de consideración a maiores, agora iso non pode ser escusa para non ver cousas que obxectivamente son certas, que foron discutidas aquí, e que as ten recoñecido o propio concelleiro neste pleno, e que están gravadas para posterioridade.

É evidente, que a tramitación deste expediente, non foi todo o correcta posible, e que con independencia diso se obteñen uns fondos europeos, estupendo, que é unha cantidade moi importante, el considera que 2/3 da cantidade que se solicita, cre que é unha cantidade importantísima, e obxectivamente incontestable. Poderíase poñer en relación con outros sitios, en relación co que leva o Concello da Estrada, o de Lalín, o de Nigrán ou o de Redondela diría que está moi tratado Santiago, e se se puxera en relación coa cidade de Pontevedra e Lugo, di que el é nativo de Lugo, Pontevedra está gobernada polo Bloque Nacionalista Galego, quere moito a esas dúas cidades, pero considera que esta é a capital de Galiza, unha cidade patrimonio da humanidade, e o remate do camiño, e que se lle conceda exactamente a mesma cantidade que Pontevedra e Lugo, parécelle moi discutible.

O Sr. Cela, en calquera caso, non se quere meter niso, e considera que é moi positivo que se conte con dez millóns de euros, e agora o que hai que facer, é executalos, dentro desa execución, cre que o proxecto que plantexaba o grupo de goberno tiña cousas mellorables.

Nese proxecto hai propostas que considera que son moi boas, algunhas delas xa estaban avanzadas que lle parece moi positivas, pero hai outras que a el parécenlle máis discutibles, entón a el do que lle gustaría poder opinar como membro da Corporación, que entre facer unha actuación en Castrón D'Ouro e facer un paso elevado en Xoán XXIII, el non ten dúbida por cal habería que empezar, se hai que limitar o orzamento, porque en vez de quince son dez, iso quere dicir, que o documento da propia EDUSI plantexaba unha comisión, pero non foi exactamente o que se falou e acordou en pleno, o que se acordou no anterior pleno, é que se daría potestade, facilidades aos grupos da corporación para poder opinar, con independencia de que haxa no marco da propia EDUSI establecido regulamentariamente outro tipo de mesas sectoriais de diálogo, con diferentes axentes sociais.

Con respecto ao tema do Camiño de Santiago, cre o señor Cela, que hai que facer unha reflexión máis global, considera que o grupo de goberno para ter unha interlocución directa con tres administracións públicas para acceder á financiación ou ámbitos de colaboración non necesita emendar ningunha moción ou proposición dun grupo da oposición, pero en calquera caso, e igual que se buscou para ter fondos Feder, cre que hai que buscar tamén para acceder ao financiamento doutras administracións públicas, e nomeadamente no que ten que ver co Camiño de Santiago.

Insiste o señor Cela que di isto, porque hai un elemento que non deixa de ser curioso e lamentable ao mesmo tempo, que algúns dos tramos do Camiño de Santiago que están en peor estado de conservación, están no termo municipal do Concello de Santiago de Compostela, e ao concelleiro resúltalle difícil de explicarlle a alguén que tramos do camiño a douscentos, trescentos ou cincocentos quilómetros de Santiago de Compostela que teñen un estado de conservación, de sinalética, de accesibilidade infinitamente mellor que tramos que están a poucos quilómetros da Catedral de Santiago, e nese sentido, considera don Rubén, que hai unha actuación pendente que é colectiva, máis alá da competencia directa, e falábase antes por parte do portavoz do Partido Popular de que hai tramos que dependen de Fomento, máis ala diso, cre D. Rubén que ten que existir unha estratexia conxunta, un ámbito de colaboración e de lealdade institucional entre concellos, deputacións, Xunta de Galicia e incluso do Estado, e se é posible, en casos como este incluso da Unión Europea.

O importante é que exista un compromiso ao medio prazo de manter un estado de conservación minimamente digno dos camiños que atravesan o Concello de Santiago, non só polos turistas e peregrinos, senón polos veciños e veciñas, e pola conservación dun rico patrimonio que alberga.

Don Francisco Reyes Santiás, dille ao señor Duarte, que cando se fala de participación, lembra perfectamente unha comisión convocada para as 19 horas e que se recibía a documentación por correo electrónico a 1:30 horas da madrugada do mesmo día.

Con respecto aos camiños de Santiago, evidentemente que a Xunta de Galicia o que ten que facer é concretar as actuacións dese plan director, concretar cun calendario, cun orzamento plurianual, evidentemente que si, pero o concello tamén ten que facer os seus deberes, que é negociar coa Xunta de Galicia e presionar para que se comprometa, e para que verdadeiramente sexan as contías que necesita, e dálle o señor Reyes a razón ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, dos peores tramos dos diferentes camiños de Santiago, desgraciadamente son as entradas á cidade de Santiago de Compostela.

E insiste, o señor Santiás, en saber se se vai facer algunha alegación para acadar o 100% da subvención solicitada. Así mesmo, considera esencial a convocatoria canto antes da comisión para comezar a traballar no manual da metodoloxía e os criterios de priorización, iso hai que facelo canto antes.

Remata dicindo que eles van votar favorablemente á proposición do grupo popular.

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza esta segunda intervención dicindo que os concelleiros que interviron aínda non asumiron que non sabe se está ben ou mal, pero

que foi concedida a subvención, e como todo considera que é mellorable na vida, e así o dixo no pleno da súa aprobación que era mellorable.

Esta estratexia naceu no mes de xullo de 2015 para o goberno municipal, iniciáronse os traballos co goberno anterior, e o goberno de Compostela Aberta modificou os criterios para apostar por unha cidade accesible, inclusiva e na que se valorase o territorio, había conceptos nos análises previos dunha cidade intelixente e outro tipo de criterios, que para este goberno non eran prioritarios, porque entendían que o prioritario eran as persoas, facer unha cidade máis accesible e máis inclusiva, co cal houbo un cambio de orientación moi importante.

A estratexia tiña cincocentos mil caracteres, e para poder presentala eran necesarios a metade, douscentos cincuenta mil, como os outros grupos coñecen antes do 31 de decembro, porque era necesario o informe de intervención, houbo distintos axustes, pero mantívose a esencia, o importante que era o carácter de facer unha Compostela para todos, cos criterios de accesibilidade, de inclusión social e de mellora do coñecemento do territorio, do patrimonio etnográfico, arqueolóxico da cidade.

Polo tanto tiña unha liña estratéxica fundamental definida polo goberno actual, evidentemente mellorable, con máis tempo tería sido mellor, con máis participación, e hai compromiso para seguir traballando en melloralas, e insiste, que seguen con ese compromiso.

Por iso di que na emenda que presentaron, o que din é, avaliación das prioridades debería pasar pola mesa de diálogo e participación dos grupos políticos, e iso é o que queren.

O primeiro que hai que facer é a elaboración dun manual de procedemento cos criterios de selección das operacións, documento que non se pode empezar a elaborar, ata despois da reunión que hai en Madrid, e a partir de aí, xa se saberá cales son os criterios, como anualizalos, e como se pode empezar a traballar.

O Sr. Duarte, comprométese na semana seguinte á reunión, a ter unha reunión con todos os grupos para informar, e a partir de aí, empezárase a traballar para priorizar.

Anuncia o voto favorable do seu grupo á proposición tal e como está, e recalca que para o grupo de goberno o importante, é que todo pase, por esa mesa de diálogo na que se priorice, por iso presentaron a emenda, porque teñen claro que o obxectivo de reclamar eses fondos á Xunta non o imos esquecer.

Di así mesmo, con respecto ao manifestado polo señor Hernández na súa intervención, de depende de quen sexan as competencias, e o señor Duarte, di que no camiño

primitivo hai un investimento de tres millóns de euros neste ano, en tramos de titularidade municipal de concellos como Arzúa, Melide, ou sexa que os últimos investimentos feitos eran en tramos de titularidade municipal.

E volve a insistir o señor Duarte, que o máis sorprendente de todo, é o recoñecemento dos tres grupos da oposición, e que estiveron gobernando ata fai algúns un ano e medio, e outros ata fai cinco anos, e si os tramos do camiño de Santiago que están no Concello de Santiago de Compostela son os peores, pero considera que non é deste último ano e medio, é un traballo que non se fixo en anos anteriores.

Polo tanto, está claro que o goberno de Compostela Aberta, vai apostar e traballar sobre eles, e ademais, van reclamar a financiación da Consellería que ten competencias na materia, porque o Camiño de Santiago non é un ben patrimonial do concello, é un ben patrimonial de todos/as os/as galegos/as e de toda a humanidade, e polo tanto, hai que buscar a implicación de todas as administracións.

Insiste no voto afirmativo do grupo de goberno, e recordan que nos fondos da estratexia EDUSI hai un millón de euros, e queren que o resto non saía dos fondos dos composteláns, queren que saian dos fondos de todos os galegos, porque entenden que o Camiño de Santiago é patrimonio da humanidade, e polo tanto, anuncia que van buscar a fórmula de financialo menos gravosa para os composteláns, porque están aquí para gobernar con eficiencia, intentando aforrar recursos dos composteláns.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

- 1.- Que á maior brevidade proceda á licitación e adxudicación do proxecto modificado das rúas Patio de Madres e Castrón d'Ouro para a súa execución dentro do financiamento do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020, de forma que se acometa de forma urxente e coa máxima axilidade posible esta obra.
- 2.- Que inicie un proceso de diálogo e participación co conxunto dos grupos municipais para concretar e definir as actuacións e proxectos a desenvolver dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano e Sostible (EDUSI) 2015-2025.
- 3.- Que, conforme ás prioridades que se establezan por acordo dos grupos políticos, se avance na aprobación e tramitación do todos os proxectos incluídos na proposta ao Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020 para non demorar máis que o mínimo imprescindible o seu inicio.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA Á POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE ACCIÓN DE SEGURIDADE PEONIL.

O texto da proposición do grupo municipal Socialista, presentada con data 10 de outubro de 2016, núm. 283, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“A mobilidade sostible e segura ten que formar parte das políticas estruturais da nosa cidade, agora máis que nunca precisamos un cambio no paradigma da mobilidade, abordar a mobilidade peonil é sen dúbida unha asignatura pendente en moitos dos nosos municipios.

Todas as persoas son peóns nalgún momento e os peóns son os integrantes do tránsito máis vulnerables, as lesións e mortes de peóns constitúen unha preocupación mundial, por iso debemos investir en educación vial e en analizar e estudar o deseño das nosas vías, xa que a maioría das colisións con peóns suceden cando éstos intentan cruzar a rúa ou carretera.

Entre as medidas que se poden adoptar para protexer aos peóns está a redución da velocidade en vías urbanas como se ten feito en Vite pero tamén incidir no estudo do deseño dos pasos de peóns, mellorando a súa visibilidade, a súa iluminación e eliminando os obstáculos que bloquean a liña de visión entre os peóns e os condutores de vehículos, motocicletas e ciclistas, incluídos os automóviles estacionados.

Por todas estas razóns é polo que o Grupo Municipal Socialista cree necesario impulsar un plan de acción de seguridade peonil que resolva os múltiples problemas que existen en gran parte dos pasos de peóns da cidade, citando como exemplos claros o da rúa da Muíña en San Lázaro, o da avenida Juan Carlos I, ou o da rúa Mestre Mateo, con moito tránsito de estudantes, exemplos claros nos que a visibilidade e iluminación é moi reducida, tal e como se pode observar nas imaxes seguintes.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación o seguinte

PROPOSICIÓN:

1. Que o goberno municipal impulse a elaboración dun Plan de Acción de Seguridade Peonil cun mapa no que se analicen os riscos para os viandantes xunto cun test de avaliación: dificultades de visibilidade, mala iluminación, deficiencias na accesibilidade ou falta de mantemento.
2. Que o goberno municipal consigne nos orzamentos de 2016 unha partida económica para executar as obras necesarias para solucionar os problemas que sexan detectados na redacción do mencionado Plan.”

O Sr. Alcalde, toma a palabra para anunciar que segundo a Xunta de Portavoces, os puntos 10 e 11 van ser debatidos conxuntamente, aínda que a súa votación será por separado.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, toma a palabra, e comeza dicindo que a mobilidade sostible e segura ten que formar parte das políticas estruturais da cidade, agora máis que nunca precisa dun cambio do paradigma da mobilidade, abordar a mobilidade peonil é sen dúbida unha materia pendente en moitos municipios, obviamente no de Santiago.

Todas as persoas son peóns nalgún momento e os peóns son os integrantes do tránsito máis vulnerables, as lesións e mortes de peóns constitúen unha preocupación mundial, por iso débese investir en educación vial e en analizar e estudar o deseño das vías, xa que a maioría das colisións e accidentes con peóns suceden cando estes intentan cruzar a rúa ou estradas.

Entre as medidas que se poden adoptar para protexer aos peóns está a redución da velocidade en vías urbanas como se ten feito en Vite, pero tamén incidir no estudo do deseño dos pasos de peóns, mellorando a súa visibilidade, a súa iluminación e eliminando os obstáculos que bloquean a liña de visión entre os peóns e os condutores de vehículos, motocicletas e ciclistas, incluídos os automóviles estacionados.

Por todas estas razóns é polo que o seu grupo, cre necesario impulsar un plan de acción de seguridade peonil que resolva os múltiples problemas que existen en gran parte dos pasos de peóns da cidade, citando como exemplos claros o da rúa da Muíña en San Lázaro, o da avenida Xoán Carlos I, ou o da rúa Mestre Mateo, con moito tránsito de estudantes, casos nos que se constata a visibilidade e iluminación é moi reducida.

Por todo o exposto é polo que presentan a seguinte proposición:

Que o goberno municipal impulse a elaboración dun Plan de Acción de Seguridade Peonil cun mapa no que se analicen os riscos para os viandantes xunto cun test de avaliación: dificultades de visibilidade, mala iluminación, deficiencias na accesibilidade ou falta de mantemento.

Que o goberno municipal consigne nos orzamentos de 2017 unha partida económica para executar as obras necesarias para solucionar os problemas que sexan detectados na redacción do mencionado Plan.

Continúa a dicir o señor Muíños que a parte destas rúas, se se analiza un pouquiño as distintas comisións de queixas e suxestións, pódese comprobar que día si e día tamén,

son catro, cinco ou seis queixas que veñen todos os mes relativas a estes temas de tráfico.

Con respecto á proposición do BNG está máis centrada nos centros de ensino da cidade.

Xa no seu día o grupo municipal Socialista solicitara algunhas medidas como a presenza dos efectivos da policía municipal nos distintos centros de ensino, tanto na entrada como na saída dos/as nenos/as, así como a media hora gratuíta nos distintos aparcadoiros de Xoán XXIII, Belvis xestionados por TUSSA co fin de facilitar a recollida dos/as nenos/as.

En Xoán XXIII facilitaríase a saída dos centros de López Ferreiro, San Jorge, en Belvís os centros de San Francisco, San Pelaio, Compañía de María, As Orfas, etc., farían uso deles.

No período de goberno do Partido Popular, o único que se fixo, foi por uns semáforos na saída do instituto Rosalía de Castro que a día de hoxe non se sabe para que están, e aproveitan para facer un chamamento para a súa retirada.

Houbo iniciativas por parte do colexio La Salle para que o sistema que se implantará da media hora gratuíta se levase a cabo como aparcadoiro da contorna de Bonaval, e o Concello puxo en marcha colecamiños, medida con custe económico, considera o seu grupo, que importante, e que tal e como se recoñeceu polos responsables do mesmo, non está a ter a acollida tanto por parte dos pais/nais, como polas ANPAS e demais comunidades educativas.

Todos/as son conscientes das distintas aglomeracións que se forman as entradas e saídas dos centros de ensino, sobre todo, os días de choiva onde os atascos son evidentes.

O paquete de medidas que propón o BNG, ao igual que as que propuxo no seu día o grupo Socialista, deberían estar reflectidas nun plan de mobilidade, tantas veces anunciado, e que todos/as están agardando que vexa a luz, sería básico polo en marcha, e sobre de todo, se tal e como dixo o grupo municipal de Compostela Aberta, quere modificar as liñas de transporte urbano.

Continúa a dicir o señor Gonzalo, que deste xeito tanto a seguridade peonil, como a seguridade viaria estaría incluída neste plan de mobilidade, e dunha vez por todas veríase como realmente se pode reducir o tránsito de vehículos pola cidade, que é o que todos/as queren.

Adianta o señor Muíños o voto favorable, loxicamente a súa proposición e tamén a do BNG.

Don Rubén Cela Díaz, inicia a súa intervención dicindo que certamente como acaba de adiantar o concelleiro do Partido Socialista cada ano, hai máis peóns que perden a vida ou sofren lesións graves e en moitos casos de carácter permanente na vía pública, e ese é un feito, que dende logo cre, que ninguén debería aceptar como un feito inevitable, porque en realidade son feitos en grande medida previsibles, e en grande medida evitables.

Dende ese punto de vista, o BNG entende que a eliminación e redución dos riscos aos que se deben enfrontar as persoas que se desprazan a pe, é un obxectivo importante, alcanzable e sobre de todo que non é aprazable no que deberían ser as axendas públicas.

Dispónse na actualidade de información sobre cales son os principais riscos para os peóns, que abarcan un abano moi amplo que van dende as velocidades as que circulan os vehículos polas rúas, a comportamentos inadecuados de determinados condutores, e a existencia de instalacións específicas para os peóns como son as beirarrúas, os pasos de peóns en interseccións complicadas, beirarrúas elevadas, falta de iluminación, etc., ademais o BNG xa en determinados plenos requiriu que se tomaran iniciativas para dotarse de melloras na seguridade viaria no relativo á creación de novos pasos peonís, a súa iluminación, pintado correcto en zonas como a Avda. de Lugo fronte ao pavillón do Sar, e un longo etc., e con carácter histórico tense reiterado aquí en moitísimas ocasións a necesidade dunha revisión máis profunda e máis estrutural nalgúns dos grandes puntos negros que ten o termo municipal, como é o ámbito do Eixo ou a recta da Sionlla.

Dende fai uns anos prevaleceu con carácter xeral e déuselle con carácter universal moita máis importancia ao tráfico rodado que o tráfico peonil, e dende o punto de vista do BNG é o momento de cambiar esa tendencia para atender as necesidades das/os transeúntes e priorizar a seguridade peonil.

Por eses motivos o BNG aposta por outro modelo, un cambio, pois que debe comezar por facilitar a mobilidade da veciñanza de xeito natural e con seguridade, e anuncia, que van apoiar a proposta do grupo Socialista.

Segue a dicir, que en liña co que comentaba D. Gonzalo Muíños, a proposición que se realiza polo grupo municipal do BNG, é moito máis sectorial, ou moito máis concreta, para o BNG sempre foi unha preocupación grande a seguridade viaria, pero dentro da mesma, consideran especialmente relevante a seguridade viaria na contorna dos centros educativos.

En Santiago se contabilizan escolas infantís tanto públicas como privadas, colexios tanto públicos concertados como privados, institutos públicos e outro tipo de centros de

educación de réxime especial, de música, etc., estase a falar entorno a 90-100 centros educativos. Polo tanto hai moitos puntos de especial conflictividade, e de especial relevancia dende o punto de vista do BNG.

Ao BNG parécelle que é moi importante na medida do posible garantir a maior e mellor seguridade viaria neses entornos.

Segue a dicir D. Rubén que teñen traído a este pleno casos concretos, no seu día falouse bastante do centro de Roxos, dos problemas que tiña o autobús escolar para virar, tense falado aquí tamén do problema que ia supor a nova instalación no ámbito do colexio Santiago Apóstol, e o que ía dificultar tamén o xiro dos buses e a baixada dos/as nenos/as que con anterioridade se facía dun xeito máis seguro, sobre todo nos horarios de entrada e saída nos centros, tense falado aquí e tense traído incluso con representantes deses colectivos da reivindicación das ANPAS a nivel dos colexios de Fontiñas, e do problema que supuña que nenos e nenas se tiveran que desprazar pola beirarrúa para acceder ao comedor escolar e o perigo que iso supoñía de que algún deses nenos/as fora para a calzada, calzada na que por desgraza xa ten habido sinistros, entre outras, porque é evidente que non se cumpren os límites de velocidade, e porque hai problemas de visibilidade e tamén falta de pasos peonís.

O BNG o que non quere é traer toda unha secuencia de deficiencias concretas, senón que o que queren é instar ao grupo de goberno a que se elabore un plan de actuación concreto para o conxunto dos centros educativos do Concello, e que se esa actuación se poida contemplar xa nos orzamentos de 2017, en concreto cren importante unha revisión en xeral da sinalización tanto horizontal como vertical, o pintado correcto e incluso a elevación dos pasos de peóns nos entornos dos centros educativos, limitando así e provocando a redución obrigada da velocidade dos vehículos, cren tamén, que en moitos casos é conveniente a revisión do pintado amarelo, tanto na entrada dos colexios como nos espazos reservados para os buses escolares, tamén é importante, na medida do posible, aínda que saben que é complicado, a habilitación de aparcadoiros nas inmediacións de determinados centros escolares, na práctica do que aquí se denominan “colecamiños” ou noutras cidades como en Pontevedra “os camiños escolares seguros”, un dos elementos importantes son zonas de aparcamento a unha distancia relativamente curta, pero non na entrada dos colexios, onde os pais e nais poidan deixar os/as nenos/as e saber que hai unha distancia razoable e segura dende ese aparcadoiro ata o centro escolar.

Considera o BNG importante a revisión da rede semafórica, máis alá do analizado por D. Gonzalo en relación ao do IES Rosalía de Castro, habería que analizar se no entorno doutros centros escolares facilitaría ou non nalgúns casos, regulación semafórica ou doutro tipo. Tamén cren que é moi importante, o acondicionamento das beirarrúas,

sobre de todo, algunhas das últimas actuacións feitas polo concello e que considera don Rubén moi acertas, nalgún centro coa colocación de varandas de protección.

Para rematar di don Rubén, isto para o BNG é moi importante por un triplo motivo, en primeiro lugar o fundamental, garantir a seguridade dos/as nenos/as.

En segundo lugar e tamén para eles moi importante para garantir que experiencias como as do “colecamiños” poidan ser un éxito, hai que facer un traballo previo, de reducir o mínimo esas dificultades e eses perigos e polo tanto, iso facilitaría o aumento da autonomía dos/as nenos/as e uns hábitos de vida moito máis saudables.

En terceiro lugar, porque é evidente que nas horas punta, hai moitos centros da cidade que provocan auténticos colapsos na circulación e incluso a invasión total e absoluta, das beirarrúas. Hai beirarrúas polas que non se pode pasar cun carriño de bebe, coa compra, ou unha persoa con mobilidade reducida, e incluso é un perigo para nenos e nenas, que saen disparados en canto sona o timbre.

Por iso triplo motivo consideran, cren que sería de interese poder desenvolver esa planificación, e que nos vindeiros orzamentos do ano 2017, pois se puidera incluír unha partida a tal efecto.

Don Claudio Montiel Carracedo, comeza dicindo que nunha cidade como Santiago hai que ser conscientes de que a inseguridade vial pode constituír un risco para a integridade física das persoas, especialmente os peóns, bastante maior que a que xera a propia inseguridade cidadá convencionalmente entendida nunha cidade como Santiago.

Polo que calquera iniciativa dirixida a reducir o risco, sexa apoiada sen dúbidas polo Partido Popular.

No que respecta ás puntualizacións ás que se refire a iniciativa do PSOE tamén recibiron no grupo Popular avisos de veciños, sobre a necesidade de estudar unha mellor ubicación de pasos de peóns, como o existente na zona do Castiñeiriño, á altura da urbanización de Combarro, e cónstalles que non é o único caso no que caiba valorar unha mellora non só de visibilidade e iluminación senón tamén da ubicación.

Apoia o grupo Popular tanto a proposición do grupo Socialista como a do BNG, e considera o señor Claudio innecesario repetir todas e cada unha das puntualizacións.

Chámalle a atención no que parece que a seguridade peonil estase limitando única e exclusivamente a un feito circulatorio, a un feito de cruce de avenidas, ou de vías de circulación, cando el entende tamén que seguridade peonil debería incluír que a xente poida circular polas beirarrúas de Santiago, sen caerse, que a seguridade peonil vaia por

diante de que os condutores dos vehículos teñan que facer manobras para evitar as fochancas nas calzadas, e por iso, bota o seu grupo de menos a presenza destes puntos nas devanditas proposicións.

Continúa a dicir o señor Montiel, que se supón que están aquí para executar realidade e non para falar eternamente de desexos.

Celebra que o grupo Socialista asuma e se sume á preocupación pola seguridade nos pasos de peóns e pida un plan de acción, pero quere que lle permitan facer unha pregunta, se o plan de acción elaborado polos técnicos municipais recomenda instalar ou activar un semáforo nas inmediacións dun centro escolar, vai reiniciar o grupo Socialista campañas contra a instalación semafórica?, advirte que a xente non entendería que se gasten os cartos para logo ver semáforos apagados.

No que se refire á iniciativa do Bloque, apoian que se continúe un traballo desenvolvido no pasado mandato do grupo Popular, xa que nos últimos meses dese mandato dende o departamento de policía co apoio do departamento de urbanismo, melloráronse as condicións de seguridade do colexio Pío XII, dito colexio foi pioneiro no programa de “colecamiños”, proxecto pensado, entre outros motivos, para reducir a presión dos vehículos as portas dos colexios.

Así mesmo, tamén no remate do mandato do Partido Popular, deixouse ultimado un estudo sobre o tráfico que xera o redor dos centros escolares, e sobre as posibilidades de mellora de dita seguridade vial.

Remata dando o apoio as dúas proposicións presentadas por parte do seu grupo.

Don Xan Duro Fernández, di que hai que partir dun punto no que deben estar todas e todos de acordo, que é que Compostela non ten capacidade de asumir todo o tráfico rodado que soporta e moito menos, nas horas punta, como son as horas de entrada e saída aos colexios.

Continúa a dicir o concelleiro, que nese contexto a seguridade dos peóns debe ser o factor fundamental na xestión desta realidade de tráfico, e así o están a enfocar dende que Compostela Aberta chegou ao goberno, e con máis ferramentas dende que está vixente o actual contrato de sinalética horizontal e vertical.

Houbo repintando de elementos que estaban moi desgastados e definición de novos pasos de peóns, pon como exemplo, as actuacións realizadas na contorna do Xelmirez II, no que atendendo a un plan de ordenación elaborado polos propios/as alumnos/as nunha actividade realizada, e reorganizouse tanto sinalética, velocidades e accesos a ese centro.

Outro elemento salientable, son as actuacións levadas a cabo na Avda. Castelao, no que se eliminou un dos carrís de subida, creáronse isletas de incorporación e reforzouse a sinalización, e non foron elevados os pasos de peóns, porque nunha costa dese tamaño as propias instrucións do Ministerio de Fomento indican que non é acaído poñer pasos de peóns elevados pola pendente e polo tráfico de camións, de tráfico pesado.

Tamén o grupo de goberno ten previsto actuar na rúa Rosalía de Castro á altura da Choupana, movendo semáforos e reubicando os pasos de ceбра, porque tal como comentaron os/as veciños/as e teñen razón, onde estaban actualmente colocados creaban unha certa inseguridade por falta de visibilidade.

E, continúa a dicir, que con máis razón o acceso aos colexios son a preocupación fundamental, pero non, dende o punto de vista de facilitar o acceso do vehículo a porta do colexio, que é o que en xeral se demanda por parte de pais e nais da cidade, senón para garantir un acceso seguro con calquera tipo de medio de transporte, incluído ir camiñando e de aí ven a posta en marcha de “colecamiños”, que non vai discutir aquí a paternidade ou a maternidade dese proxecto, pero é un proxecto encamiñado definitivamente dende o actual goberno nos colexios Pío XII e Raíña Fabiola e que este ano se vai ampliar, polos menos, a dous centros máis e probablemente a tres.

Tamén se intermediou por parte do grupo de goberno na busca de medidas na contorna do colexio La Salle, para evitar esa aglomeración e ese atasco permanente que tiñan cada día, na escola infantil de San Roque con repintado e procurando un acordo co aparcadoiro para que lles facilite un acceso gratuíto durante un tempo suficiente para deixar as crianzas na escola.

Segue dicindo, que na mesma liña entrará en funcionamento proximamente a modificación da circulación en Trás de Santa Clara, que solucione dous problemas, facilitar un acceso bo e seguro para as crianzas que van á escola infantil alí ubicada, e a demais dota dunha zona de aparcamentos a residentes desa zona, que compense a eliminación das de Escultor Asorey, que foron eliminadas fai pouco tempo, porque impedían o acceso dos servizos de emerxencia.

Entende, o señor Duro, que se está a levar un bo camiño, seguírase a traballar niso, e agradece a incesante labor da policía local que recolle nos seus partes calquera mínima incidencia que detecta na cidade e que se procura arranxar o máis rápido posible, e o resto do persoal de tráfico que fan unha gran labor nese sentido.

Anuncia, que de todas maneiras, en apoiar este plan de acción, porque realmente é algo que están a desenvolver.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, intervén para agradecer aos grupos o voto favorable.

E quérelle dicir ao señor Claudio Montiel, que o grupo Popular tivo tempo de abondo para poñer a funcionar ese semáforo se consideraba que era necesario que o tivera feito, pero tamén saben que hai informes de que nunca aí houbo ningún atropelo, ningún percance.

Don Rubén Cela Díaz, só quere aclarar unha cuestión. Considera que este é un dos ámbitos que paga a pena abordar dun xeito conxunto, toda a corporación, que todos/as, está convencido, coinciden co obxectivo estratéxico de intentar reducir a cero os sinistros na cidade, cre que hai experiencias sen saír de Galicia moi interesantes na evolución da redución dese tipo de sinistros, e dende logo, cre que non hai que dar os sinistros como algo inevitable, e a partir de aí, considera o Sr. Cela que hai que priorizar e empezar por aqueles ámbitos onde se ten detectado algún problema, como se fixo recentemente na Avda. Castelao, ou como se comenta agora nalgún outro tipo de ámbitos. Pasos peonís que non están con suficiente luz, elementos non debidamente sinalizados tanto horizontal como verticalmente, etc., e dentro desas prioridades segue a incidir o señor Rubén, en que debe ser prioritario un entorno seguro nos ámbitos dos centros educativos, sobre de todo nos centros escolares dos máis pequenos e pequenas.

Comentaba, o señor Claudio Montiel, que non se facía referencia a problemas de seguridade peonil pola propia beirarrúa, iso é certo, de feito todos e todas deben ser conscientes de que hai multitude de persoas que teñen sufrido algún tipo de lesión, accidente ou percance, por losetas mal colocadas, fochancas, etc.

Segue a dicir, que o BNG centrábase neste caso, sobre todo no problema do tráfico rodado con respecto a colisións a peóns.

Considera o señor Cela que se fala do outro, habería moitas cousas das que falar, hai outros elementos como as propias terrazas e a súa colocación que daría moito que falar, pero en calquera caso, o grupo municipal do BNG o que si cre, para que experiencias que consideran moi positivas e con moito potencial como pode ser a dos “colecamiños”, para que ese tipo de experiencias funcionen a medio e longo prazo, teñen que existir cambios de tipo estrutural nos entornos inmediatos dos centros, ademais, de que iso ten que ir acompañado dun traballo de sensibilización social, de pais e nais, da comunidade educativa, e tamén de formación do persoal municipal como cre que se está a facer e vai nunha dirección correcta, e cre, que ese tipo de traballo nunca da resultados no curto prazo, pero si que no medio da resultados e son moi positivos e ese tipo de cousas paga a pena apoialas conxuntamente.

Don Claudio Montiel Carracedo, fai referencia ao semáforo do IES Rosalía de Castro, do que falou o Sr. Gonzalo, di que a el lle chamou a atención que estivera sen funcionar,

e el preguntou porque estaba así, e a contestación que se lle deu no seu momento, e que houbera unha campaña por parte do Partido Socialista para que isto non fora posto en marcha, independentemente de que despois houbo unha serie de tempos.

Hai unha cousa que quere comentar, porque se lle esqueceu de facelo antes, é que como membro do Consello Escolar do colexio Celso Emilio Ferreiro, xa o ano pasado lle foi solicitado por parte da dirección do consello escolar, que pedira á corporación e ao goberno municipal que se procurara facilitar a asistencia e presenza de policía municipal á hora de entrada e saída no colexio para facilitar a circulación dos automóviles, e despois de ver a cantidade de horas extras que se están a facturar á policía municipal por conceptos de traballo fora de horas, entende que é complicado, pero de todos xeitos considera que debería facilitarse algún tipo de rotación para que todos os colexios puideran dispor, aínda que só fora como medida de ir acostumando aos pais que levan os coches a ver que hai unha presenza policial e iso non cabe dúbida que coas rotacións suficientes puidera dar incluso a sensación de que hai algún tipo de vixilancia, etc.

Dille, ao señor Xan Duro, que como ciclista que é, que a elevación dos pasos de peóns non deixa de ser un risco para outra parte importante da xente que circula pola cidade, e moitas veces non causan efecto para que os coches corran menos, pensa, que igual habería que iluminalos como se fai noutras cidades, que serve de advertencia dun centro de cruce, e non poñer máis obstáculos na calzada.

Don Xan Duro Fernández, soamente quere dicir dúas cousas, con respecto á presenza da policía local sen dúbida era o desexable, pero como ben saben todos e todas, hai 47 efectivos menos que fai nove ou dez anos, e iso, evidentemente constátase nos momentos de actividade intensa nos colexios, pero non se da abasto. Inténtase facelo de maneira rotatoria, pero hai determinados puntos que esixen continuamente como Virxe da Cerca, é inevitable ter alí unha patrulla sempre.

E con respecto dos pasos elevados, efectivamente como ciclista non é moi partidario deles, pero bastante menos das bandas transversais que fan moito máis dano as bicicletas.

Cos elementos de tráfico hai que xogar en función das circunstancias de cada rúa, e por exemplo en rúas como a Avda. Castelao que a elevación non é moi acaída, si que existen elementos, como poden ser os coñecidos como coxíns berlineses, que facilitan o paso de camións que xa de por si van amodo, porque caben dentro do seu longo de eixe, pero obriga a automóbil a frear para pasar por encima, hai encargados algúns vanse instalar na Avda. Castelao para comprobar como funcionan, e pode ser unha opción máis para xogar cos pasos de peóns elevados, iluminación, etc., adaptándose á realidade de cada vía.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Impulsar a elaboración dun Plan de Acción de Seguridade Peonil cun mapa no que se analicen os riscos para os viandantes xunto cun test de avaliación: dificultades de visibilidade, mala iluminación, deficiencias na accesibilidade ou falta de mantemento.
2. Consignar nos orzamentos de 2016 unha partida económica para executar as obras necesarias para solucionar os problemas que sexan detectados na redacción do mencionado Plan.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA INCREMENTAR A SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DOS CENTROS DE ENSINO.

O texto da proposición do grupo municipal do BNG, presentada o día 10 de outubro do corrente ano, núm. 285, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa a adopción de medidas para incrementar a seguridade viaria na contorna dos centros de ensino de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela conta cunha rede de centros de ensino conformada por 7 escolas infantís públicas, 3 escolas infantís de iniciativa social, 15 escolas infantís privadas, 3 escolas rurais públicas, 13 centros de educación infantil e primaria públicos (CEIP), 4 centros de educación especial, 12 institutos públicos de ensino secundario, 2 centros de ensino de réxime especial, 10 centros de música e danza, 13 colexios privados-concertados e 8 colexios privados.

Á hora de entrada e saída do alumnado provócanse aglomeracións de tráfico ás portas de todos estes centros de ensino que non favorecen unha contorna segura e causan molestias á veciñanza e ás persoas que transitan nesas zonas.

Neste sentido, ademais da creación de “Colecamiños”, que se están a poñer en funcionamento a imitación dos realizados noutros concellos e vilas galegas, urxe a adopción de medidas para incrementar a seguridade viaria nas inmediacións dos centros de ensino. En concreto, hai actuacións sinxelas como a revisión da sinalización horizontal e vertical; o repintado e elevación de pasos de peóns para provocar a redución da velocidade dos coches; o pintado de liñas amarelas, de zonas que delimitan

o estacionamento de autobuses e as portas de acceso aos centros; a restrición do tráfico de vehículos nas rúas de acceso ao colexio ás horas de entrada e saída; a habilitación de zonas de aparcadoiro nas proximidades; a regulación acaída do tráfico que inclúa o control da rede semafórica; ou mesmo a sanción das infraccións dos vehículos estacionados en beirarrúas e zonas amarelas.

Cómpre tamén adecuar as infraestruturas das proximidades dos colexios para priorizar os desprazamentos a pé, o acondicionamento das beirarrúas, novos pasos de peóns e instalación de varandas de protección, marquesiñas de autobuses, así como a habilitación de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

Así, é necesaria unha campaña escolar, con implicación da comunidade educativa e da veciñanza, para garantir o bo funcionamento destas medidas que procuran seguridade, a redución do uso de vehículos e o aumento da independencia de rapaces e rapazas, mentres se implementan os camiños escolares seguros.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela incluírá nos Orzamentos de 2017 a elaboración e posta en funcionamento do paquete de medidas detallado na exposición de motivos destinado a incrementar a seguridade viaria na contorna dos centros de ensino.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda incluír nos Orzamentos de 2017 a elaboración e posta en funcionamento do paquete de medidas detallado na exposición de motivos destinado a incrementar a seguridade viaria na contorna dos centros de ensino.

12. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A RECUPERACIÓN DE DÚAS ESCULTURAS DO PÓRTICO DA GLORIA PARA PATRIMONIO PÚBLICO.

Este punto foi retirado, a petición do portavoz do grupo municipal do BNG, para profundizar no seu estudo.

13. DAR CONTA DO INFORME DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO DE 2016.

Dáse conta do informe de intervención núm. 426/2016, de data 29 de xullo do corrente ano de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2016.

14. DAR CONTA DOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL AO EXERCICIO DE 2015, REMITIDOS AO TRIBUNAL DE CONTAS.

Dáse conta do informe de reparos efectuados ao exercicio de 2015, pola intervención municipal e remitidos ao Tribunal de Contas, con data 2 de maio do corrente ano.

15. DAR CONTA DE INFORME FAVORABLE DO SECRETARIO XERAL DO PLENO, SOBRE BONIFICACIÓN DO 95% ICIO NA CONSTRUCCIÓN DUNHA GARDERÍA NO CASTIÑEIRIÑO.

Dáse conta do informe favorable do Secretario Xeral do Pleno de data 20 de setembro de 2016, sobre á bonificación do 95% do ICIO na construción dunha gardería no Castiñeiriño, que supón a elevación a definitivo do dito acordo plenario de data 15 de setembro de 2016.

16. DAR CONTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E REUTILIZACIÓN DE DATOS.

Dáse conta de elevación á aprobación definitiva da ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2016.

O texto íntegro da ordenanza deberá ser publicado no BOP, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, e así mesmo, remitir copia da mesma á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

17. DAR CONTA DA ELEVACIÓN A DEFINITIVO DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 99 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO.

Dáse conta da elevación á aprobación definitiva da modificación do artigo 99 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, aprobado inicialmente o 5 de outubro de 2015, publicado o texto definitivo no BOP do día 12 de setembro de 2016, e remitido a Subdelegación do Goberno e á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data 21 de setembro do corrente ano.

18. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 5 de agosto ao 28 de setembro de 2016 (números. 5011 ao 6084).

Así mesmo, tamén se dá conta das actas da Xunta de Goberno, correspondentes ás seguintes sesións:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 30 de agosto de 2016 (Número. 59).

Acta sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2016 (Número. 60).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 8 de setembro de 2016 (Número. 61).

Acta sesión ordinaria do día 9 de setembro de 2016 (Número. 62).

Acta sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2016 (Número. 63).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 20 de setembro de 2016 (Número. 64).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 21 de setembro de 2016 (Número. 65).

Acta sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2016 (Número. 66).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 23 de setembro de 2016 (Número. 67).

Acta sesión ordinaria do día 30 de setembro 2016 (Número. 68).

19. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO.

O grupo municipal do Partido Popular, presenta solicitude de comparecencia da concelleira de igualdade, desenvolvemento económico e turismo, que tivo entrada no Rexistro de Secretaría o día 14 de outubro de 2016, co número. 299.

Sometido o devandito asunto á votación, é aceptada polo Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as, dita comparecencia para o vindeiro pleno ordinario.

20. COMPARECENCIA, A PETICIÓN PROPIA, DO CONCELLEIRO DON JORGE DUARTE VÁZQUEZ.

O Sr. Alcalde, di que este punto de comparecencia a petición propia do concelleiro don Jorge Duarte Vázquez, é para informar sobre a tramitación de expedientes de disciplina urbanística, en principio o reparto de tempos sería de dez minutos para o comparecente, cinco para o resto dos grupos da corporación, e o que se acordou en xunta de portavoces é ser flexibles nos tempos, especialmente nos que lles corresponden aos grupos da oposición.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que a súa petición de comparecencia é para intentar aclarar moitas das cousas que moita xente ten lido na prensa a partir do día 20 de setembro, e quere intentar aportar luz e claridade sobre de todo no que ten que ver coa

tramitación dos expedientes de disciplina e esa acusación de se hai ou non hai trato de favor.

Quere empezar polo principio e di que o día 5 de agosto recíbese na policía e o 8 de setembro na secretaría do concello, dous escritos de Fiscalía nos cales se piden as actas de inspección de catro locais.

A denuncia foi presentada en Fiscalía o 5 de xullo, fálase da desigualdade de trato entre catro locais.

Os catro locais tiñan un informe xurídico cunha cualificación de infracción como moi grave.

Di o señor Duarte que lle gustaría empezar por ler o artigo 52 da Lei 9/201,3 que é a que afecta a lei de emprendemento de Galicia, ás cualificacións, di o artigo 52: “que serán infraccións moi graves aquelas que supoñan abrir un establecemento ou levar a cabo actividades, ou realizar modificacións sen efectuar a modificación previa ou sen ter as licenzas, sempre que, supoña un risco grave para as persoas ou os bens.

No punto 3 do mesmo artigo, “incumprir as medidas que haxa ..., sempre e cando iso supoña un grave risco para a seguridade das persoas ou bens”.

Naquel momento había catro expedientes coa cualificación de infracción moi grave. Relata que entre eles esta o expediente dunha discoteca na cal se fai unha inspección o 19/02/16 ás 5:15 horas da madrugada, tiña un aforo máximo permitido para 250 persoas, naquela inspección feita pola policía local e a policía nacional compróbase que hai dentro 1.040 persoas, e o máis grave é que na comprobación, así figura no parte da policía local, compróbase que unha das saídas de emerxencia está pechada, polo tanto, hai un menoscabo das condicións de seguridade e hai risco grave para as persoas.

Apróbase en Xunta de Goberno o peche cautelar da mencionada discoteca, e tamén o que propoñen os técnicos, unha sanción de trescentos mil euros, e un peche de dous anos.

Na actualidade, e despois dos recursos, péchase o expediente con cen mil euros de sanción e catro meses de peche.

Levantouse o peche cautelar e volveu abrir e non se sobrepasaron os catro meses.

Con respecto a outro local, o 19/02/16, o mesmo día, as 4:30 horas da madrugada, faise unha inspección da policía local, e tendo un aforo máximo autorizado de 147 persoas, existen no interior do local, 280 persoas, e ademais, a unha porta de emerxencia esta

obstaculizado o seu acceso con tres taburetes e cunha acumulación de caixas que segundo o parte da policía local, impiden a utilización da porta de emerxencia, hai polo tanto motivos, así está no parte, no que se di que menoscaba a seguridade das persoas.

A proposta de sanción é de 150.000 euros, e peche de 12 meses.

Na Xunta de Goberno declárase o peche cautelar.

Outros dous expedientes teñen a cualificación de moi grave, e así chegan a mesa do concelleiro.

Un deles, é para un local na rúa Entremuros, no cal se di, que o 29/01/16 ás 3:50 horas da madrugada, faise unha inspección, e dentro hai entre 90-95 persoas, cando a licenza fixa un aforo de 46, a proposta de sanción é de 100.000 euros e 8 meses, e non se xustifica a gravidade para pasar a ser moi grave, porque non se xustifica en que momento se pón en risco a vida das persoas, polo tanto, non queda claro que poida ser unha falta moi grave e non grave.

Simultaneamente con este mesmo local hai outro expediente de ocupación, por exceso de ocupación, previo, e hai informe do 24 de febreiro, visado polo Colexio de Arquitectos, no cal se fala de que a ocupación do local é de 98 persoas.

Polo tanto, enténdese que existindo ese informe dicindo que poden estar no mesmo ata 98 persoas cumprindo as condicións de seguridade, non tería, polo tanto, a cualificación de moi grave, senon que podería existir unha infracción por non estar adaptado a licenza, pero as 90-95 persoas que di a policía local, non se están menoscabando as condicións de seguridade.

Cando se lle presenta ao concelleiro deste documento, el di que é necesario que se xustifique a cualificación de moi grave, igual que se fixeron nos outros dous casos anteriores.

Volvéselle a presentar o expediente ao concelleiro, no cal se rebaixa a cualificación a falta grave, e con sanción de cen mil euros, e sen peche, dise que é falta grave, porque a evacuación só pode ser de cincuenta persoas porque as portas abren cara dentro, cando as portas abren cara dentro a evacuación máxima son cincuenta, e para que poida superarse ese aforo terían que abrir cara o exterior.

Na memoria e nun informe feito polo Consorcio que foi o que fixo a última obra de reforma deste local no ano 2004, dise que as portas abren cara fora, e polo tanto, o concelleiro mostra a súa disconformidade verbalmente coa sanción de grave é de cen

mil euros, porque digo que as portas abren cara fora, e que non debería ser nin grave, e que non estima proporcionada a sanción de dez mil euros.

O 28 de xullo, e despois de consultar coa asesoría xurídica, acéptase esta cualificación, e dise que no momento en que se incoa un expediente non é necesario especificar a contía da sanción, entón, sendo unha falta grave, se pide que non se poña a contía.

Por último o día 1 de agosto seguinte a policía fai un informe, informe que esta aquí, no que a policía local confirma e le textualmente: “os axentes poden comprobar que ambas as dúas portas de acceso ao citado local, abren cara fora”, polo tanto, debería de cumprir as condicións.

O concelleiro asinou o día 21 de xullo esta infracción, e a día de hoxe non sabe se a infracción será grave ou moi grave ou leve, en función dos recursos que se presenten, pero cre que evitar o peche dun local que supón o sustento dunha familia, duns traballadores debe ter todas as garantías, e que se a lei di que hai que xustificar a gravidade das infraccións para pasar de grave a moi grave.

Continúa a dicir o oseñor Duarte, que hai outro local na mesma rúa, no que se fai unha inspección o 19/01/2016, ás 3.55 da madrugada, no local a policía dende o exterior observa que no interior hai sobre 80-90 persoas, e que o máximo que ten autorizado o local é 40 persoas.

A incoación de expediente que se pón sobre a mesa do concelleiro, impón unha sanción de cen mil euros e oito meses de peche.

O concelleiro volve a falar coa técnica e dille que el entende que para que unha falta sexa moi grave tal e como establece o artigo 52, haberá que falar de cal é a motivación, para dicir que pon en risco a vida das persoas.

Ademais o artigo 59 da Lei 9/2013, cando fala da graduación, di que as sancións deberán gardar proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción, e graduarse atendendo aos seguintes criterios: a transcendencia social da infracción, a negligencia ou intencionalidade de quen realiza a infracción.

Polo tanto o concelleiro devolve esta sanción porque di que haberá que xustificar se é grave ou moi grave, e na incoación do expediente presentado isto non aparece xustificado.

Volvéselle a presentar ao concelleiro a sanción o 18/03/2016 exactamente igual sen xustificar a sanción pola súa gravidade, e polo tanto, devolve o expediente, e o 21 de xullo antes de marchar de vacacións pide o concelleiro que se lle envíe para asinar antes

de marchar de vacacións, o que é asinado o día 1 de agosto, e asínase unha sanción de peche cautelar en vinte e catro horas e unha sanción na que non consta tempo, nin contía, somentes peche cautelar.

O peche cautelar produciuse o 18 de agosto e tardou en reabrirse 50 días, nos cales unha persoa non puido manter o seu medio de vida, e dúas persoas estiveron no paro.

En setembro remitíronse estes catro expedientes solicitados pola Fiscalía dos catro locais.

A Fiscalía dentro destas investigacións previas chamou a declarar o 16 de setembro á responsable do departamento de licenzas e ao responsable do departamento da policía, en plena campaña electoral.

Esta información saía filtrada o día 20 de setembro nos medios de comunicación.

A xefa de licenzas di que hai máis expedientes nos que hai diferenzas entre o concelleiro e o departamento, e que hai máis expedientes sen asinar.

Hai dous expedientes sen asinar porque están pendentes de resolución xudicial, e tal e como se fai por costume, cando hai un expediente no que se impón unha sanción e hai un recurso que está por vía xudicial, queda o expediente paralizado mentres non se resolva a vía xudicial.

Por outro lado, hai outros dous expedientes, nos cales se lle solicita ao concelleiro que se declare a caducidade da licenza, e se lles di que antes de declarar a caducidade, un deles en concreto, dunha pensión que estaría afectada pola moratoria, que está funcionando como pensión, tramitando a actividade, e que ten a alta en turismo, pero que non ten licenza de actividade, polo tanto, se se declarara a caducidade nunca máis podería abrir como pensión, polo tanto se di, que sería bo esperar á moratoria e se se pode facer algunha transitoria, ou se sanciona xa.

Di o señor Duarte, que volve a falar dunha caducidade que suporía pechar e acabar co medio de vida dunha familia.

Así mesmo, hai doce expedientes de terrazas, unha carpeta na que pón pendentes de revisar contías, que lles amosa aos/as concelleiros/as. Na cal se ían recollendo aqueles expedientes de terrazas nos que lle sorprendía ao concelleiro a contía.

As sancións de terrazas están entre 1000 e 3000 euros, o máis sorprendente para o concelleiro era que había excesos de ocupación, de 1500, 2000 euros, problemas de concertos, problemas que o concelleiro pensaba que eran máis problemáticos, con

sancións moito máis baixas, facer un galpón ilegal non ten esa contía económica, e de repente os expedientes de terrazas estaban con sancións entre 2000 e 2500 euros, para o concelleiro isto era algo incomprensible que non houbera unha proporcionalidade entre as sancións.

No mes de abril había unha empresa que estaba tramitando as sancións de terrazas, contratada polo goberno anterior no mes de abril de 2014, e que tiña unha prórroga porque podía ser revisada anualmente, polo tanto en abril de 2016 decídese non prorrogar por un motivo moi claro, porque para sorpresa do señor Duarte cando pide o contrato desta empresa, e ve que o prezo do contrato será o resultado de aplicar a porcentaxe do 25% sobre o importe dos cobros, o que segundo o concelleiro, xustificaba porque as sancións de multas que xestionaba esta empresa sempre estaban na contía máis alta, 2000-2500 euros.

Motivo para o señor Duarte, suficiente, e despois de falar cos técnicos e que lle dixeran que non aportaba, nin axilizaba a tramitación, que o traballo da empresa non aportaba ningún beneficio, e foi cando se decidiu non prorrogar o contrato.

E nesa carpeta están eses doce expedientes que foi acumulando para tomar esa decisión.

Esta carpeta, no mes de xullo, a xefa de licenzas, que quedan eses doce expedientes, e pidelle que llos volvan a pasar a sinatura, os expedientes pasanse a sinatura o día 2 de setembro, e un número deles, nos que o prazo de incoación é de seis meses, e algúns xa caducaran e entón da orde de que se declaren caducados os que pasou o prazo dos seis meses, e que se reinicie o procedemento sancionador, porque se pode facer con todas as garantías xurídicas.

Ábrese de novo o procedemento, e envíase unha comunicación aos técnicos dicíndolles que no caso de que puideran ter algún decreto que superase o prazo para resolver os citados expedientes sancionadores, solicítase que se declare a súa caducidade e a reiniciación inmediata do procedemento sancionador de conformidade coa Lei de procedemento administrativo.

Pidéselles por parte do concelleiro aos técnicos que no futuro se lle advirta persoalmente mesmo por escrito se o estiman oportuno, sobre a caducidade dos expedientes sancionadores, coa antelación imprescindible á data na que se vai producir, para evitar no posible que se volva a repetir esta situación.

Parécelle triste que como concelleiro non enterarse de que un expediente vai caducar, e non estar enterado con antelación. Envíase ese oficio aos técnicos e ademais se lles di que a contía das multas se regula no primeiro terzo ao igual que se fai no resto de

sancións de disciplina, que sempre que non hai agravantes nin reincidencias, as sancións sempre se fixa a contía económica no primeiro terzo.

Polo tanto, todas esas sancións de terrazas que quedaran pendentes, para resolver o contrato están asinadas, a día de hoxe todas asinadas e sen caducar ningún expediente.

O 28 de setembro, o concelleiro solicita en Fiscalía que se requiren calquera información, que o concelleiro ponse a súa disposición para dar todas as aclaracións necesarias, e o día 3 de outubro fai a petición de comparecencia no pleno para dar explicacións a toda a cidadanía, porque entende o concelleiro, que non ten absolutamente nada do que avergonzarse, nin que tivera ningún trato de favor con ninguén.

Considera o señor Duarte, que o único que fixo foi garantir, que para cando se fixera o peche dalgún local, quédase clara a gravidade, así o establece a lei de emprendemento, que para que sexa moi grave o peche cautelar ten que quedar claramente xustificado.

O Currunchos estivo cincuenta días pechado, sen estar claro se a infracción era grave ou moi grave, non sabe quen terá que pagar a responsabilidade no caso de demanda, pero entende o concelleiro que non se pode xogar co pan das persoas con esa falta de garantía xurídica.

En todo caso, e para rematar quere dicir unha última cousa, el quixera saber como funcionaba antes todo isto, e investiga e solicita información, e na documentación que se lle entrega dende maio de 2014 a maio de 2015, peticións de expedientes por parte da Alcaldía, 35 expedientes de terrazas sen tramitar ata o día de hoxe 17.

Aclara que pola súa parte non quedou nin un só expediente sen tramitar.

O Sr. Alcalde, dille ao señor Duarte que lle quedan só tres minutos para a réplica.

Don Rubén Cela Díaz, en primeiro lugar querelle dar as grazas ao señor Duarte polas explicacións que dende o punto de vista do BNG esas explicacións puideron ter sido antes en pleno ou en xunta de portavoces, pero en calquera caso, dende o grupo municipal do BNG congratúlanse de que formalmente o concelleiro dea unha explicación, de que o faga en pleno e, tamén, de que o faga a motu proprio.

Segue a dicir o señor Cela, que vai dicir algo que xa dixo aquí no pleno e en roldas de prensa en demasiadas ocasións, que é que para o Bloque Nacionalista Galego hai dous planos, dous ámbitos absolutamente diferenciados e que a xuízo do grupo nacionalista, teñen formas, prazos, alcances e consecuencias diferentes, un é o ámbito xudicial e outro o ámbito político.

O Bloque Nacionalista Galego como grupo político nunca creu e non creen e actúan en consecuencia na xudicialización da vida municipal, consideran que é un fraco favor, en calquera caso saben que hai veces que é absolutamente imprescindible, pero dende logo, consideran que como elemento xeral a experiencia o que demostra é que ese non é un moi bo camiño.

Aclara que unha vez que un tema esta xudicializado, como é este caso, a quen lle toca falar é a xustiza, e nese sentido o BNG demanda basicamente dúas cousas, por unha parte celeridade, e por outra parte claridade.

O concelleiro considera que non é boa a incerteza, e nunca é bo que nun concello a veciñanza poida ter dúbidas respecto ao trato igualitario do seu consello con todos/as os seus veciños e veciñas.

Con todo e aínda que é preciso diferenciar unha causa xudicial concreta con diferentes problemas cuasi estruturais da hostalería noturna en Compostela, dende o punto de vista do BNG é evidente que no transfondo de todo isto, hai un problema que non é estritamente xudicial, senón que en grande medida tamén é un problema político.

No BNG cren que o Concello, en particular, e que o conxunto das administracións públicas e axentes sociais en xeral, teñen que ser capaces de atopar un punto de equilibrio razoable entre diferentes dereitos ás veces contrapostos.

O dereito dos/as veciños/as a descansar.

O dereito dos/as veciños/as e xente que visita a cidade a disfrutar do seu tempo libre, e a facelo nunhas condicións de seguridade.

E o dereito dos/as hostaleiros/as a traballar, que é un dereito que leva parello a xeración de emprego e a creación de riqueza, máxime nunha cidade universitaria como Santiago, e cunha grande capacidade de captación de turistas.

Buscar un punto de equilibrio entre estes tres dereitos sempre é complexo, e máis aínda, se se lle engade, dous obxectivos políticos, que dende o punto de vista do BNG, pois deberán ser irrenunciabes para un concello como o Concello de Santiago de Compostela.

Por unha banda, gañar poboación e actividade económica na zona histórica, e por outra banda, ter unha oferta cultural e de ocio a altura dunha capital como Compostela, e dunha cidade patrimonio da humanidade, e remate do primeiro itinerario cultural de Europa.

Nese sentido, o BNG cre que as medidas punitivas nunca son suficientes, cren que o Concello pode e debe xogar un papel moito máis proactivo, tanto na actualización, na revisión normativa, como incluso dende a perspectiva das axudas.

O BNG propuxo en varias ocasións que dende Consorcio de Santiago se puidera habilitar unha liña de axudas específicas para illamentos acústicos para as vivendas das zonas máis saturadas da cidade histórica, están convencidos, de que un dos problemas que hai de convivencia e de ruídos, non está motivado nin fundamental nin exclusivamente por ter debaixo un local de copas, senón que hai un problema máis estrutural de ruído, que en grande medida podería ser evitado cun liña de subvencións acadas nese sentido.

Dende o BNG en concreto fixeron propostas dunha liña de subvencións, para axudar aos traspasos de locais con licenzas moi antigas, e que hoxe polas características da zona histórica, pois non cumpren a normativa se teñen que actualizar a súa licenza, pon como exemplo a accesibilidade, e teñen planteado propostas no pleno, a respecto da aportación de locais singulares como hai noutras cidades europeas, como pode ser o caso de Roma.

Cre o señor Cela, que a ninguén dos/as presentes lles gustaría que onde hoxe está o Derbi, pasado mañá estivera unha multinacional da confección, e el cre que non só son locais hostaleiros nin de hostalería nocturna, acábase de premiar varios comercios centenarios da cidade, e el considera que dentro deses comercios que forman parte da historia viva e sentimental da cidade, pois están algúns locais de hostalería aos que se está a referir.

Teñen claro que Santiago sería unha cidade diferente, e non necesariamente mellor, sen determinado tipo de establecementos e de actividades.

Dito isto, as normas nunha sociedade como esta, pois non son só desexables senón que son imprescindibles, e as normas hai que cumprilas, e teñen que ser aplicadas a todos e a todas por igual, pero as normas tamén teñen que ser claras, teñen que ser o menos arbitrarias posibles, e teñen que ser e ter un réxime sancionador proporcional entre a infracción cometida e a pena imposta.

Segue a dicir, que cando unha norma non é xusta ou non está debidamente adaptada á realidade, pois tamén é obriga dos gobernantes a súa revisión.

Dicía Montesquieu aquilo de que “as leis inútiles debilitan as necesarias”. Neste punto no que se atopan agora, e remata con isto a súa intervención, el cre que o primeiro que hai que facer en primeiro lugar, é escoitar a todos os sectores implicados, un dos

sectores implicados é o da hostalería, pero non é o único, hai que revisar a normativa no que poida ser mellorable, cando menos no que ten que ver co ámbito municipal, e cre o señor Cela, que hai aspectos da normativa de terrazas, dos aforos, ou da realización de concertos, onde podería haber amplos consensos a respecto de modificacións positivas para o conxunto da cidade, sen menoscabo, de que el cre que hai que instar á administración galega a resolver algúns dos problemas que seguen apodrecéndose nalgúns caixóns.

O Sr. Cela di que o señor Duarte facía referencia, a un cousa que non deixa de ser chamativa, o réxime sancionador que se está aplicando é o da lei de emprendemento, unha lei que supostamente, se creou para facilitar a apertura de establecementos, e que a finalidade non debería ser facilitar o peche dos mesmos.

En calquera caso, di o señor Cela, que o que está pendente dende fai anos, como dixo un anteproxecto que leva moito tempo nun caixón, é a lei de espectáculos de Galicia, que en moitos aspectos tería que regular algunhas das cousas das que se está a falar aquí.

Hai que dotar os servizos municipais dos medios técnicos e humanos suficiente, pero tamén hai que organizalos mellor, motivalos e implicalos e dende logo, cre que non hai que cargar neles todas as responsabilidades incluídas as que non teñen que ver con funcións exclusivamente técnicas.

E así meso, cre que hai que garantir un réxime sancionador proporcionado e un trato igualitario.

Entón o BNG cre que máis ala desta investigación que agora mesmo esta no ámbito xudicial, que compre revisar a situación actual e abrir unha vía de diálogo con todas as partes, para facer compatibles estas actividades económicas cunha norma clara e adaptada á realidade actual destes locais, con prazos e marxes suficientes para garantir a seguridade e o mantemento destes locais con vida e con vida a cidade histórica.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a súa intervención dicindo que o grupo municipal Socialista enterouse a través dos medios de comunicación de que a Fiscalía de Santiago tiña aberta unha investigación para esclarecer se o concelleiro de espazos cidadáns con competencias en urbanismo, cometou trato de favor con algúns locais de ocio nocturno da cidade, unha presunta actuación arbitraria, por parte do comparecente, non tanto por petición propia senón por esixencia da oposición e da propia opinión pública.

Dille ao señor Duarte, que tiña que ter rexistrada esta petición de comparecencia dende o mesmo día que transcende publicamente o asunto. Supón o señor Reyes, que na

segunda quenda explicará o señor Duarte o por qué desta demora en dar explicacións e transparentar a actuación no devandito asunto.

Sorprende, así mesmo, que o señor alcalde non tivera convocado unha xuntanza urxente de voceiros coa asistencia do señor Duarte, para explicar dende o primeiro momento o que estaba a suceder cos expedientes de peches dos locais de hostalería.

Continúa a dicir o señor Reyes, que igual non se tería chegado ata aquí, se o señor alcalde e o seu goberno estiveran máis centrados no día a día do concello, e na xestión ordinaria do mesmo, e preguntalle ao señor Duarte cantas xuntanzas convocou ou polo propio alcalde dende a toma de posesión, na que estiveran presentes o alcalde, o señor Duarte, o concelleiro de seguridade, o inspector xefe da policía local, o director da área de urbanismo e as xefas de servizo de licenzas e disciplina para abordar a problemática que hoxe ven aquí.

Insiste que lles gustaría saber cántas e cando se celebraron, da por feito que ambas axendas non son secretas.

Tamén lle gustaría ao grupo Socialista coñecer o número de veces que o señor Duarte e o alcalde se xuntaron cos responsables da asociación de hostalería antes da publicación nos medios de comunicación da investigación aberta pola Fiscalía.

Para o grupo Socialista está moi clara que a cuestión que trae aquí hoxe ao señor Duarte, a súa comparecencia, non pode transparentar problemas co persoal ou problemas de coordinación, hai un director desa área.

O grupo municipal Socialista, vaino dicir alto e claro, non presupón a culpabilidade do señor Duarte neste asunto, para eles a presunción de inocencia é un principio que profesan e no que cren mentres non se demostre o contrario.

Pola súa banda, publicáronse afirmacións tan serias e graves como as seguintes, le textualmente: “Que o señor Duarte se negou a asinar resolucións contra algún local proposto para sanción, incumprindo a lei pese a requirimentos de funcionario do departamento”, ou “que esta involucrado nunha práctica arbitraria e escura porque existen indicios de que retén determinados expedientes”, ou “que practica consciente deixamento de funcións”, ou “que hai varios expedientes a locais que o concelleiro de espazos cidadáns se nega a tramitar”, ou “que existe un claro desfase entre as denuncias tramitadas pola policía e as sancións impostas”, ou “que o concelleiro paralizou unha dúcia de sancións a terrazas”, etc.

Espera o grupo Socialista, que na segunda intervención do señor Duarte, dea resposta a estas afirmacións.

Pregunta o señor Reyes, de cuántos expedientes se está a falar, porque nun primeiro momento a investigación afectaba a catro, pero chegouse a falar dun centenar, pode confirmar o número de expedientes a investigar?

O balance da xestión dun ano de goberno que fixo o señor alcalde, resumíase nunha soa palabra, normalidade.

A gravidade deste asunto, a súa repercusión mediática, e a acta de comparencia no pleno que están a celebrar, dan fe de que non se conseguiu ese obxectivo.

Tristemente os/as traballadores municipais de Santiago volven aos xulgados e todo isto non conleva ao mínimo que se lle esixe a un bo goberno, a normal xestión dunha administración.

O grupo municipal Socialista nunca foi partidario da xudicialización da vida política municipal, e nunca a practicou.

Esta practica, lembra o señor Reyes, foi iniciada polo Partido Popular, Don Dositeo Rodríguez, no tema da Praza Roxa, e continuada polo señor Conde Roa, Don Ángel Espadas e Dona Paula Prado, en asuntos como UMAD, o Pavillón de Quiroga Palacios.

Esa práctica ten continuidade hoxe coa política de xudicialización aberta recentemente polo señor Alcalde, Don Martiño Noriega, como resposta a esta crise mal xestionada, o que pronostica que se continuará co procedemento herdado polo Partido Popular, e en consecuencia sen normalidade na xestión diaria.

O grupo Socialista confía en que o señor Duarte explique na súa segunda quenda, cada unha das dúbidas aquí expresadas, deixando constancia en acta, que esta comparencia se produce tras reclamar os Socialistas un pleno extraordinario para que o señor concelleiro puidera exercer o dereito a explicarse e os grupos da oposición e a cidadanía o seu dereito a ser informados.

Quere manifestar o señor Reyes, que o interese do grupo municipal Socialista é escoitar as explicacións do señor concelleiro. Polo tanto, se ben respectan os tempos que marca o regulamento, para o grupo Socialista, pon por diante o dereito do concelleiro de dar información, e o dereito dos grupos da oposición e cidadáns de escoitalo, polo que lle pide ao señor alcalde, que revise o seu intento de acurtar o tempo da segunda intervención do señor Duarte.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, fai uso da palabra en representación do grupo municipal do Partido Popular.

Comeza dicindo o señor Brunete, que como o señor alcalde ten afirmado nalgunha ocasión, a cidade de Santiago fáltalle relato, o señor Duarte decidiu hoxe ofrecer un conto.

Do exame de non poucos expedientes se extrae unha grave conclusión, que pesa máis, que as inconsistentes explicacións do señor Duarte.

A conclusión preliminar é que o señor Duarte nunca pretendeu reconsiderar expediente algún, senón que o que pretendeu foi dar carpetazo inxustificado a algúns expedientes, e non só a algúns expedientes que implicaban unha resolución rigorosa, como por exemplo un peche, tamén pretendeu dar carpetazo a algúns expedientes con simples multas convencionais.

Antes de seguir, aclara o señor Brunete, resulta necesario enfocar a gravidade deste asunto, e non hai que mesturar as churras con meninas, non se fala de expedientes cuxa tramitación se estanca como consecuencia da lentitude da administración, ou como consecuencia dun fallo na cadea de tramitación.

Falase de expedientes sen motivada e conscientemente retidos. Retidos consciente e inmotivadamente polo concelleiro, pese a existencia de numerosos oficios e dilixencias dos funcionarios públicos que expediente a expediente ían reclamando unha tramitación paralizada sen xustificación.

Pregúntalle ao señor Duarte a que dezasete expedientes se refire da última etapa do Partido Popular, e en todo caso dille, que non é o mesmo non asinar un expediente por non telo tido nunca sobre a mesa, que non asinar un expediente que estivo encima da mesa preparado para a sinatura, ese é caso do señor Duarte, non o do Partido Popular. O Partido Popular non metía expedientes no caixón.

Pide o señor Brunete ao señor Duarte que responda a algunhas cuestións.

Primeira, se a súa intención non era a de dar un carpetazo ilegal a algunhas das multas, senón que era a de reconsideralas por entender que incluían unhas contías excesivas, cómo se explica que durante meses e dado que non lle convencía o que os funcionarios lle pasaban a sinatura, non tivese planteado resolucións alternativas debidamente motivadas, ou que durante meses non tivera solicitado un informe ao director da asesoría xurídica para contrastar a corrección das propostas que lle pasaban os funcionarios e que tanto lle desgustaban.

Segue a dicir o señor Brunete, por certo de non ter sido descuberto a raíz das peticións de información do Partido Popular en xullo e parece que a raíz da intervención da

Fiscalía no mes de agosto, ata cando tería mantido os expedientes retidos? Ata que presquibisen as infraccións?

Segunda pregunta, se o propósito do concelleiro non era facer desaparecer os expedientes senón que era o de reconsideralos, como se explica que tras ser descubertas as prácticas, se precipitase a asinar boa parte do que estaba pendente de tramitar?

Terceira pregunta, que vía o goberno de Compostela Aberta de desproporcionado e de inxusto nos expedientes dalgúns locais incumpridores, maioritariamente locais nocturnos do casco histórico, e non só dous, son sobre dez, cuxas propostas de incoación e de resolución que foron apartados polo señor Duarte, só podían suscitar a racional oposición de quen teña un particular interese.

Refírese por exemplo aos expedientes de disciplina 153/2016 ou aos expedientes da OCIRH 68/2015 ou 12/2016, onde estaba a desproporción da sanción planteada polos funcionarios.

Ou onde está a desproporción do simplemente requirido e paralizado sen sanción no expediente de disciplina 17/2016.

Así mesmo dille o señor Brunete ao señor Duarte que pode estar de acordo con que haxa revisar o que é escala, a gradación da escala, pero a solución non é meter os expedientes no caixón, e ademais, por moito que se vaia a parte baixa da escala, cando hai agravantes o instructor ten que telos en conta.

Cuarta pregunta, pregunta cuxa falta de resposta, ou con resposta confusa pode resultar moi reveladora por non dicir outra cousa, señor Duarte por qué se negou a iniciar o correspondente expediente sancionador a un coñecido local do casco histórico, e en cambio polo mesmo motivo e uns días despois asina unha sanción contra un café bar do Ensanche, expediente 12/2016, fronte ao expediente 15/2016, explíqueo?, di o señor Brunete, que é un exemplo sangrante e paradigmático e non é o único.

Continúa a dicir o concelleiro do grupo popular en uso da palabra, se a intención do señor Duarte non era beneficiar a algúns locais, por qué non reconsiderou todos os expedientes afectados polo criterio punitivo do órgano instructor?

Quinta pregunta, por qué o criterio redentor de Compostela Aberta non alcanza a todos os expedientes de disciplina urbanística sexan sancionadores ou de reposición da legalidade, nin alcanza a todos os expedientes sancionadores que tramita o Concello, con consecuencias gravosas para centos de persoas e familias?

Pon como exemplos o señor Brunete, que para un vendedor ambulante ao que o goberno de Compostela Aberta lle dirixiu unha multa de 2.250 euros, non houbo consideración. Para a nai que estaciona o coche uns minutos para recoller o seu fillo en idade escolar non hai consideración. Para o local de hostalería do Ensanche ou de Volta do Castro, ou de San Lázaro, non hai consideración, para os amigos de Compostela Aberta parece que si.

Parece que o goberno de Compostela Aberta, o permitido o sancionable e o grao da sanción xa non sexa o que establece a lei en función de criterios obxectivos e previsibles, senón que sexa o que a vostedes lles parece cada mañá en función de influencias subxectivas ou de turbios arbitrios, parece que o goberno pretende xerar un sectario e un revolucionario réxime sancionador de autor, no que a sanción da infracción dependa do perfil ideolóxico que poida ter o infractor ou de sintonía co grupo de goberno.

Para rematar dille o señor Brunete ao señor alcalde que se o señor Duarte non aclara as sombras descritas nas preguntas que efectuou, ao alcalde correspondérlle dar unha resposta, unha resposta correctora e unha resposta exemplarizante. Resposta que non pase por calumniar aos funcionarios do departamento de disciplina urbanística, unha resposta que non pasa por calumniar aos funcionarios da policía local, unha resposta que non pasa por arremeter ou calumniar ao Partido Popular, unha resposta que non pasa por xerar unha cortina de fume sobre os criterios punitivos, unha resposta que non pasa por organizar unha manifestación de adhesión ao réxime de Compostela Aberta na Praza de Oriente.

A súa resposta señor alcalde, pasa por recoñecer unha práctica turbia, pasa por pedir desculpas, pasa por unha reprobación política e por unha corrección competencial, pasa por trasladarlle á opinión pública a idea de que entre os seus compañeiros fora da lei, o concello sometese a lei.

Continúa dicindo o señor Brunete, que o señor Alcalde Noriega é unha réplica do activista Noriega, o problema señor alcalde é que non pode dar exemplo de respecto á lei.

En abril de 2015 no Hostal dos Reis Católicos, anunciou o señor Noriega, que o incumprimento da lei sería unha opción de goberno. Daqueles polbos estes lodos.

O señor Duarte iluminado, iluminado polo transgresor discurso do seu líder decidiu quebrantar a lei, un iluminado inducido e un indutor irresponsable.

Indignación é o que poden sentir os cidadáns de Santiago, senón ofrecen unha resposta responsable.

O señor Brunete, tamén sentirá indignación, pero tamén sentirá unha certa melancolía, di isto de certa melancolía, e dille ao señor alcalde que fai ano e medio, tiña o alcalde un futuro por diante e nestes momentos xa o ten por detrás, e engade o señor Brunete, é turbio e é gris.

O Sr. Alcalde, di que fai facer uso da quenda do grupo na rolda de valoracións como noutras comparecencias, e ademais, por alusións.

Vai intentar ser moi concreto.

Comeza contestándolle ao señor Reyes, en relación á súa intervención cando falaba da xudicialización, e equipara ás dinámicas impulsadas polo Partido Popular no concello, di que non vai entrar a valorar o que lle provoca, pero si lle quere dicir, que o que non vai facer na tramitación de determinados expedientes é amparar determinadas cuestións susceptibles de delito que aparecen nos informes xurídicos, e entende o señor alcalde, que lle corresponde a el como alcalde derivalos a Fiscalía para que sexa a propia Fiscalía a que determine se iso acontece ou non acontece.

Aclara o señor alcalde, que se no exercicio de goberno está a tramitar determinados expedientes no que se toman determinadas decisións, e que nos propios informes xurídicos se advirte da posible existencia dun delito penal, evidentemente, o que non pode facer como alcalde é metelo nun caixón, e o que vai facer sempre e xa o empezou a facer fai un mes, e o que vai seguir facendo estes meses, porque hai outros expedientes que están chegando e derivalos, non vai adoptar unha decisión proactiva de denuncia, nin de presentación de demandas, nin querela do concello, pero si que entende o señor alcalde, que hai un principio de precaución que lle obriga a derivalos, e así fará, ademais por recomendación dos asesores xurídicos.

Non vai entrar en valoracións nas cales se fai directamente unha criminalización do perfil dunha persoa que ten unha responsabilidade política, pero que a día de hoxe, non foi nin chamado a declarar nunhas dilixencias informativas, e que está a comparecer, e que abriu páxinas de xornais, onde evidentemente, xa se lle fixo un xuízo paralelo.

Aclara, a día de hoxe non foi chamado a declarar en dilixencias informativas, e a día de hoxe no concello o único que consta é unha solicitude de dilixencias informativas presentada en agosto respecto a catro expedientes, nada máis, a día de hoxe.

Di o señor alcalde, que o señor Duarte compareceu en roldas de prensa para dar explicacións, e comparece a petición propia no pleno para dar explicacións, e todo iso cun xuízo paralelo.

O alcalde, non vai dicir, nin o que a el lle provoca determinadas dinámicas que se están a dar aquí.

Respecto da intervención do señor Cela, respecto e agradece o ton, e a contextualización, porque as veces aquí da a impresión que non se están a facer exercicios de memoria.

Con respecto ao manifestado polo señor Brunete, di o señor alcalde que sempre lle sorprende porque sempre se supera en cada intervención, supérase non ten medida, menos mal que queda gravado en audios.

É capaz de chegar a dicir que hai actuacións en base ao perfil ideolóxico do infractor, supón que o señor Brunete ten estudado todos os perfís ideolóxicos da xente de Compostela, se existira a secreta, dille ao señor Brunete que sería un grande responsable desa policía secreta na cidade.

Incluso, lle ten escoitado ao señor Brunete acusalo, de non ver aplaudir ao alcalde en determinadas intervencións.

Continúa a contestarlle o señor alcalde ao señor Brunete, independentemente das explicacións que acaba de dar o señor Duarte de maneira pormenorizada de cales foron as razóns. Non lle pregunta o señor alcalde ao grupo popular o que farían eles neses casos, porque en moitos casos a busca da seguridade xurídica acabou dándolle a razón na tramitación dos propios expedientes, e acabou minorando un dano irreparable para o concello se houbera unha querela, porque estaba demostrado que determinadas aseveracións que se facían e que xustificaban medidas cautelares de extrema gravidade non estaban a ser xustificadas.

O señor alcalde, pregúntalle ao señor Brunete, como se sosteñen as súas acusacións despois de como rematou a súa intervención o señor Duarte.

Parece que agora aquí hai táboa rasa e a memoria non existe, e parece ser que este goberno ten que asumir todas as maternidades e partenidades do concello.

O alcalde fixo un exercicio de memoria e solicitou á responsable do departamento a tramitación dos expedientes do último ano da lexislatura do Partido Popular, 2014-2015, dille que tome nota, expediente 2025/14 parte non localizado sen tramitar; expediente 2772/14, motivación parte non localizado; expediente 2886/14, parte non localizado sen tramitar; expediente 2929/14, parte non localizado sen tramitar; expediente 4151/14 enviado a Sevalbro sen tramitar; expediente 4632/14 enviado a Sevalbro sen tramitar; 4968/14 enviado a Servalbro sen tramitar; 4969/14 enviado a Sevalbro sen tramitar;

4970/14 enviado a Servalbro sen tramitar; di o señor alcalde que podería continuar a lista, pero que lles vai facilitar unha copia por escrito.

Supón o señor alcalde, que nestes casos houbo de todo, fenómenos paranormais, descoñecemento do perfil ideolóxico da persoa que cometeu a posible infracción, e sobre de todo, rigor.

Considera o señor alcalde que o mínimo que se lle debe esixir a xente no exercicio da representación pública é un mínimo de rigor.

O Sr. Alcalde di que seguirase a dar explicacións, considera que hoxe se deron.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que concorda con Rubén que o problema da hostalería nocturna, o problema das terrazas require un cambio e adaptación da normativa, parte desa normativa é municipal, como pode ser a das terrazas, e niso están a traballar.

Con respecto á lei de emprendemento, Lei do Partido Popular, para facilitar a creación e implantación de empresas, estase utilizando ou parece estarse utilizando para pechar e para poñer trabas ás transmisións de titularidades, cando entende o seu grupo que o que debería é facilitar a lei de emprendemento, é a pervivencia dos negocios e non o peche.

Con respecto á intervención do señor Reyes, na que lle pedía que dera explicacións do que saía na prensa, acláralle que o informe de Fiscalía é moi claro, e di: “que informe sobre as actividades inspectoras que en materia de ruídos se levaron a cabo en relación coas discotecas e locais sitos no caso antigo de Santiago de Compostela”, esa é a petición, catro locais, o que diga a prensa non é así, son exclusivamente catro locais.

Considera o señor Duarte que deu explicacións con respecto a eses catro expedientes, enumerou as cuestións coas que tiña discrepancias no servizo de licenzas, e porque se retrasaban, porque o concelleiro entende que unha falta moi grave ten que ser xustificada, non é como dicía o señor Brunete que estaba parado o expediente ou retido, pide unha xustificación da gravidade, porque o que non pode facer é pechar un local do que viven familias. Entende o señor Duarte que non se pode exercer un peche cautelar por unha falta de documentación en vinte e catro horas, opina que é totalmente desproporcionado.

Insiste o señor Duarte que xa deu as explicacións oportunas, e dille ao señor Brunete que non se paralizou nada, discutíronse criterios, e el non apartou expedientes por amiguismo, nin por ideoloxías, o único que intentou foi por sentido común nunha lei que debería de ser para favorecer o emprendemento.

Remata o señor Duarte, que considera que actuou con toda corrección, intentando por un equilibrio entre a sanción proposta e a sanción que con seguridade xurídica lles corresponde.

Insiste que non sabe quen vai pagar a indemnización dos locais cando reclamen, por terlles incoado expediente na versión máis alta que na que se facían peches, se se proba que non eran xustificados.

Fan un receso de dez minutos.

21. ROGOS E PREGUNTAS.

A relación dos rogos e preguntas formulados polos grupos políticos municipais, son os que a continuación se transcriben:

GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGO:

1.- Rexistro de entrada do día 6 de outubro de 2016, núm. 277.

PREGUNTA (Resposta oral):

1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2016, núm. 287.

PREGUNTAS (Resposta escrita):

1.- Rexistro de entrada do día 3 de outubro de 2016, núm. 275.

2.- Rexistro de entrada do día 7 de outubro de 2016, núm. 280.

3.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2016, núm. 282.

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

ROGOS:

1.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 288.

2.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 289.

PREGUNTA (resposta oral):

1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2016, núm. 284.

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 290.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 291.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 292.**

PREGUNTAS (resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 6 de outubro de 2016, núm. 278.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 293.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 294.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 11 de outubro de 2016, núm. 295.**

PREGUNTAS (resposta escrita):

- 1.- Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2016, núm. 273.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 30 de setembro de 2016, núm. 274.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 14 de outubro de 2016, núm. 298.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 19 de outubro de 2016, núm. 306.**

O señor Alcalde, di que o primeiro rogo por orde de rexistro, correspóndese cun rogo do BNG para pedir un plan director para o parque da Alameda.

Don Rubén Cela Díaz, di que como esta reflectido no rogo, dende o Bloque Nacionalista Galego entenden que Compostela é unha referencia indiscutible, tanto pola cantidade como pola calidade dos seus espazos verdes.

De entre todos eles, ningún está tan integrado na historia da cidade e das súas xentes como a Alameda, son 85000 metros cadrados con monumentos históricos e artísticos de gran valor, e preto de 1500 especies arbóreas e arbustivas.

Determinados usos do espazo da Alameda, dendo o punto de vista do BNG, provocan serios prexuízos tanto o arborado como o pavimento, tanto o tráfico rodado, como un uso indebido en festas e determinados tipos de actuacións que se teñen levado a cabo na mesma.

Entende o BNG que é moi importante buscar un punto de equilibrio entre o uso e desfrute, coa conservación dun ben de interese cultural.

Nese sentido, entenden, que o fundamental era ter un plan director que recopílese todas as actuacións que se deben acometer na propia Alameda a medio e longo prazo.

O BNG ten denunciado e tamén o Partido Socialista en múltiples ocasións, deficiencias puntuais na propia Alameda, pero cren que se deben realizar dende unha perspectiva máis global, recentemente na comisión de casco histórico, dabáselle o visto bo a unha actuación de parcheado no firme que esta nun estado bastante lamentable, pero cren que iso, debería estar encadrado nunha actuación a máis medio-longo prazo.

O propio concelleiro, xa trasladou que por parte do Consorcio de Santiago xa hai unha previsión ao respecto, incluso que xa se ten feito algún traballo previo, ao BNG parécelle que o mecanismo idóneo para facelo é precisamente a través do Consorcio, e se finalmente se vai facer, consideran que é un boa noticia, e en todo caso, instar a que se poida acometer no menor prazo de tempo posible.

Don Xan Duro Fernández, a súa resposta xa foi contestada por D. Rubén, e sinalar que efectivamente levan un par de meses dando os primeiros pasos para preparar a documentación para que se incluía no orzamento do Consorcio de 2017, a elaboración dese plan deirector.

O Sr. Alcalde, o segundo rogo é do grupo Socialista no que solicitan que non se peche o rexistro auxiliar do Ensanche. Pásase ao seguinte rogo, tamén do grupo Socialista relativo á eliminación das barreiras arquitectónicas nas beirarrúas de Ramón Piñeiro.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, di que a presenza de barreiras arquitectónicas segue a ser un dos principais problemas en moitos espazos públicos da cidade, de feito fai menos dun mes, na xornada organizada por COGAMI “ponte no meu lugar” promovida dentro da semana Europea pola mobilidade, os concelleiros e concelleiras do concello tiveron oportunidade de comprobar “in situ” as dificultades que teñen a diario moitas persoas por estas circunstancias.

Unha destas barreiras arquitectónicas sitúase na rúa Ramón Piñeiro, na zona do parking situado xusto detrás do Parlamento de Galicia. Trátase dunhas beirarrúas cuns bordos con elevada altura o que ocasiona importantes problemas para a accesibilidade de persoas con dificultades na mobilidade, carros de bebé ou cadeiras de rodas. Este problema é aínda máis grave, xa que nas proximidades está ubicada unha escola infantil, así como o Rexistro Mercantil e a Oficina Pública de Emprego.

A actuación que se require para a eliminación de barreiras na beirarrúa, segundo consultas efectuadas polo grupo Socialista, é perfectamente asequible, posto que non debería superar os 600 euros.

E por iso, o Grupo Municipal Socialista, presenta o seguinte rogo:

Que se proceda á eliminación das barreiras arquitectónicas nas beirarrúas de Ramón Piñeiro, na zona próxima ao parking situado na parte traseira do Parlamento Galego, colocando unhas rampas que permitan a accesibilidade de todos e todas.

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza dicindo que a accesibilidade das persoas é unha das máximas preocupacións da concellaría da que el esta ao fronte, deixando ao marxe a previsión de financiamento a través de fondos Europeos que contempla EDUSI, que é unha das súas prioridades, no mes de setembro aprobáronse tres proxectos de mellora da accesibilidade en corenta e un puntos da cidade, entre sectores diferentes, que están en proceso de contratación, e para os cales se solicitou unha axuda á Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde, tratase agora o rogo do grupo Socialista, que ten que ver co rexistro auxiliar do Ensanche.

Don Francisco Reyes Santiás, di que o grupo municipal Socialista ven de recibir varias queixas pola decisión do goberno local de pechar o rexistro auxiliar ubicado no centro socio cultural do Ensanche, decisión que provoca moitas incomodidades aos usuarios que se enteran unha vez chegan alí de que teñen que desprazar ata a rúa Galeras para rexistrar calquera documento.

Esta decisión de pechar un rexistro auxiliar, sen aviso previo e sen publicitalo debidamente, está a ocasionar ao administrado un grave problema, dun xeito especial naqueles procedementos nos que o día que se acode remata o prazo de presentación de documentos, dando lugar á responsabilidade da administración en base á cláusula xeal do “funcionamento dos servizos públicos”, contida nos artigos 106.2 da Constitución e 139 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Por iso o rogo que fan dende o grupo municipal do Partido Socialista, é que non se peche o rexistro auxiliar do centro socio cultural do Ensanche e o goberno local estude a posta en funcionamento dun plan de mellora da xestión e descentralización dos rexistros municipais.

Dona María Rozas Pérez, di que quere aclarar en relación a este rogo, que non existe ningunha decisión por parte do goberno de pechar o rexistro do Ensanche, nin se pechou, o que aconteceu foi que a persoa funcionaria do rexistro estivo de baixa médica uns días, e xa se incorporou, de feito cando se presentou por rexistro xa estaba incorporada ao seu posto de traballo.

Así mesmo, tamén quere informar a concelleira dona María Rozas, que existen outros rexistros no Ensanche onde se pode rexistrar, hai entorn a cinco rexistros na zona do Ensanche, rexistros da Xunta, pero que dende o ano 99, existe un convenio coas grandes

ciudades que permite rexistrar nos mesmos asuntos de índole municipal, e coa Lei de procedemento tamén existe o rexistro único para todos os concellos.

O Sr. Alcalde, di que toca agora por rexistro de entrada un rogo do Partido Popular sobre a modificación dos proxectos das obras de Vista Alegre, eliminando os montículos verdes do proxecto inicial.

Dona Teresa Gutiérrez López, di que este rogo é consecuencia dunha petición veciñal, de eliminar os montículos verdes que existen no proxecto de Vista Alegre fase I, e esta é a ocasión posto que se está a modificar o proxecto, xa se tratou este tema na Comisión Asesora.

O grupo Popular está satisfeito co acordado na Comisión Asesora, que sería realizar un montículo de proba e despois que a Comisión Asesora avalíe a posibilidade de retiralos.

O Sr. Alcalde, di que xa queda explicado, e toman nota do mesmo.

O seguinte rogo tamén do Partido Popular sobre a necesidade de intensificar labores de control e vixilancia no recinto do Mercado de Salgueiriños.

Dona M^a Angeles Antón, di que este rogo é produto dunha demanda feita ao Partido Popular por unha parte do colectivo de vendedores ambulantes que cada xoves están no mercado de Salgueiriños.

A súa demanda concéntrase en dúas cuestións importantes:

A seguridade a integridade das persoas que asisten ao mesmo, vulnerada en ocasións polos furtos e a legalidade da actividade mercantil por parte de todos e cada un dos postos alí instalados.

O colectivo quéixase que hai que mellorar o respaldo policial e o control municipal para atallar estas cuestións.

Dille a señora Antón a señora Lois, que o grupo Popular entende que estes son dous aspectos fundamentais que deberán afrontar se realmente o grupo de goberno ten intención de potenciar o mercado, porque de nada vale e de nada serven campañas de dinamización do mercado senón se garante a seguridade física e legalidade xurídica.

Dona Marta Lois González, da contestación ao rogo do Partido Popular, informa que se recadaron datos da Policía Nacional que di que non hai un incremento dos delitos leves con respecto dos últimos anos, como máximo unha denuncia por roubo algún que

outro xoves, non constan delitos graves, nin intimidacións, nin roubos con violencia, etc.

Sempre hai dotacións da policía local e nacional no entorno do mercado, en todo caso debido ao número de efectivos que hai en ambos corpos tampouco permite unha presenza permanente no mercado.

A presenza de persoas no mercado sen autorización municipal é puntual, porque aínda que accedan ao mercadillo as persoas con autorización, a existencia de postos vacantes favorece a que en calquera momento sexa aproveitado para montar algún posto sen autorización, a maioría das veces é por parte de familiares dos titulares das autorizacións.

Dende a concellaría de mercados estase a intentar traballar neste problema e resolvelo, en todo caso, non é un problema novo.

Continúa a dicir a señora Lois, que con data 7 de xullo de 2016, remitiuse a todos e a todas os/as vendedores/as unha circular informativa na que se lles comunicaba que a partires do día 1 de agosto se adoptarían unha serie de medidas, fundamentalmente para intentar atallar estes problemas, que non se autorizará a entrada ao mercado de ningún/unha vendedor/a ambulante que non dispoña de autorización, que se procederá a inspección dos postos aos efectos de comprobar que todas/os teñan esa tarxeta identificativa, e que se inspeccionara aos efectos de comprobar a limpeza e a recollida de residuos xerados nos espazos.

As solicitudes de regulación a partires da comunicación foi moi numerosa e, polo tanto, a maioría xa estan resoltas.

Aclara, dona Marta, que nestes momentos non está previsto montar un dispositivo de control ao acceso. Estase, ademais, a traballar en procesos de dinamización do mercado, como é o proxecto “efecto proximidade”, e proximamente, vanse aprobar unhas novas bases para adxudicación dos postos vacantes, e estase valorando a posibilidade de modificar o regulamento de venda ambulante.

O Sr. Alcalde, indica que toca a quenda ao último dos rogos presentados para a sesión de hoxe que tamén é do Partido Popular, para dotar da respectiva identificación á rúa dedicada a Xosé María Suárez Núñez.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, comeza a exposición do respectivo rogo, e indica que unha das principais rúas do Campus Sur da Universidade, en atención a súa situación e lonxitude, é a que non seu día se lle dedicou a quen fora reitor da institución universitaria, o profesor Xosé María Suárez Núñez.

Trátase dunha rúa de 800 metros de lonxitude que discorre entre a encrucillada das Avdas. de Vigo e Novoa Santos, preto do observatorio astronómico.

A súa beira érguense edificios académicos e distintas instalacións, que fan necesaria unha correcta sinalización para orientar e dirixir ás persoas, tal como o grupo Popular ten constatado na realidade a través de distintas suxestións que recibiron.

A citada rúa non conta cunha placa identificativa no seu inicio dende a estrada de San Lourenzo, o que complica a súa localización, e de forma especial, dende o outro extremo a zona central do Campus Sur.

Tendo en conta esta realidade, o grupo popular presenta o seguinte rogo, que o goberno local faga as xestións necesarias para dotar da necesaria identificación á rúa dedicada ao profesor Suárez Núñez, no Campus Sur.

Don Jorge Duarte Vázquez, indica que toman nota do rogo, e hai que colocar poste e placa.

O Sr. Alcalde, di que se pasaría agora a ser tratadas as preguntas de resposta oral.

A primeira é do Partido Popular, relativa as accións promovidas para a recuperación da zona de Sar onde se celebrou o Banquete de Conxo.

Dona M^a José Castro Carballal, di que está próximo a cumprirse un ano dende que o pleno municipal acordara por unanimidade unha proposición presentada polo Partido Popular para a recuperación da zona de Sar, onde se celebrou o histórico Banquete de Conxo.

A resolución adoptada instaba ao concello a procurar a colaboración das administracións implicadas para e ante a celebración no ano 2016 do sesenta aniversario desta efeméride, iniciar antes de que rematar o ano 2015 as negociacións e medidas necesarias para acondicionar a zona do belvedere e o contorno fluvial próximo a onde se puido ter celebrado no mes de marzo de 1856 o Banquete de Conxo.

Así mesmo, tamén se acordou na devandita sesión plenaria, facilitar o acceso público, instalar a sinalización e os elementos informativos para animar a visita ao lugar, e incluír unha partida específica nos orzamentos municipais para o ano 2016, destinada a ese fin.

Remata dicindo, que por último tamén se solicitaba a programación ao longo do ano actual de actividades que axudaran a lembrar o verdadeiro significado do Banquete de Conxo no contexto da historia de Santiago e de Galicia.

Pasaron dez meses de todo isto, e non hai constancia de ningunha medida específica en relación con este acordo.

Unicamente se ten celebrado o recital poético que todos os meses de marzo serve de conmemoración do acontecemento e unha pequena exposición.

Non se sabe nada do acondicionamento da zona, o acceso público, a sinalización, nin de investimento específico destinado ao mesmo.

No programa da Semana Cultural de Conxo que é organizada polo Concello en setembro, non se inclúe ningún acto ou actividade sobre a devandita celebración.

Por todo o exposto, formulan a seguinte pregunta:

Qué accións concretas se teñen realizado para dar cumprimento ao acordo plenario unánime para a recuperación da zona de Sar, onde se celebrou o histórico Banquete de Conxo, para a súa posta a disposición da veciñanza e para a difusión do significado histórico e cultural do acontecemento?

Dona Branca Novo Rey, comeza dicindo que historicamente as administracións non foron quen de preservar un espazo natural e simbólico á beira do río Sar, en diferentes titulares da prensa local, falaban no 2013 dunha dolorosa estampa e no 2014 dun abandono total.

Actualmente xa se remataron as obras de canalización e saben que agora é o momento para restaurar co máximo coidado o espazo natural e simbólico arredor do Banquete de Conxo, que non se sabe con certeza onde foi o devandito acto, pero si se sabe que aínda hai restos daquela antiga carballeira que está situada nas inmediacións do río e na contorna do belvedere que hoxe caeu, e na parte final, das instalacións que actualmente ocupa o campo de fútbol.

Engade dona Branca que quere comentar o traballo da Asociación Itinera que está a desenvolver un traballo de limpeza nas marxes do río e restaurando algúns dos camiños alí existentes, e ten planificado o grupo de goberno unha intervención que é a rehabilitación da ponte cuberta na finca do recinto hospitalario do psiquiátrico de Conxo.

Así mesmo, quere trasladar a concelleira, este ano para desenvolver o recital dentro do hospital psiquiátrico atoparon moitos problemas, a concelleira chamou ao SERGAS catro veces, para que posibilitaran que non se rompera a tradición este ano.

Na semana cultural de Conxo si que existía unha conferencia, pero o ponente non puido asistir e ao final caeu da semana cultural.

O propio espazo do Banquete de Conxo é competencia da Xunta, e o grupo de goberno para o vindeiro ano 2017, teñen planificada unha investigación e unha publicación que xorde da interrelación entre os axentes municipais que traballan dentro do propio centro Aurelio Aguirre con axentes de editoriais da cidade que xa están a traballar este ano co Consorcio nesa liña, para recuperar a memoria dese espazo, non só do lugar que é moi pequeno, pero si a nivel simbólico consideran que é moi importante e agardan que o vindeiro ano a Xunta de Galicia e o SERGAS asuman unha colaboración máis estreita.

Insiste a concelleira dona Branca, que chamou catro veces ao SERGAS, para que non desaparecera a tradición que é fantástica do recital, non podían deixar de intentalo.

O Sr. Alcalde, toma a palabra e di que hai unha parte complementaria, que é que se ten falado coa Consellería de Cultura, é un tema que esta en axenda e esta pendente da configuración do vindeiro goberno da Xunta nas vindeiras semanas para abordar as actuacións.

Continua o señor alcalde coa seguinte pregunta que corresponde expoñer agora, por orde de entrada, que é unha pregunta do PSdeG-PSOE sobre o acondicionamento da lagoa ubicada en Cornes.

Dona Milagros Castro Sánchez, expón a pregunta por eles presentada.

Comeza dicindo que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada no mes de febreiro de 2016, aprobou por unanimidade unha moción do grupo municipal Socialista na que se solicitaba a redacción do proxecto de recuperación da lagoa ubicada nunha parcela municipal en Cornes, así como a execución do seu acondicionamento.

Transcorridos máis de sete meses dende a adopción do acordo e á vista do estado lamentable no que se atopa a parcela, chea de maleza, e como o grupo Socialista non ten noticia ningunha ao respecto, é polo que solicitan a contestación á pregunta seguinte:

Cando pensa o goberno cumprir o acordado polo Pleno o e iniciar as obras de acondicionamento da lagoa ubicada en Cornes?

Don Xan Duro Fernández, contesta a anterior pregunta formulada polo grupo municipal Socialista, e di que na actualidade xa está o departamento de Parques e Xardíns redactando o proxecto de intervención, quere adiantar, que se está a traballar na preservación do espazo, da flora e da fauna que nel se desenvolven de xeito natural, porque como saben todos e todas a súa ameaza básica hoxe en día pola situación onde se atopa é o ser humano e os animais domésticos e asilvestrados.

Na liña de preservación absoluta do espazo trabállase no establecemento de dous perímetros de seguridade arredor da lagoa de Cornes.

Unha interior que é reforzar o actual valado con especies como salgueiros, ameneiros ou espadanas que impidan o acceso de persoas e animais domésticos.

Unha segunda, un perímetro de seguridade exterior formado por charcas estacionais, que complementen e dean acceso como zona de transición para a fauna e flora da contorna, e dificulten o acceso destes animais domésticos ou asilvestrados.

No extremo sueste porase un mirador integrado na contorna, que facilite a posibilidade de disfrutar ou de aplicar pedagogía ambiental nese entorno que resulta curioso, por estar nun entorno urbano, como é a lagoa de Cornes.

Tamén se aproveitara, di o señor concelleiro, para facer unha actuación branda no conxunto desa finca que está agora mesmo como se di na pregunta, totalmente abandonada, aproveitando un par de sendeiros que ten para facer algo máis naturalizado e darlle ligazón ao sendeiro do Sar que se está a construír agora na zona do novo Milenio.

O Sr. Alcalde, di que por quenda, toca agora unha pregunta do Partido Popular sobre os motivos polos que non se celebrou o festival “Vía Stellae”.

Dona M^a Ángeles Antón Vilasánchez, dille a concelleira de cultura, que sacou da axenda cultural da cidade tres citas de carácter musical ao entender do grupo Popular moi importantes.

Primeiro, o festival de músicas contemplativas, despois o festival “Via Stellae” e finalmente o ciclo de Lied, suprimen estas actividades, soamente polo feito de que xa estaban, pero tamén estaban cando o grupo Popular.

Así mesmo dille a señora Antón a dona Branca, que fixo copia do feito polo bipartito da Xunta, que non tivo reparos en suprimir o festival internacional de música de Galicia, despois de oito edicións de altísimo nivel.

Festival que comezou no ano 99, co Xacobeo do 99, e que continuou ata o 2005. No 2006 o bipartito inventouse aquilo de Vía Stellae, primeiro festival de música de Compostela e os seus camiños, mingando o festival de Santiago a prol doutros concellos e deixando na cidade o xerme do Vía Stellae, que finalmente desapareceu dos eventos culturais de Santiago neste ano.

Continúa a dicir a señora Antón que o grupo Popular non reivindica que se sega a facer do sempre, pero o que si certas citas cunha traxectoria de máis de dez anos, cunha imaxe que custa moito conseguir, que conta cun público fiel e que están asentadas, deben de merecer cando menos unha reflexión.

Este festival cubría un espazo entre o final de temporada da Real Filharmonia e o inicio das festas do Apóstolo, ofrecendo unha actividade cultural que servía de reclamo para ese turismo cultural que todos din que gusta ter na cidade.

E entende a señora Antón que cando se traballa con cartos públicos, un debe pensar dúas veces a súa acción, posiblemente o festival Via Stellae, e as outras citas mencionadas, necesitaban de novo impulso, un impulso renovado, novos aires, pero a supresión na opinión do grupo municipal do Partido Popular é unha frivolidade.

Esperan e van prestar moita atención a resposta que lles dea a concelleira á pregunta do Partido Popular, de cales foron os motivos polos que este ano non se celebrou en Santiago o festival “Via Stellae”, as xestións feitas pola concelleira e as previsións, se existen, para a súa próxima celebración.

Dona Branca Novo Rey, di que vai facer un pouco de historia.

O Vía Stellae foi posto en marcha no ano 2006, e foi organizado pola Xunta de Galicia, non polo Concello de Santiago, ofrecendo concertos en vilas polas que pasaban os diferentes camiños de Santiago, e por suposto, en Santiago de Compostela.

Naceu e mantivo as súas edicións iniciais promovido polo Xacobeo, e dende o inicio do mesmo o Concello de Santiago foi colaborador do festival na cesión de espazos, no Teatro Principal e Auditorio de Galicia, para as súas actuacións e ensaios, e así mantívose esta forma de colaboración coa Xunta no período entre 2006-2011. Neses anos era o director artístico do festival D. José Victor Carou.

En setembro de 2012, Don José Victor Carou é nomeado xerente do Auditorio de Galicia, dende a Xunta considerase que o Concello debe seguir colaborando e nese momento, o que se decide é que con apoio de AGADIC o Concello se faga cargo da organización e da xestión, e ese ano o Concello xustifica 57.559 euros.

Sucedede que nos anos 2014 e 2015 que os custes son de 146.000 euros no 2014 e 124.000 euros no 2015, asígnase con convenios de colaboración coa Xunta cun orzamento de 250.000 euros.

Aclara que este ano o convenio de colaboración coa Xunta é de 15.000 euros.

Pregunta dona Branca onde están os convenios anteriores?

Realmente entende o grupo de goberno que a situación era excepcional, esa forma de colaboración era moi peculiar, porque a forma de colaborar mudaba dende unha cesión de espazos a facer un traballo de organización e xestión, o grupo de goberno entende que é unha situación excepcional e que a situación, efectivamente, cando D. Victor Carou deixa de ser xerente do Auditorio, e a Xunta de Galicia ten que asumir a organización outra vez do festival, que ninguén está a decidir, sobre a positividade ou non dun festival que tiña un arraigo dende o ano 2006.

Aclara que ese festival foi durante tres anos coordinado dende o Auditorio de Galicia mentres o señor Carou foi xerente.

O grupo de goberno o que ten que plantexar e o que plantexa nos procesos de colaboración coa Xunta é que no momento en que se retome o interese pola Xunta e pola Consellería de Cultura, o concello seguirá a colaborar como se fixo nos anos anteriores.

Di a concelleira para rematar, que cos orzamentos que ten o Concello non se pode facer cargo dun festival como o Via Stellae sen eses convenios de colaboración de 250.000 euros.

O Sr. Alcalde, di que se saltou unha pregunta do BNG sobre o problema de telefonía dos/as veciños/as de Aríns.

Dona Goretti Sanmartín Rei, manifesta que lles chegaron queixas da veciñanza do lugar da Devesa en Aríns, polo servizo de telefonía, xa que cando lles ían instalar a fibra óptica non o puideron facer pois tiña as tubaxes están estragadas dende que foron feitas as beirarrúas, e isto supónlles un problema e unha discriminación a respecto da xente que vive na outra beirarrúa, porque isto acontece na marxe dereita.

Comunicoulles a veciñanza ao BNG que estes últimos días Telefónica ofértalles o sistema de 3G, máis o lóxico é que a veciñanza requira ter a fibra óptica ao igual que o resto da veciñanza, e poidan ter acceso tanto a telefonía e a internet en condicións boas.

E polo tanto, o BNG pregunta que se pode facer a este respecto, para solucionar este problema.

Don Rafael Peña Vidal, di que se enterou deste problema a raíz da pregunta do BNG, e vai mirar o que pasou alí, en todo caso, dálle a impresión, é que neste caso as compañías que son as que teñen a obriga de por o servizo a disposición dos veciños, pois interpretan que ten que ser o concello quen faga esas actuacións.

Aclara que en todo caso, ten que velo para saber exactamente cal é a problemática, e di que o antes posible intentarán poñerse co tema para darlle aos veciños solucións.

O Sr. Alcalde, a seguinte pregunta é do Partido Popular sobre a realización de accións específicas para concretar a información sobre a duración dos traballos e actuación nos pavimentos do Ensanche.

Dona M^a José Castro Carballal, expón a pregunta do grupo popular.

A pesar da intención inicial do goberno local de que a veciñanza de cada inmovble cargara cos gastos de repoñer os pavimentos estragados nos accesos a garaxes en diferentes puntos da cidade, especialmente na zona do Ensanche, finalmente o concello viuse obrigado a afrontar a execución destas melloras, ao igual que se facía no pasado mandato, contratando unhas obras específicas que se iniciaron nas rúas de Alfredo Brañas e Xeral Pardiñas.

Algunha comunidade de propietarios en resposta ao requirimento inicial efectuado polo concello arraxaron pola súa conta o acceso na vía pública, e atópanse nunha situación de agravio comparativo respecto do resto de edificios onde os accesos foron reparados con cargo ao orzamento municipal. Cuestión que se debería resolver a prol dun trato igualitario.

Con motivo das obras que se están a acometer nos vaos de acceso distribuíronse diferentes avisos nos edificios que están afectados polas obras, nos que se indicaba textualmente: “desde as 9 horas data do anuncio e ata novo aviso, quedará suspendida a entrada e saída de vehículos ao garaxe”.

Por parte da veciñanza desas zonas, hai un malestar xeneralizado pola imprecisión dos avisos no relativo ao remate dos traballos e, sobre de todo, pola desatención que está a mostrar o goberno municipal á hora de articular medidas paliativas para os/as afectados/as por esta situación.

Lembra, o grupo Popular, que en traballos similares levados a cabo con anterioridade noutras obras e que tiñan un impacto semellante, por exemplo as da Carreira do Conde,

por parte do concello tratouse de manter unha especial sensibilidade cos/as veciños/as habilitando provisionalmente espazos para o aparcamento dos seus vehículos e mesmo facendo xestións para lograr condición vantaxosas nos aparcadoiros públicos próximos.

Por todo o que exposto o grupo municipal do Partido Popular, formula a seguinte pregunta:

Realizou ou pensa realizar o goberno algunha acción específica para concretar a información sobre a duración dos traballos de reposición de pavimentos nos accesos aos garaxes do Ensanche, para compensar os gastos nos que incorreron aquelas comunidades ao arranxar pola súa conta os accesos á vía pública, e sobre todo, para facilitar as condicións de aparcamento deses veciños/as afectados/as nas proximidades dos seus domicilios, mentres non poidan acceder aos garaxes?

Don Rafael Peña Vidal, di que vai intentar ser pausado na súa contestación.

Non foi intención inicial do goberno municipal cobrarlle os arranxos das entradas de garaxe, existía unha ordenanza que así o establecía, e ata onde o concelleiro ten entendido, o goberno actual non tivo nada que ver nin na súa elaboración nin na súa execución.

Segue a dicir, que isto baséase en feitos, a señora Carballal nomeou Carreira do Conde, porque non pode o grupo municipal Popular en beirarrúas porque directamente non fixéron máis.

En todo caso, a ordenanza así o indicaba, anteriormente hoteis executaban as súas propias entradas, e isto estase a facer agora por unha cuestión de seguridade, pero mentres non se modifique a ordenanza as entradas de garaxe estarían obrigados/as a facer eses traballos serían as comunidades.

Segue a dicir, o señor Peña, hai unha ordenanza contraditoria, e antes estes arranxos facíanse a través da Brigada de Vías e Obras, pero agora a Brigada só conta con dous traballadores e un deles está de baixa.

Polo tanto, no contrato de mantemento xa está contemplado o arranxo das entradas de garaxe, e en función da ordenanza que aquí se acorde entre todos e todas.

O Sr. Alcalde, di que a última das preguntas é do Partido Popular, en relación coa cancelación dos bailes contemplados dentro do programa “Imos de baile”.

Dona M^a Ángeles Antón Vilasánchez, di que espera ter máis sorte na contestación desta pregunta por parte da concelleira de acción cultural, porque o que lle quedou claro

da resposta que dou á pregunta que lle formulou con anterioridade, é a culpa de que este ano non se celebre o Via Stellae era de D. Víctor Carou e da Xunta de Galicia, o Concello non tiña responsabilidade ningunha.

Dille a señora Antón a señora Novo Rei, que é unha mostra clara a concelleira da dobre faciana do goberno de Compostela Aberta, que practica a coñecida frase, “fai o que digo, pero non o que eu fago”. Levan a gala a municipalización dos servizos públicos, pero disto enseguida se ve que todo é postureo.

Dende o inicios dos programas “Imos ao baile”, estaban confeccionados na súa integridade polos técnicos dos centros socioculturais, pero chega o goberno de Compostela Aberta e encoméndalle esta función a unha empresa, é dicir, contratan unha empresa para que prevea de grupos musicais o programa, esa externalización do servizo innecesaria supón unha concentración do mesmo en tres grupos musicais, cando antes participaban máis de once agrupacións musicais, claro exemplo de concorrência.

Contratan uns grupos que non coinciden para nada co espírito do programa que ten un obxectivo moi simple, o goce dos maiores nun baile rotativo polos centros socioculturais.

A concelleira de acción cultural pechou o ciclo despois de tres actuacións, tres actuacións que saen ben caras ao erario público, 9.534 euros pagados a cultura activa sociedade cooperativa no mes de febreiro, máis 5.130 euros no mes de marzo.

Resulta curioso que a actuación dun destes grupos dentro do programa “Imos ao baile” custe máis que por exemplo que un concerto nas festas da Ascensión.

Aínda que o grupo Popular coñece os motivos polos que se cancelou este programa, queren escoitar da boca da concelleira de acción cultural, unha xustificación de cancelación, dos enormes custes, e de se ten intención de recuperar esta actividade de gran éxito entre os maiores, actividade digna e ao seu gusto, porque ser concelleira de acción cultural dille á señora Novo Rey, non significa programar ao gusto propio, senón para a xente do común.

Dilles a señora Antón ao señor alcalde e a señora concelleira de acción cultural, hoxe aprobouse nesta sesión a acta do 16 de xuño, estaría ben que releran as súas verbas, ao respecto da xestión dos centros socioculturais, porque ata o día de hoxe están sen contrato, nin hai inicio do expediente.

O Sr. Alcalde, fai unha breve intervención para contestarlle a señora Antón a última parte da súa exposición, dicindo que en breves días haberá interesantes novidades no que ten que ver cos centros socioculturais.

Dona Branca Novo Rey, da contestación á pregunta formulada polo grupo municipal do Partido Popular, e comeza dicindo que as decisións de política cultural, non se fai só en relación a contidos, traballan en relación aos modos, os bailes seguen existindo, hai bailes en Vite, o grupo de oitenta persoas que son os usuarios do programa “imos ao baile”, decidiron despois de moitas reunións coa concellaría e tamén cos técnicos, de reorientar o programa, darlle unha nova forma, e teñen bailes en Vite todos os sábados de 17:30 a 20:00 horas dende o mes maio pasado.

Con respecto dos gastos do programa “imos ao baile” porque non se celebraron algúns bailes. Vai dar datos, no ano 2015 os gastos de “imos ao baile” foron 9.870 euros; no ano 2016, 6.013 euros, isto por parte dos centros socioculturais, e por parte de relacións veciñais tivo un custe de 2.973 euros en 2015, e en 2016, hai un AD de 5.130 euros, polo que o consumo total a día de hoxe sería 2.420 euros.

Despois de ter falado cos/as usuarios/as, que son 70 maiores que están asociados ao programa “imos ao baile”, dende fai anos, eles decidiron autoxestionar os seus bailes e organizarse no centro sociocultural de Vite todos os sábados. Fai unhas semanas tiveron unha reunión coa concelleira de acción cultural, e solicitaron outro espazo, e facíanse cargo eles da autoxestión en relación cun técnico e un animador de centros socioculturais.

Entón este goberno municipal, duplicou os bailes dos maiores, agora hai bailes dos maiores todas as semanas en Vite e en Fontiñas.

Con respecto ao que se sinala na pregunta formulada de que non houbo bailes do programa, sinala a concelleira, que en xullo houbo o día 2 na Trisca, o 18 en Villestro e Nemenzo, e despois cinco actuacións, que si que foron reorganizadas dentro do programa de festas, porque este programa de “imos ao baile” era un programa de festas, relacións veciñais e centros socioculturais.

Engade dona Branca, que se están reorganizando non só os contidos, senón tamén a maneira de traballar, e tiveron interlocución con catro membros do grupo de usuarios que antes itineraban por todos os centros, e buscouse unha solución en común.

Con relación aos grupos, sinala a concelleira, por información dos técnicos moitos dos grupos non eran profesionais, isto fíxose por indicación dos técnicos, e decidiuse que efectivamente nos programas dos centros socioculturais o que hai é que darlle traballo aos músicos profesionais da cidade.

Foi unha orientación que moitos usuarios non quixeron asumir como positivo, e buscouse cunha interlocución directa como modificar o programa.

Pensa a concelleira que a día de hoxe hai dous bailes ao mes máis, e insiste, que se fixo unha reorientación do programa bastante positiva, non só pensando exclusivamente nos contidos, senón nas maneiras de reorganizar a política cultural do concello.

22. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas polos grupos políticos municipais, son as que a continuación se transcriben.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 10 de outubro de 2016, núm. 281, para que Santiago de Compostela aposte pola compostaxe de residuos e reduza a factura de Sogama

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, destinada a que Santiago de Compostela aposte pola compostaxe de residuos e reduza a factura de SOGAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O modelo de xestión de residuos domésticos de SOGAMA, no que participa este concello, está fundamentado na incineración e no vertido, e incumpre sistematicamente a xerarquía de tratamento do lixo que marca a lexislación na materia, resultando antiecolóxico, gravoso para as arcas públicas e ademais supón unha grave ameaza para o medioambiente e a saúde.

O macrovertedoiro da Areosa recolle xa 5 millóns de toneladas de lixo, segundo cálculos de Adegas, que ademais vén de denunciar que parte deste residuos non cumpren os límites legais de contaminantes para seren eliminados deste xeito. Primeiro en Trazo, logo en Ordes e recentemente en Lousame están a xurdir movementos veciñais contra a instalación de novos vertedoiros nas súas comarcas, que agroman consonte mingua o espazo nos complexos de Cerceda e As Somozas.

O folleto informativo que estes días a veciñanza de Compostela está a recibir nas súas vivendas “Sabes canto pagas polo lixo e por que” mantén o modelo de SOGAMA, e non fai ningunha mención a qué facer cos restos orgánicos, que supoñen perto do 50% dos residuos domésticos. Os biorresíduos son a fracción do lixo máis facilmente reciclábel, a través da compostaxe a pequena e mediana escala, e esta aposta é a que suporía o verdadeiro aforro para as arcas municipais. No propio folleto lémbrese o obxectivo recollido na lexislación en materia de residuos de que no 2020 deberá

reciclarse o 50% dos refugалlos, cifra imposible de conseguir sen a xestión dos biorresiduos a través da compostaxe.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Posta en marcha iniciativas concretas e temporalizadas para desvencellar Santiago de Compostela do modelo SOGAMA:

- Estendendo de xeito inmediato a compostaxe caseira e comunitaria a todas as parroquias e barrios da cidade.
- Promovendo a construción dunha planta de compostaxe propia para a cidade.
- Poñendo en marcha iniciativas, como os sistemas de porta-a-porta e a devolución-depósito-retorno, para mellorar a calidade da separación e recollida selectiva, en especial no sector comercial e hosteleiro.

2. Publicación na web municipal dos datos actualizados e históricos da recollida selectiva de residuos do concello de Compostela.

3. Aplicación de xeito automático da rebaixa fiscal a todas as vivendas con composteiro posto que, na actualidade, é unha dedución rogada e seguen a constar casos en que non se lle aplica.

2.- Rexistro de entrada do día 13 de outubro núm. 297, para a derogación da LOMCE e eliminación das reválidas.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para a derogación da LOMCE e ás súas reválidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un

ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.

3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.

EMENDA DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 20 de outubro de 2016, núm. 309, emenda do BNG de modificación da moción presentada por Compostela Aberta sobre as medidas urxentes en materia de réxime local.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, presenta para o seu debate en Pleno, a seguinte emenda de modificación do punto 3 da moción do grupo de Compostela Aberta sobre o apoio á proposición de lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local presentada no Congreso dos Deputados.

Propón modificar o punto 3 polo texto seguinte:

3. Instar ao Goberno galego a que demande do Goberno do estado a reforma urxente do financiamento local, en base aos seguintes obxectivos:

a) Un novo modelo que incremente a contía da participación nos ingresos do Estado que se destina aos concellos.

b) Un modelo de financiamento para as cidades equitativo, que rache coa discriminación que sofren as cidades galegas e elimine garantías de modelos anteriores que primaban a poboación.

c) Un modelo de financiamento que integre plenamente a participación dos concellos nos ingresos tributarios xerais nos orzamentos da Xunta de Galiza e se repartan consonte criterios consensuados, tal e como acontece co Fondo de Cooperación Local.

d) Un modelo de financiamento local que teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Así mesmo, acordar facer unha fronte común co resto de cidades galegas a través da FEGAMP para trasladar estas reivindicacións ao Goberno de Galiza e do Estado.

MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 13 de outubro de 2016, núm. 296, de apoio á proposición de lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local presentada no Congreso dos Deputados.

María Rozas Pérez, Concelleira de Economía e Facenda, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- As Administracións Locais foron as grandes prexudicadas polas políticas de austeridade levadas a cabo nos últimos anos polo Goberno central do Partido Popular. A modificación do artigo 135 da Constitución Española no ano 2011 elevou ao máximo expoñente normativo o concepto de “estabilidade orzamentaria”, que foi posteriormente desenvolvido a través da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, coñecida como “Lei Montoro”.

2.- Dende entón, as reformas impulsadas desde o Goberno Central supuxeron un retroceso considerable na autonomía dos gobernos locais. Atopámonos ante unha situación de emerxencia histórica no municipalismo, e por iso é urxente e imprescindible rematar coa asfixia competencial e financeira actual coa que a Lei 27/2013 somete aos concellos. Unha Lei que ademais contou, desde a súa tramitación, co absoluto rexeitamento de case todas as forzas parlamentarias representadas no Congreso. Mostra disto é o nulo consenso que se xerou durante a súa elaboración e aprobación, así como os recursos de inconstitucionalidade interpostos ante o Tribunal Constitucional por parte de case todo o arco parlamentario e varios Parlamentos e Gobernos Autonómicos.

Recursos que derivaron na anulación parcial de distintos e trascendentes preceptos da Lei 27/2013. No caso dos concellos, foron máis de 3.000 de todo o Estado, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, os que expresaron o seu rexeitamento a esta normativa e saíron en defensa da autonomía local.

3.- Supostamente, o obxectivo da Lei 27/2013 era axustar o funcionamento das Adminstracións Locais á conxuntura económica baixo o pretexto do despilfarro, o solapamento de competencias e o incumprimento financeiro. Porén, os efectos que en realidade se produciron foron unha merma importante nos servizos públicos prestados

polos entes locais, un incremento das privatizacións co seu consecuente aumento nos custos para a administración e unha redución nas competencias municipais.

4.- Neste sentido, a lei introduciu cambios substanciais no funcionamento dos Concellos, Deputacións (ou similares) e Comunidades Autónomas, amputando garantías democráticas, de representación e participación cidadá, recortando servizos sociais que se prestaban nos concellos de xeito satisfactorio e, en consecuencia, atentando contra o ámbito competencial das CCAA e contra a autonomía local, como incluso declarou o Tribunal Constitucional.

5.- Por todo o anterior, o pasado 4 de Outubro de 2016 rexistrouse no Congreso dos Deputados a “Proposición de Lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local polo Grupo Confederal Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea”, que contou co apoio de dúzias de concellos de todo o estado, representados alí polos de Madrid, Barcelona, Zaragoza, Cádiz, A Coruña e Valencia. Con esta Proposición preténdense implementar medidas urxentes que permitan aos concellos, ata que haxa unha nova Lei de Bases de Réxime Local, prestar os servizos esenciais necesarios para o funcionamento dos nosos concellos. Enténdese que o ámbito local constitúe un espazo fundamental para a defensa e a loita polos dereitos sociais como o dereito á sanidade, á educación ou á vivenda e que, polo tanto, é necesario sentar as bases do novo municipalismo do século XXI, que teña como bases a elaboración dunha nova Lei de Bases de Réxime Local, para clarificar e aumentar as competencias dos entes locais; garantir un novo sistema de financiamento local que asegure dereitos e a prestación de servizos esenciais; e garantir a transparencia e a participación directa e vinculante da cidadanía. Un novo municipalismo que se insira nunha necesaria nova estruturación do marco xurídico-político do Estado e do derivado réxime competencial das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais. Un novo marco que prevea tamén a substitución das actuais Deputacións provinciais.

6.- É necesario priorizar o criterio de Administración máis próxima á cidadanía, como garantía de universalidade, mellor cobertura territorial, calidade e control democrático na prestación dos servizos públicos, avanzar na formulación dun novo sistema de financiamento local que inclúa a redistribución dos fondos actualmente asignados ás Deputacións Provinciais, así como unha Lei de Facendas Locais de Galicia, que amplíe a participación dos Concellos nos Ingresos da Comunidade Autónoma e que redefina os actuais mecanismos de reequilibrio territorial. En definitiva trátase de construír cidades con dereitos, e recuperar os dereitos das persoas que as habitan.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación polo Pleno os seguintes ACORDOS:

1. Apoiar a tramitación nas Cortes Xerais do Estado da proposición de lei para aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local.e, por conseguinte, apoiar a derogación parcial e modificación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

2. Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado a que faciliten e apoien un proceso participativo e de diálogo e negociación institucional no que estean representados as Comunidades Autónomas, os entes locais, as asociacións de concellos, a sociedade civil e a cidadanía no seu conxunto, onde se elaboren as bases para a una nova estruturación e réxime xurídico das administracións locais sobre as bases da asunción de novas competencias, de garantir un financiamento adecuado e suficiente, así como a garantía á transparencia e a participación determinante da cidadanía.

3. Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia a formular e tramitar unha Lei de Facendas Locais de Galicia, que garanta a autonomía e a suficiencia financeira dos Concellos galegos, que amplíe a participación dos Concellos nos Ingresos da Comunidade Autónoma e que redefina os actuais mecanismos de reequilibrio territorial.

4. Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia a formular e tramitar a modificación da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, así como da Lei de administración local de Galicia e da Lei de delimitación e coordinación das deputacións.

5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado, do Parlamento de Galicia, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias.

EMENDA DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 19 de outubro de 2016, núm. 305, emenda de modificación á moción presentada polo BNG para que Santiago aposte pola compostaxe de residuos e reduza a factura de SOGAMA.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, emenda de modificación á moción do Grupo Municipal do BNG (rexistro de entrada 281 con data 10/10/2016), para que Santiago de Compostela aposte pola compostaxe de residuos e reduza a factura de Sogama.

A modificación proposta sobre o texto resolutivo da moción é a que se relaciona a continuación:

Onde di:

ACORDO

1.- Posta en marcha de iniciativas concretas e temporalizadas para a redución da fracción resto (non selectiva) de residuos producidos por Santiago de Compostela:

Estendendo de xeito inmediato a compostaxe caseira e comunitaria a todas as parroquias e barrios da cidade.

Promovendo a construción dunha planta de compostaxe para a propia cidade.

Impulsando a mellora da calidade da separación e recollida selectiva, en especial no sector comercial e hostaleiro.

2.- Publicación na web municipal dos datos actualizados e históricos da recollida selectiva de residuos do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Implantación dunha taxa diferenciada pola xestión dos residuos que inclúa a rebaixa fiscal por redución da xeración de residuos, vinculada á utilización de composteiros.

Que diga:

1.- Posta en marcha de iniciativas concretas e temporalizadas para a redución da fracción resto (non selectiva) de residuos producidos por Santiago de Compostela:

- Iniciar o proceso de implantación da compostaxe como parte fundamental dun renovado sistema de tratamento de RSU aplicando a compostaxe individual, comunitaria ou quinto contedor en función das características das distintas zonas da cidade.

- Promovendo a construción dunha planta de compostaxe para a propia cidade.

- Impulsando a mellora da calidade da separación e recollida selectiva, en especial no sector comercial e hostaleiro.

2.- Publicación na web municipal dos datos actualizados e históricos da recollida selectiva de residuos do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Estudar e implantar medidas que incentiven a práctica da compostaxe individual.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 17 de outubro de 2016, núm. 300, sobre a execución dun plan de accións urxentes para evitar os riscos de inundación en distintas zonas da cidade

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É sabido que a cidade de Santiago, como a maior parte das cidades que se foron construíndo ao longo dos séculos, ten un sistema de saneamento complexo no que conviven materiais e solucións técnicas superpostas que, mentres non se procede á súa renovación e adecuación, acaban por ocasionar problemas e disfuncións de moi diversa consideración.

A existencia dun sistema de saneamento maioritariamente unitario, onde converxen as augas residuais e as pluviais, e onde a rede separativa se circunscribe ás máis modernas urbanizacións, acrecenta as dificultades para unha correcta condución e tratamento das augas residuais, máxime naqueles terreos onde abunda a urbanización pechada e de carácter impermeable, como acontece en boa parte da nosa cidade, e especialmente no Núcleo histórico e no Ensanche, como principais zonas afectadas.

A pesar das importantes obras realizadas no conxunto da cidade neste terreo -algunhas delas de gran transcendencia aínda pendentes de acadar a súa plena funcionalidade- faise preciso avanzar nun estudo global e detallado da rede, as medidas concretas a adoptar, a súa priorización e a súa plena execución.

Esta planificación e o seu desenvolvemento adquire unha especial importancia no referente a aquelas zonas nas que se advirten reiterados problemas nas épocas de chuvia, que dan lugar a asolgamentos que ocasionan perdas e contratempos a boa parte da veciñanza da nosa cidade. A pesar dalgunhas actuacións puntuais acometidas nos últimos anos para tratar de minorar estes efectos, como as executadas na rúa do Franco, na zona dos Pelamios, no parque de Galeras e Carme de Abaixo ou na Avenida Mestra Vitoria Míguez, resta moito por facer para atallar as deficiencias que presenta a rede de sumidoiros da cidade.

O pasado día 12 de outubro, mércores, as precipitacións caídas na cidade inundaron varias zonas, principalmente nas rúas e locais de Frei Rosendo Salvado e na encrucillada de Entreríos e Galeras. Volvía a repetirse, un ano despois, a situación acontecida en outubro de 2015 cando as precipitacións caídas provocaban inundacións case nos mesmos puntos. Daquela os informes municipais recoñecían que as follas tupiran os sumidoiros, mentres o concelleiro responsable aludía á “problemas estruturais”, “obras executadas por anteriores gobernos municipais” e circunstancia de que “a alerta laranxa se rexistro no domingo, cando traballan menos operarios”, para explicar o acontecido.

Segundo informou o Goberno, o concelleiro encargou en outubro de 2015 un informe sobre os puntos negros da cidade en caso de temporal e as posibles solucións. Con inusitada celeridade, un mes despois, en novembro de 2015, presentou os resultados dese estudo, no que se sinalaban 17 puntos conflitivos, cuantificando as accións precisas para a súa resolución en 350.000 euros.

Transcorrido un ano, non temos constancia de que actuacións se teñen desenvolvido para atallar os problemas detectados e mesmo comprobamos con asombro que a veciñanza se queixa de que a acumulación de follas pode estar na orixe dalgúns dos casos puntuais. Unha cuestión de doada solución intensificando os labores de limpeza nas datas e nos concretos lugares nos que acostuman a repetirse estas situacións.

Somos conscientes da complexidade de actuar simultaneamente e de atallar ao mesmo tempo todas as deficiencias no sistema de saneamento –de feito, no anterior mandato iniciouse o desenvolvemento dun “estudo de técnicas de drenaxe urbana sustentable” para que as novas áreas urbanas tiveran menor impacto nas redes de saneamento, que contemplaba un proxecto piloto para o río do Corgo, e que se ía presentar ante a Unión Europea para obter financiamento, aínda que finalmente parece que non o obtivo- pero non se precisan grandes investimentos para afrontar as principais urxencias, como as acometidas no anterior mandato ou as dezasete medidas detectadas no estudo realizado en novembro do ano pasado, que deberían ser executadas coa maior axilidade.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta para o seu debate e consideración no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Tomando como base os estudos municipais xa elaborados, executar con carácter inmediato un plan de actuacións urxentes para solucionar as deficiencias detectadas na

rede de sumidoiros nas áreas habitualmente afectadas polas inundacións como consecuencia das precipitacións.

2. Elaborar un cronograma con cada unha das actuacións, onde se recolla o prazo para o remate das obras, así como os pasos dados ata a súa completa execución.
3. Establecer, en coordinación cos servizos de Meteogalicia, un sistema de avisos para que os servizos de emerxencia poidan estar en prealerta e actuar coa desexable anticipación.
4. Incluír no orzamento municipal para o ano 2017 aqueles actuacións que non sexa posible afrontar con cargo ás disponibilidades orzamentarias actuais.
5. Redactar un plan director para ampliar la rede separativa nun período realista e programar xa en 2017 actuacións neste senso.

2.- Rexistro de entrada do día 17 de outubro de 2016, núm. 301, sobre a cesión do uso dunha parcela municipal á asociación de dano cerebral Sarela

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación e mantemento da sociedade do benestar, tal e como hoxe a coñecemos en Galicia e en España, non sería posible sen o papel crucial que ten adquirido o chamado “terceiro sector”, constituído por asociación e entidades de carácter privado, voluntario e sen ánimo de lucro, a través das que se articulan diversas iniciativas para atender servizos esenciais, que veñen a complementar o esforzo que realizan as administracións públicas para tratar de darlle resposta ás crecentes necesidades e expectativas da poboación.

Por mor diso, é de xustiza facilitarlle a máxima colaboración e axuda a estas asociacións que fan posible unha resposta social coordinada e conxunta para ofrecer gran número de servizos e poder afrontar el reto de manter as cotas de benestar e de calidade de vida, que durante tantos anos e con tanto esforzo temos acadado.

A asociación Sarela é unha desas entidades sen ánimo de lucro que merecen o máximo apoio e atención. Constituída no ano 2000 e declarada como asociación de utilidade pública en 2008, está formada por persoas con dano cerebral adquirido, familiares e persoas socias colaboradoras. Nos seus 16 anos de vida, primeiro no seu centro nas Cancelas e actualmente no novo edificio construído no SUNP-14 de Tras Paxonal, a

asociación Sarela ofrece información, orientación, apoio psicolóxico, tratamentos e mesmo accións de inclusión social, tanto para as persoas afectadas como para os seus familiares. Todo iso co obxectivo de defender o dereito a unha mellor calidade de vida e tender á plena integración das persoas que sobreviven ao dano cerebral adquirido, logo de superar un ictus ou un traumatismo craneoencefálico.

Desde xaneiro de 2015 Sarela presta servizos de centro de día na súa sede de Tras Paxonal -concretamente na rúa Pedro Cabezas González-, onde dispón de 40 prazas, a metade delas concertadas coa Xunta de Galicia. O edificio, que se ergue nunha parcela cedida no seu día polo Concello de Santiago, viña funcionando desde os seus inicios coa licenza municipal de primeira ocupación e permiso de inicio de actividade parciais ata que no pasado mes de marzo se lle concederon as autorizacións totais, que lle van permitir á asociación continuar co desenvolvemento de novos servizos no primeiro andar, como o centro ocupacional, e a habilitación de novas áreas como a piscina terapéutica ou a sala de novas tecnoloxías.

Como complemento dos servizos prestados, a directiva da asociación Sarela ten manifestado o seu interese por dispoñer dunha superficie exterior que lle permita realizar distintas actividades relacionadas co lecer e o tempo libre. Con este fin no último ano do mandato anterior realizou unha petición ao Concello, que reiterou neste novo mandato nunha visita do alcalde e da concelleira responsable da área de políticas sociais en xaneiro deste ano e por escrito no mes de febreiro, para que por parte da Administración local se lle concedese a cesión dunha pequena parcela de propiedade municipal, colindante coa parcela do edificio da asociación, que desde que rematou a súa urbanización se atopa sen utilizar e co conseguinte aspecto de abandono. Unha cesión, en precario ou por un tempo limitado e en todo caso condicionada ás propias necesidades municipais, co que se podería colaborar coa asociación e, ao mesmo tempo, garantir o coidado e atención desta propiedade pública.

Ademais, neste mes de outubro, no que se celebran dúas datas de referencia como son o Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido e o Día Mundial do Ictus (os días 26 e 29 de outubro, respectivamente), sería un bo detalle por parte do Goberno e do conxunto da Corporación Municipal sumarse a estas dúas celebracións co acordo de cesión desta parcela, ata o de agora sen utilidade, para podela dedicar a actividades que poidan repercutir no tratamento e mellora das condicións de vida das persoas afectadas por unha lesión cerebral.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta para o seu debate e consideración no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que, logo de cumprimentar con axilidade os trámites preceptivos, proceda a ceder o predio municipal (DM-2) que linda co edificio da Asociación de Dano Cerebral Sarela no SUNP-14 de Traspaxonal, un terreo que se mantén baldío desde a súa urbanización, para que poida ser empregado temporalmente pola citada Asociación no desenvolvemento das actividades que lle son propias, mentres que o Concello non acorde dispoñer del.

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 17 de outubro de 2016, núm. 303, emenda á moción do BNG para que Santiago aposte pola compostaxe de residuos e reduza a factura de Sogama.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE MODIFICACION DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SANTIAGO DE COMPOSTELA APOSTE POLA COMPOSTAXE DE RESIDUOS E REDUZA A FACTURA DE SOGAMA, de data 7 de outubro de 2016.

Proponse a modificación do texto resolutivo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

ACORDO

1. Posta en marcha de iniciativas concretas e temporalizadas para a redución da fracción resto (non selectiva) de residuos producidos por Santiago de Compostela:

- Estendendo de xeito inmediato a compostaxe caseira e comunitaria a todas as parroquias e barrios da cidade.
- Promovendo a construción dunha planta de compostaxe para a propia cidade.
- Impulsando a mellora da calidade da separación e recollida selectiva, en especial no sector comercial e hostaleiro.

1. Publicación na web municipal dos datos actualizados e históricos da recollida selectiva de residuos do concello de Santiago de Compostela.

2. Implantación dunha taxa diferenciada pola xestión dos residuos que inclúa a rebaixa fiscal por redución da xeración de residuos, vinculada á utilización de composteiros.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 17 de outubro de 2016, núm. 304, en relación ao centro de saúde de Conxo e o Plan Director do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas do Concello de Santiago de Compostela están preocupados pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo un progresivo deterioro dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera e, na Atención Primaria, a paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente a ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto acompañado e en parte motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.

Unha parcela para o Centro de Saúde de Conxo foi posta a disposición da Xunta de Galicia por acordo do 15 de febreiro de 2011 do Concello de Santiago de Compostela, e aínda non foi nin recepcionada. Ademais, o Goberno municipal de progreso, en coalición PSdeG-PSOE e BNG, acordou en Xunta de Goberno, con data de 15 de febreiro do 2011 que as obras de construción do centro de Conxo debería de ser iniciadas no prazo de tres meses contados a partir da formalización da cesión do solo e previa a obtención das licenzas e autorizacións necesarias e que as devanditas obras terían que ser finalizadas nos prazos previstos na correspondente licenza e, no seu defecto, nos prazos establecidos pola normativa aplicable en materia urbanística e que, en calquera caso, o centro tiña que estar en funcionamento no prazo máximo de 2 anos a contar dende a formalización da cesión.

En outubro de 2010, o Goberno da Xunta someteu á información pública un estudo de viabilidade económico financeira, para a construción de 19 centros de saúde SERGAS, elixindo a fórmula de concesión de obra pública para o seu financiamento, construción e xestión; o que supón avanzar no proceso de privatización da Atención primaria da Saúde no SERGAS.

O PSdeG-PSOE, como a maioría das organizacións na defensa e mellora dos coidados de saúde e os sindicatos de clase, defende, sen ningunha ambigüidade, un modelo de Xestión Pública directa das infraestruturas sanitarias. Pero cremos que iso non pode ser un impedimento para que todos os grupos deste municipio votemos e esixamos uns servizos e unhas infraestruturas sanitarias, neste caso, o Centro de Saúde de Conxo, que a nosa cidade necesita dende hai tempo.

No Consello da Xunta do 29 de xuño aprobouse a licitación de 14 centros de saúde dos 19 previstos no Plan de Modernización de Infraestruturas sanitarias 2010-2013, incluíndo o Centro de Saúde de Galeras e esquecendo o Centro de Saúde de Conxo.

O Centro de Saúde de Conxo ten prevista una dotación dunha decena de consultas de medicina xeral, sete de enfermaría, dúas de pediatria e catro consultas de fisioterapia, ofertando un equipamento necesario para atender a poboación dunha área do noso Concello que está a medrar nos últimos dez anos.

Ademais debemos sinalar que o CHUS constituíuse en 1993 e desde entón ata hoxe prestou un gran servizo á cidade, sendo un exemplo de xestión e prestación de servizos sanitarios. O traballo dos seus profesionais é un referente na nosa Comunidade.

En abril de 2009 a ex-Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, Pilar Farjas, adquiriu o compromiso de levar a cabo una reforma moi importante recollida no denominado Plan Director do CHUS.

A reforma consistía na mellora e modernización das infraestruturas e dotacións d Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e prevíase un incremento de 52.336 metros cadrados de superficie nos próximos anos, entre obra nova e reformas. A maior intervención será para construír o edificio que substitúa ao actual Hospital Gil Casares, que disporá de 22.408 metros cadrados; a reforma do Hospital de Conxo afectará a 16.272; as reformas no Clínico, a 10.252. A ampliación das súas instalacións en 48.000 m2 dará cabida a novos servizos.

Teñen transcorrido 7 anos desde que se formulou esta promesa e ata a data nada se sabe dela. Non só non se ampliou nin reformou o hospital, senón que polo transcurso do tempo os espazos foron deteriorándose progresivamente. Só se levaron a cabo pequenas reformas pero non a integral anunciada.

Cremos que estamos ante un momento importante para o noso Concello, no que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertenzan os seus membros, debe estar á altura das demandas dos veciños e traballar conxuntamente para que Santiago dispoña de servizos da sanidade públicos de calidade.

POR TODO O EXPOSTO, PROPOÑEMOS A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

PRIMEIRO. Instar á Consellería de Sanidade a que dunha vez por todas cumpra coa súa obriga de velar pola saúde dos veciños e veciñas de Compostela e constrúa e poña en marcha á maior brevidade posible o centro de saúde de Conxo.

SEGUNDO. Instar á Xunta a incluír nos presupostos para o 2017 a cantidade precisa para a reforma e ampliación do Hospital comprometida no Plan Director do CHUS de 2009 elaborado polo Servizo Galego de Saúde.

TERCEIRO. Instar á Xunta de Galicia a que a construción e o equipamento de infraestruturas sanitarias se financie con diñeiro público 100% a través do capítulo VI de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, a través da empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

CUARTO. Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade, ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta.

QUINTO. Comunicar a presente proposición da Corporación Municipal de Santiago de Compostela ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles, a máxima difusión ao seu contido.

O Sr. Alcalde, di que comezase o debate das mocións presentadas polos grupos municipais, que como cada pleno ordinario enténdese aprobada a urxencia das mesmas, despois da deliberación en Xunta de Portavoces.

Comézase o debate das mesmas por orde de entrada.

A primeira é unha moción do BNG, para que Santiago de Compostela aposte pola compostaxe de residuos e reduza a factura de Sogama, que ten dúas emendas do Partido Popular e Compostela Aberta, e que se acordou en Xunta de Portavoces traballar nunha transaccional.

Don Rubén Cela Díaz, comeza dicindo que en aras de aforrar tempo non vai facer unha explicación da moción de xeito detallado, porque ao fin e ao cabo é unha moción que ten como obxectivo, avanzar nun modelo alternativo na xestión de residuos sólidos en Santiago de Compostela.

Segue a dicir que como comentou o Sr. Alcalde había unha proposta de emenda por parte do Partido Popular, que ao BNG lle parecía correcta, e por parte do grupo de Compostela Aberta tamén se facía unha proposta, que neste caso estaba referida a literalidade da emenda do Partido Popular, e o BNG en aras de poder buscar unha posición de consenso que puidera servir a todos os grupos o que formula o BNG é unha proposta de transaccional, na que basicamente os acordos serían por unha banda:

Primeiro elemento, por en marcha iniciativas concretas e temporalizadas para a redución da fracción resto (non selectiva) de residuos producidos por Santiago de Compostela:

- Iniciar o proceso de implantación da compostaxe como parte fundamental dun renovado sistema de tratamento de RSU aplicando a compostaxe individual, comunitaria ou quinto contedor en función das características das distintas zonas da cidade.
- Promovendo a construción dunha planta de compostaxe para a propia cidade.
- Impulsando a mellora da calidade da separación e recollida selectiva, en especial no sector comercial e hostaleiro.

Segundo elemento, publicación na web municipal dos datos actualizados e históricos da recollida selectiva de residuos do concello de Santiago de Compostela.

Terceiro, a implantación dunha taxa diferenciada pola xestión dos residuos que inclúa a rebaixa fiscal por redución da xeración de residuos previa comprobación, vinculada á utilización de composteiros.

Remata a súa intervención, don Rubén Cela, que con esta redacción, queda un acordo que é asumible por todos os grupos, e cúmprese coa función fundamental que para o BNG tiña esta moción, que era a de formalizar un acordo do conxunto da corporación no avance do concello no modelo alternativo á xestión actual dos residuos sólidos urbanos.

Dona Milagros Castro Sánchez, comeza anunciando a concelleira do grupo Socialista o voto favorable do seu grupo.

De todos os xeitos, engade, que quere facer algunha consideración ao respecto.

Para reducir os custes que o concello debe facer a Sociedade Galega de Medio Ambiente pola xestión dos residuos urbanos que integran a chamada bolsa negra, di a concelleira, que este obxectivo debería de levarse a práctica baixo a premisa fundamental da necesidade de tender cara un reciclado de alta calidade, non só no que atinxe aos bioresiduos, senón tamén a outras recollidas selectivas, do vidro ou dos envases, e iso non se está a facer.

Segundo os datos dos que dispón o grupo municipal Socialista, aproximadamente, o 82% dos residuos municipais seguen a ser recollidos de forma mesturada, polo que as

bases do futuro modelo local, o grupo Socialista cre que deberán asentarse en primeiro lugar na mellora da recollida selectiva dos diferentes residuos, o que carrearía non só unha diminución dos custes da bolsa negra que lle é entregada a SOGAMA, senón tamén, un incremento dos beneficios que comportaría a ausencia dos chamados improprios, favorecendo así unha maior facturación a ECOEMBES, esta facturación vai repercutir de xeito beneficioso nos ingresos do Concello.

Para o grupo municipal Socialista, pensa que sería aconsellable é unha implantación de xeito progresivo da recollida selectiva de bioresiduos impulsando a autocompostaxe caseira de forma voluntaria. De xeito que por unha banda se teñan controladas as condicións físico químicas da elaboración do compost, non é sinxelo, así como os materiais empregados para a obtención dunha compostaxe de calidade.

Os improprios na recollida selectiva masiva conducen á elaboración de compost con metais pesados que as veces superan os límites establecidos para un compost de calidade, e polo tanto, é un compost que despois non serve para nada.

Outros modelos de recollida que se están desenvolvendo en Galicia, exemplo a planta de Nostión, constátase segundo os datos feitos públicos polo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, que no ano 2013 se recuperaron nas devanditas instalacións catorce toneladas de compost, fronte 13.308 toneladas de compost que estiveron fora de especificación e que tiveron que ser destinadas a depósitos en vertedoiros porque non servían para nada.

Quere apuntar a concelleira do grupo Socialista, dona Milagros Castro, que ademais da calidade do compost, terase que asegurar a dispoñibilidade do terreo sobre o que se vai aplicar este compost.

Sinala que un dos problemas disto, é a falta de mercado para o compost de bioresiduos, hai moito excedente.

Con respecto á publicación na web o grupo municipal Socialista está totalmente de acordo, pensan que deben estar publicados non só os datos da recollida selectiva senón tamén os datos de facturación de ECOEMBES e ECOVIDRO, deste xeito, as veciñas e os veciños poderían ter información do custe real dos seus residuos e da importancia que ten a separación para a minoración dos custes.

Remata dicindo a señora Castro, que lles parece acaído o feito de vincular unha rebaixa fiscal a unha previa comparación, o mero feito da tenencia dun composteiro non significa necesariamente o seu emprego, nin tampouco que se estean a cumprir os feitos que determinarían o dereito a bonificación que actualmente se prevé na ordenanza fiscal.

O aforro para o cidadán terá que vir precisamente xustificado polo aforro nos custes que a entidade local lle suporía a eliminación deses residuos orgánicos ou bioresiduos que se deixaran de depositar para a súa xestión polo concello.

Reitera o voto a favor do grupo municipal Socialista, e vai deixar constancia dunha reflexión feita por D. Javier Ansorena que é o director técnico do plan de residuos de Guipuzcoa 2002-2016, no seu libro “El compost de bioresiduos, normativa, calidad y aplicaciones” e que di: “que é necesaria unha análise rigorosa das necesidades reais de compost, coa participación activa de todos os axentes produtores e os destinatarios do mesmo”.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza a súa intervención dicindo que o grupo municipal do Partido Popular en liñas xerais están de acordo co fondo da moción, na medida en que potencia a compostaxe.

Un obxectivo que coincide co plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, que está a desenvolver a Xunta de Galicia, que está aprobado, e que cre que sería bo que todos e todas os que están aquí falando deste tema coñezan en profundidade.

Cren e están convencidos dende o grupo Popular, que ese plan pode influír na desconxestión, pero non na desconexión do complexo ambiental de Sogama, como se planteaba na primeira redacción a moción do BNG.

Evidentemente, están de acordo na transacción, pero engade que non obstante a parte expositiva é susceptible dunha profunda matización, atendendo a cuestións e afirmacións que fai en relación co papel de Sogama, para os concellos galegos e en particular para o Concello de Santiago.

É curioso o uso político, as afirmacións que se fan neste caso dende o BNG, pero outras veces tamén o grupo Socialista, a respecto do proxecto de Sogama, afirma o señor Hernández que é un proxecto modélico. O di con humildade en primeira persoa, posto que participou na parte técnica da súa adxudicación, e ademais, tivo persoalmente competencias de máximo nivel ao respecto da sociedade.

Segue a dicir, que a verdade é que o Partido Socialista e o BNG tiveron a oportunidade de xestionar ese proxecto durante os catro anos do bipartito, por certo os catro anos máis negros da Sociedade Galega de Medio Ambiente, e non o di porque alí se trate a bolsa negra, senón porque foi un auténtico desastre.

Compostela Aberta non tivo, e non parece que vaian ter polo de agora posibilidades de ter competencias sobre o proxecto de Sogama, a pesares de que o señor Díos dicía fai

uns meses que ían botar ao PP da Xunta, parece que iso non aconteceu, e polo tanto, están tranquilos, porque Sogama ten unha xestión absolutamente exemplar.

Quere facer outra reflexión a respecto de Sogama, que é curioso que a única época na que Sogama a petición do socio privado repartiu dividendos foi cando a xestión da Xunta estaba en mans dun goberno de progreso, BNG e Partido Socialista, permitiron que houbera reparto de dividendos na Sociedade Galega de Medio Ambiente, non volveron a existir dende o ano 2009, todos os beneficios de Sogama foron reinvestidos na mellora do complexo ambiental de Cerceda.

Remata dicindo o señor Hernández, que obviamente están de acordo en que o Concello de Santiago sega a senda do plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, que curiosamente o que plantexa e o que persegue é que os concellos manden menos residuos a Sogama. Sogama terá menos ingresos, pero os concellos farán unha mellor xestión deses residuos, iso é o que plantexa o plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, tamén plantexa a potenciación da compostaxe, por certo unha planta na propia instalación de Sogama que foi iniciada formalmente onte pola Conselleira de Medio Ambiente en funcións, en varias plantas espalladas por Galicia, eles o seu grupo non ten nada en contra, se é vontade do goberno que unha das plantas poida estar no Concello de Santiago, por iso apoian este texto transaccional, pero agardan que no futuro o PSdeG e o BNG teñan algo máis de coherencia na xestión destas cuestións ligadas ao plan de residuos sólidos urbanos.

Pon o señor Hernández para rematar un último exemplo a respecto da política do BNG en relación a SOGAMA é o que acontece en Pontevedra, que despois de non pagar durante moitos anos, e que tivo que facer foi pagar o principal e máis de trescentos mil euros de intereses por negarse a pagar un servizo que a Xunta estaba a prestar a ese concello.

Don Xan Duro Fernández, comeza a súa intervención dicindo que como saberán todos e todas o vindeiro ano remata a concesión que ten agora mesmo URBASER, e esta constituída dende fai mes e medio unha comisión técnica para traballar o novo prego da licitación da xestión dos residuos, pero dun xeito totalmente distinto ao que existe na actualidade.

A proposta que se está a elaborar por parte do grupo de goberno, está estrutura arredor dun modelo de mellora continua e facturación variable, cun sistema de seguimento-control permanente das actuacións da concesionaria, baseada en TICS e en equipos de inspección de rúa, e que incorpora tal como di a moción do BNG, a compostaxe individual, a comunitaria e o quinto contedor en función das características de cada zona da cidade.

Como saben, porque está seguro o señor Xan Duro, que seguen as roldas de prensa do grupo de goberno, iniciouse un proxecto piloto de illas de compostaxe comunitaria en Salgueiriños, Santa Marta e Galeras, simplemente queda instalar os composteiros e comezar o proceso de formación coas persoas que queiran participar de maneira voluntaria.

Remata dicindo que apoian a moción, porque é algo que xa se está a desenvolver, e coinciden totalmente co BNG, así mesmo, di que calquera outro día falarán do plan de residuos da Xunta que hai moito do que falar nese tema.

Don Rubén Cela Díaz, soamente quere dicir que discrepa da valoración que fai o portavoz do Partido Popular a respecto do modelo de Sogama. O BNG ten unha perspectiva moi diferente, e facía referencia da visión que ten o BNG noutros concellos, e entón invítalle ao señor Hernández a que coñeza o que está a impulsar o Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Pontevedra a respecto da compostaxe, ou as experiencias prácticas que se teñen desenvolvido en concellos como San Sadurniño, Tomiño ou Allariz ao respecto.

En calquera caso, considera o señor Cela, é que o Pleno da Corporación aprobe unhas liñas que entende que son moi xenéricas, pero marcan unha declaración de intencións de cara onde debe camiñar o concello no cambio de modelo de xestión de residuos sólidos urbanos, e intentando corrixir algunhas das eivas que se teñen detectado nos últimos anos.

Considera que o acordo ao que se chega é razoable, e a partir de aí, o BNG estará atento ao cumprimento do mesmo.

Unha vez rematado o debate da moción, tratada en primeiro lugar, presentada polo grupo municipal do BNG, en relación á compostaxe, e despois das emendas feitas á mesma polo Partido Popular e Compostela Aberta, chegouse a un acordo transaccional, polo que o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Posta en marcha de iniciativas concretas e temporalizadas para a redución da fracción resto (non selectiva) de residuos producidos por Santiago de Compostela:

- Iniciar o proceso de implantación da compostaxe como parte fundamental dun renovado sistema de tratamento de RSU aplicando a compostaxe individual, comunitaria ou quinto contedor en función das características das distintas zonas da cidade.

- Promovendo a construción dunha planta de compostaxe para a propia cidade.

- Impulsando a mellora da calidade da separación e recollida selectiva, en especial no sector comercial e hostaleiro.

2. Publicación na web municipal dos datos actualizados e históricos da recollida selectiva de residuos do concello de Santiago de Compostela.

3. Implantación dunha taxa diferenciada pola xestión dos residuos que inclúa a rebaixa fiscal por redución da xeración de residuos previa comprobación, vinculada á utilización de composteiros.

O Sr. Alcalde, di que lle toca agora a quenda a unha moción de Compostela Aberta en apoio á proposición de lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local.

Dona María Rozas Pérez, comeza expoñendo o texto da moción:

As Administracións Locais foron as grandes prexudicadas polas políticas de austeridade levadas a cabo nos últimos anos polo Goberno central do Partido Popular. A modificación do artigo 135 da Constitución Española ou a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, coñecida como “Lei Montoro”, foron tremendamente prexudiciais para as administracións locais.

Dende entón, as reformas impulsadas desde o Goberno Central supuxeron un retroceso considerable na autonomía dos gobernos locais. Atópanse ante unha situación de emerxencia histórica no municipalismo, e por iso é urxente e imprescindible rematar coa asfixia competencial e financeira a que están sometidos os concellos.

Unha Lei que ademais contou, desde a súa tramitación, con grandes rexeitamentos. Lei na que non houbo ningún tipo de consenso e recursos de inconstitucionalidade interpostos ante o Tribunal Constitucional.

Recursos que derivaron na anulación parcial de distintas partes da Lei 27/2013. No caso dos concellos, foron máis de 3.000 de todo o Estado, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, os que expresaron o seu rexeitamento a esta normativa e saíron en defensa da autonomía local.

Supostamente, o obxectivo da Lei 27/2013 era axustar o funcionamento das Adminstracións Locais ante a conxuntura económica baixo o pretexto e a visión da administración local como despilfarro, solapamento de competencias e incumprimento financeiro.

Sen embargo, os efectos que en realidade se produciron foron unha merma importante nos servizos públicos prestados polos entes locais, un incremento das privatizacións co seu consecuente aumentos nos custos para a administración e unha redución nas competencias municipais.

Neste sentido, a lei introduciu cambios substanciais amputando garantías democráticas, amputando garantías de representación e participación cidadá, recortando servizos sociais que se prestaban nos concellos de xeito satisfactorio e, indo en contra da autonomía local, como incluso declarou o Tribunal Constitucional.

Por todo o anterior, o pasado 4 de outubro de 2016 presentouse no Congreso dos Deputados a “Proposición de Lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local.

Con esta proposición preténdese a redacción dunha nova Lei de Bases de Réxime Local, que garanta a prestación de servizos esenciais necesarios para o funcionamento dos concellos, e así mesmo, que garanta un financiamento das administracións locais.

Considera por iso, o grupo de goberno, a necesidade de presentación da moción para que se aproben en Pleno os seguintes acordos:

Apoiar a tramitación nas Cortes Xerais do Estado da proposición de lei para aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local e, por conseguinte, apoiar a derogación parcial e modificación da Lei 27/2013.

Instar ao Goberno Central a que abra e apoie un proceso participativo e de diálogo, onde se elaboren as bases para garantir un novo réxime da administración local, no que se garanta o financiamento adecuado e suficiente para os concellos.

Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia a tramitar unha Lei de Facendas Locais de Galicia, e adianta a señora Rozas que neste sentido aceptan a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia a formular e tramitar a modificación da Lei 5/2014.

Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado, do Parlamento de Galicia, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias.

Don Rubén Cela Díaz, empeza a súa intervención dicindo que certamente a crise económica agravou a insuficiencia financeira de por si xa estrutural que padecen os

concellos en Galiza e no conxunto do Estado Español, tendo moitos deles grandes dificultades para atender os servizos públicos básicos, ademais disto, a supeditación das finanzas locais o dogma da contención rigorosa do déficit público coa reforma exprese do artigo 135 da Constitución, ten sacrificado a capacidade de endebedamento dos entes locais, inclusive, cando está destinada a botar recursos para investimento produtivo e social.

Esta situación de insuficiencia, é agravada no caso dos concellos galegos, que son discriminados no reparto de fondos do goberno español, o que supón que cada veciño ou veciña dunha vila ou cidade galega recibe 50 euros menos que a media estatal, co actual sistema de reparto de participación dos ingresos do estado, o PIE.

Da contía total dos fondos para os concellos chega aos municipios do país ao 5,05% malia a representar o 6,24% da poboación total.

En termos percápita cada concello recibe 209 euros/habitante, fronte aos 259 euros/habitante de media no estado. Esta situación de discriminación agudízase no caso das grandes cidades galegas entre as que se atopa Santiago de Compostela, por como exemplo Málaga que recibe o mesmo financiamento do estado douscentos trinta millóns de euros que a seis grandes cidades galegas xuntas, douscentos trinta e dous millóns de euros, aínda que estas duplican en poboación a de Málaga.

En tanto o financiamento local non estea integrado nun novo modelo de financiamento para Galiza, coa finalidade de propiciar máis recursos aos concellos galegos, dende o BNG demandarán unha reforma do actual modelo de financiamento local, que teña en conta os maiores custes da prestación dos servizos derivados da realidade galega.

Deste xeito deberían adoptarse os criterios de dispersión, criterio que está moi patente no caso concreto de Santiago de Compostela, con máis de douscentos vinte quilómetros cadrados, e é evidente que atender a rede de abastecemento, de saneamento e de iluminación, o coidado das pistas, ou o rozado das mesmas, pois non ten nada que ver cos custos da prestación dese servizo noutros concellos do estado, e o envellecemento da poboación, e neste caso os especialistas entenden que non debería existir unha segregación de maiores de 65, senón que debería de existir unha dupla segregación, maiores de 65 e maiores de 85 anos, que no caso galego ten unha incidencia moito maior, e que está demostrado que ten un incremento exponencial no gasto público, sobre todo no que ten que ver coa atención sanitaria e social.

Quere tamén o BNG que se transfira á Xunta de Galicia, para quen sexa a administración galega quen realice o reparto destes fondos entre os concellos para poder modificar o reparto en función da poboación de cada concello, que na actualidade prima ás grandes cidades sobre o resto.

Na emenda polo BNG presentada, basicamente, o que introducían é a idea dun novo modelo que incrementa, por unha banda, a participación nos ingresos do Estado do conxunto dos concellos; en segundo lugar, un modelo de financiamento para as cidades que sexa equitativo e que rache coa discriminación a que se referiu don Rubén antes; en terceiro lugar, un modelo de financiamento que integre plenamente a participación dos concellos nos ingresos tributarios xerais nos orzamentos da Xunta de Galiza e se repartan consonte a criterios consensuados, como acontece no caso do fondo de cooperación local; e en cuarto lugar, que sexa un modelo de financiamento local que teña en conta os incrementos de custes propios dun país como Galiza, que non só son os de dispersión e envellecemento da poboación.

Remata o señor Cela, dicindo que se debe acordar facer unha fronte común co resto de cidades galegas a través da Fegamp para trasladar todas estas reivindicacións tanto ao goberno galego como ao goberno central.

Don Francisco Reyes Santiás, di que efectivamente a lei de racionalización e sustentabilidade da administración local veu reformar a lei reguladoras das bases de réxime local, de maneira que supuxo un ataque frontal a autonomía local e a súa capacidade de prestar servizos á cidadanía.

A consideración que existía ata ese momento do municipio como goberno político, foi claramente diminuído e o converteu nun mero xestor de decisións alleas.

Os concellos foron as administracións públicas que sufriron as políticas de austeridade máis agresivas e insolidarias.

A reforma exposta privou ás entidades locais das competencias en materia de prestacións de servizos sociais, así como noutras competencias vencelladas á sanidade, consumo, igualdade, políticas de emprego.

A nova lei consagrou unha visión exclusivamente de economía das funcións do estado, e en especial das entidades locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as administracións públicas en vez de situar a atención aos cidadáns e cidadás e a calidade na prestación dos servizos no centro de reforma.

Esta medida de suposto aforro estableceuse sobre a administración local, a única na que as previsións ata 2019 do déficit se sitúan no 0,0%.

Indica o Sr. Reyes, que dende o principio o Partido Socialista se opuxo frontalmente á devandita reforma, porque entenden que ataca e dana a raíz mesma do goberno

municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou a privatización dos servizos sociais que prestan os concellos.

Entende o grupo Socialista, que o texto é unha ataque a carta europea de autonomía local.

A lei opuxéronse alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular e por iso presentouse un recurso de inconstitucionalidade contra a mesma, máis de tres mil concellos de toda España que representan a máis de dezaseis millóns de cidadáns e cidadás.

A crise económica supón novos retos para as entidades locais, retos que unidos á necesaria derogación da lei de reforma local, abre un escenario que debe estar protagonizado polas propostas, o diálogo, e o consenso político para resolver con eficacia os problemas que veñen arrastrando as entidades locais, e cuxos primeiros afectados son os cidadáns e cidadás.

O principal obxectivo debe ser aplicar o principio de subsidiariedade. As entidades locais son as administracións máis próximas á cidadanía, por iso reforzar o seu carácter democrático e mellorar a súa capacidade para prestar servizos deben de ser as súas prioridades.

Para todo iso, é fundamental a participación da cidadanía nas decisións máis importantes dos concellos, mediante mecanismos efectivos de participación.

A segunda característica ten que ser a transparencia, a cidadanía necesita saber de forma clara, que fai a administración que teñen máis próxima, só así se poderá xulgar e controlar aos gobernos locais e os seus representantes.

O terceiro trazo é a suficiencia orzamentaria, dende hai moito tempo os concellos necesitan unhas competencias claras e uns ingresos suficientes para levalas a cabo, só unha administración que atende aos cidadáns e cidadás é unha administración útil.

Anuncia o señor Reyes que o voto á proposta de Compostela Aberta sería a favor, senón fora polo problema cando fan a súa proposta non propoñen reformar ou derogar a lei de racionalización e sustentabilidade de administración local, o singularizan pola presentación da proposición de lei que presentou Unidos Podemos, En Comú Podem e en Marea o 4 de outubro de 2016, insiste o señor Reyes, que é lexítimo pero que singulariza, e entón nese caso o grupo Socialista vaise abster.

Don Manuel Martínez Varela, comeza a súa intervención dicindo que neste pleno xa foi debatida a Lei 27/2013, unha moción do Partido Socialista na que instaba a

derrogación da devandita lei, polo tanto, o Pleno do Concello de Santiago de Compostela xa se pronunciou sobre un tema que o Partido Popular consideraba que excedía moitísimo o seu ámbito de aplicación, pero é que agora, como xa se adiantou por parte do Sr. Reyes, vaise moito máis ala, agora pídese que este pleno se pronuncie sobre unha proposición de lei, que establece como deben estar redactados artigos da Lei de Bases de Réxime Local e da Lei de Facendas Locais.

Proposición de lei lexítima presentada no Congreso dos Deputados, pero dunha lectura rápida desta proposición de lei, en primeiro lugar fala da Lei 30/92, que está derogada; en segundo lugar, fala do Estatuto Básico do Empregado Público, cando está derogado dende o ano 2015; fala na disposición derogatoria única que se derroga de forma expresa a disposición adicional segunda da Lei 7/2007, no que se refire aos funcionarios de habilitación estatal, que está totalmente derogado, e ademais, actualmente son os funcionarios de habilitación nacional; fala na disposición derogatoria única que se derroga de forma expresa a disposición transitoria sétima da Lei 7/2007, que está totalmente derogada, e non recuperou vixencia.

Así mesmo, propón que o artigo 85 da Lei de bases de réxime local se remita na forma de xestión dos servizos públicos ao establecido no artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público que foi derogado pola lei 5/2015, e ademais é idéntico ao establecido no artigo 9 da Lei 5/2015.

Polo que o señor Martínez, pensa que dunha lectura rápida da proposición, non parece serio, e tamén hai que ter en conta, que propón a derogación e polo tanto suprime a disposición adicional primeira que esta dedicada ao réxime foral Vasco; a disposición adicional segunda dedicada ao réxime foral Navarro; a disposición adicional cuarta dedicada ao réxime especial das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, etc., etc.

Considera don Manuel Martínez, que neste pleno ninguén está capacitado nin técnica, nin xuridicamente para falar de algo que atinxe ás distintas comunidades autónomas.

Hai outra cousa que tamén lle chama moito a atención ao concelleiro do Partido Popular, sen embargo propón que se derroge o establecido no réxime foral Vasco, na Lei de bases de réxime local, pero no tocante ao establecido na lei de facendas locais, para o réxime foral Vasco, propón que se manteña.

Con respecto á emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego, hai algúns aspectos da mesma, que por parte do Partido Popular incluso se poderían compartir, o tema de que se estableza e se inste ao estado para que establezan un modelo de financiamento que incremente os recursos dos concellos, totalmente de acordo, ou que se teña en conta o maior custo dos servizos públicos motivado pola dispersión da poboación en Galicia, totalmente de acordo.

Engade o señor Martínez que na mesma, tamén hai aspectos que non están o suficientemente traballados, como por exemplo un modelo de financiamento que integre plenamente a participación dos concellos nos ingresos tributarios xerais nos orzamentos da Xunta de Galiza e se repartan consonte a criterios consensuados, tal e como acontece co Fondo de Cooperación Local, isto non ten moi claro o señor Martínez a que se refire, porque actualmente, o Fondo de Cooperación Local é un mecanismo a través do cal os diversos concellos participan nos ingresos tributarios da Comunidade Autónoma de Galicia, porque participan dos ingresos establecidos nos capítulos I, II e III, o que se poderá discutir son os criterios en base ao que se distribúen.

Insiste o señor Martínez, que no pleno xa foi debatido sobre a Lei 27/2013, e isto parécelle ao seu grupo un revoltó que non ten nada que ver coas competencias que ten o pleno, e en base a todo o exposto o grupo municipal do Partido Popular non vai apoiar esta proposición.

Rematado o debate da moción do grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio á proposición de lei para a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local, e unha vez aceptada a emenda de modificación presentada polo grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación, por 12 votos favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), 3 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Apoiar a tramitación nas Cortes Xerais do Estado da proposición de lei para aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local e, por conseguinte, apoiar a derogación parcial e modificación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
2. Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado a que faciliten e apoién un proceso participativo e de diálogo e negociación institucional no que estean representados as Comunidades Autónomas, os entes locais, as asociacións de concellos, a sociedade civil e a cidadanía no seu conxunto, onde se elaboren as bases para a nova estrutura e réxime xurídico das administracións locais sobre as bases da asunción de novas competencias, de garantir un financiamento adecuado e suficiente, así como a garantía á transparencia e a participación determinante da cidadanía.
3. Instar ao Goberno Galego a que demande do Goberno do estado a reforma urxente do financiamento local, en base aos seguintes obxectivos:

a) Un novo modelo que incremente a contía da participación nos ingresos do Estado que se destina aos concellos.

b) Un modelo de financiamento para as cidades equitativo, que rache coa discriminación que sofren as cidades galegas e elimine garantías de modelos anteriores que primaban a poboación.

c) Un modelo de financiamento que integre plenamente a participación dos concellos nos ingresos tributarios xerais nos orzamentos da Xunta de Galiza e se repartan consonte criterios consensuados, tal e como acontece co Fondo de Cooperación Local.

d) Un modelo de financiamento local que teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Así mesmo, acordar facer unha fronte común co resto de cidades galegas a través da FEGAMP para trasladar estas reivindicacións ao Goberno de Galiza e do Estado.

4. Instar ao novo Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia a formular e tramitar a modificación da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, así como da Lei de administración local de Galicia e da Lei de delimitación e coordinación das deputacións.

5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado, do Parlamento de Galicia, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias.

O Sr. Alcalde di que lle toca a quenda agora a moción do BNG, relativa á derogación da LOMCE e eliminación das reválidas.

Dona Goretti Sanmartín Rei, anuncia que van con outra lei moi contestada que é a LOMCE, contestada por cando e cómo se fixo sen contar coa comunidade educativa, sen contar coas asociacións e sen contar con ningún tipo de apoio, e cunha forte contestación tanto social como política, e é verdade que xa foi tratada no pleno, e polo tanto, non vai insistir no que a LOMCE ten de clasismo, de favorecemento da segregación por sexos, lei centralizadora, dun sistema educativo baseado na competición, e sobre todo, o máis importante na clasificación do alumnado, intentar que o alumnado estea en caixas dende moi pequenos/as e que vaian especializándose e dicindo cal é o camiño, o camiño das persoas que si poidan triunfar na vida, e outros camiños para as persoas con máis problemas, sen ter en conta nin contexto social.

Segue a concelleira manifestando, que deixando ao marxe esas valoración sociais, quería é centrar a intervención, no que significa o forte desacougo que ten a comunidade educativa nestes momentos por todo o tema das reválidas, algo que fixo que fosen moi contestadas en todo o estado, en Galiza e en Santiago de Compostela, e que nestes momentos non ten sentido que se manteñan, cando significa por un lado un descoñecemento no inicio do curso sobre o que vai acontecer, qué vai suceder e como van ser.

Tanto o alumnado, profesorado e nais e pais, teñen un agobio e presión enorme, sobre todo cando houbo mudanzas importantes, e non se pode sen máis dicir que vai ser a reválida igual que a selectividade, cando houbo modificacións importantes no bacharelato artístico, persoas repetidoras.

E o BNG tendo en conta as reivindicacións de toda a comunidade educativa, colectivos de nais e pais, pois facer unha moción para instar á Xunta á eliminación das reválidas, sabendo que estas reválidas son un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

E por suposto, esixir que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.

Instar á Xunta a defender as competencias en materia de ensino, xa que esta é unha lei tremendamente centralizadora, e para fortalecer as competencias da Xunta por un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a súa intervención dicindo que dende a súa presentación a LOMCE, cultivou grandes desencontros entre toda a comunidade educativa, os interlocutores sociais e as forzas políticas.

A súa tramitación e aprobación no Congreso dos Deputados, aprobada polo Partido Popular coa súa maioría absoluta e co rexeitamento frontal da oposición puxo en evidencia a incapacidade do goberno de buscar un consenso en materia de educación, e volveu a dar conta do seu desprezo ao diálogo con todos os axentes que interveñen no ámbito educativo.

Unido a iso, o goberno impuxo rapidamente un calendario de implantación que se mostrou de xeito evidente inasumible para as Comunidades Autónomas e para os propios centros, poñendo en evidencia novamente que a reforma se levara a cabo sen unha diagnose compartida, sen debate previo, e as costas da comunidade educativa, estando esta sen recursos e no medio de brutais recortes que degradan a calidade educativa e atentan contra a súa equidade.

O Ministro de Educación na reunión da Conferencia Sectorial de Educación celebrada en agosto de 2015, rexeitou xa naquel entón a proposta presentada por doce Comunidades Autónomas que pedían unha moratoria para evitar as consecuencias dunha implantación absolutamente precipitada da Lei.

O goberno seguiu a dar as costas ao consenso ao non alterar o calendario, nin flexibilizalo, como tampouco abordou o cuestionamento das medidas máis polémicas tal cal están concebidas na LOMCE.

Cada un dos pasos dados polo goberno do Partido Popular foron unha burla á procura dun consenso en materia de educación, que puidese outorgar perdurabilidade e estabilidade ao sistema de educativo.

A LOMCE é unha contrarreforma segregadora, intervencionista, que ataca directamente a igualdade de oportunidades e retrocede na equidade e na calidade da educación.

A LOMCE elimina a igualdade de oportunidades, e favorece a exclusión do alumnado con dificultades, ademais de establecer un sistema de reválidas con efectos punitivos e non formativos.

A clasificación que fai das materias é arbitraria, e a ordenación académica incongruente e antipedagóxica e a formación profesional queda marcadamente devaluada.

A Lei impón a recentralización educativa ao cambiar a distribución de competencias, ademais de negar a diversidade lingüística das comunidades autónomas con lingua propia, e limita a participación da comunidade educativa ao baleirar de competencias os consellos escolares.

Segue a dicir o señor Santiás, que o grupo municipal Socialista coinciden, polo tanto na necesidade da derogación urxente da LOMCE e de todas normas ditadas no seu desenvolvemento, como paso prioritario para poder comezar a reconstruír un acordo común entre toda a comunidade educativa, os interlocutores sociais e as forzas políticas, para lograr un sistema educativo estable e de calidade.

Anuncia para rematar que o grupo Socialista vai votar a favor.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, anuncia que se está a debater un tema que xa foi debatido no Parlamento de Galicia, no Congreso dos Deputados, porque a LOMCE hai que recordar que é unha lei de ámbito estatal, se ben as Comunidades Autónomas agora xa teñen competencias na súa aplicación.

En calquera caso, o grupo municipal do Partido Popular non comparte as afirmacións que se fan na exposición de motivos da moción, porque para eles están cheas de carga ideolóxica, e non aborda os problemas educativos que preocupan ás familias, e porque están repletas de incorreccións e susceptibilidade.

Dicir que a LOMCE é unha concepción clasista e elitista da educación o que contribúe a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación, son para o grupo municipal do Partido Popular, afirmacións totalmente gratuítas e sen base ningunha, porque o que se pide na moción é instar a Xunta de Galicia a incumplir unha lei, e segundo a opinión do catedrático de dereito constitucional da USC, Roberto Blanco “si en cualquier estado democrático del mundo los ciudadanos pudiesen manifestar su desacuerdo con las normas aprobadas legítimamente, por los poderes públicos a través del extravagante procedimiento de saltárselas directamente a la torera, o de incitar a otros que lo hagan, el caos mas absoluto no tardará en instalarse en la vida política, económica y social”.

Continúa dona Teresa Cancelo a dicir, que o artigo 9 da Constitución sinala que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico. As leis están feitas para ser cumpridas, e esta foi elaborada e aprobada por un goberno lexitimo para facelo ao igual que outras leis do goberno Socialista que, tamén, unicamente foron aprobadas pola súa maioría, e foi aprobada polos órganos competentes.

A señora Cancelo di que volvendo ao artigo do profesor Blanco Valdés, “en caso de las mal llamadas reválidas constituye un ejemplo de esa locura que por no corregirse acabara por convertírnos en una monarquía bananera, se puede estar de acuerdo o no con las pruebas que bien con carácter de diagnóstico, bien con naturaleza selectiva ha creado la última normativa educativa aprobada por las Cortes Generales”.

A opinión da señora Cancelo ao respecto é que as probas con finalidade de control son moi positivas, como se demostra a súa xeneralización na inmensa maioría dos países da Unión Europea, porque as probas de diagnóstico xa realizadas en terceiro de primaria non supuxeron ningún trauma, son probas que tratan de aflorar se nalgún centro educativo hai necesidades de realiza melloras que se concretaron en plans, o cal lonxe de ser elitista ou excluír ao alumnado máis desfavorecido, o que trata é de que non haxa diferenzas no acceso á educación en función do centro educativo no que estuden os nosos fillos e fillas, porque sen existir rankings todos e todas saben que hai unha maior demanda duns centros educativos fronte a outros, non por distancias das residencias familiares, senón pola fama que estes teñen.

En toda Europa, e aclara, non pode estar todo o mundo errado agás aquí, hai sistemas de avaliación e seguimento dos resultados académicos en todos os niveis do ensino, porque

avaliar non é malo, xa que axuda adoptar as decisións necesarias para que o ensino público de calidade sexa unha realidade.

Establecer probas ao final do bacharelato para acceder á Universidade, chámense selectividade, reválida, etc., lonxe de ser probas elitistas, son probas que eliminan a desconfianza que pode existir sobre se un centro infla as notas dos seus estudantes, nivela a nota que lles permita acceder a uns estudos ou a outros, e son probas, polo tanto, orientadas a mellorar a calidade e os resultados nos centros educativos, e buscan corrixir as debilidades e fomentar a equidade no sistema educativo, reducen as posibles diferenzas que poden existir e nivelan os resultados avaliados polo profesorado nos centros educativos.

As probas están adaptadas á realidade de Galicia, por ser a lingua galega unha das competencias que se está a avaliar, polo tanto, non se pode dicir que non se potencie ou fomite a lingua propia de Galicia.

A Xunta de Galicia xa esta a desenrolar as competencias en materia de ensino, hai que lembrar que é unha das comunidades autónomas con maior ratio de profesorado nas aulas, con menores taxas universitarias e estanse a reducir as ratios de abandono, segundo a última estatística do INE de xullo pon de manifesto que a taxa de abandono temperá en Galicia, sitúase no 15,1%, polo tanto, esta case no 15% que é o obxectivo marcado pola Unión Europea para España na estratexia 2020 e dez puntos inferior á acadada no ano 2009.

As modificacións desta lei, ou un grande pacto pola educación deben facerse no seu ámbito lóxico, que é o Congreso dos Deputados, e non no Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Pide a señora concelleira, un pouco de sensatez e non se utilice un tema tan importante como é a educación cunha arma arrosadixa, e que se fale de educación sen confrontacións ideolóxicas intencionadas, que non cala na opinión dos/as cidadáns/ás que non só revalidaron a maioría absoluta do Partido Popular en Galicia, senón que incrementouse o número de votos e máis porcentaxe e voto.

Remata dicindo que o grupo municipal do Partido Popular en base ao que expuxo vai votar en contra da moción presentada.

Don Manuel Díos Diz, comeza a intervención anunciando o voto favorable do grupo municipal de Compostela Aberta á moción presentada polo BNG, en relación coa derogación da LOMCE e a eliminación das reválidas.

Segue a dicir o señor Díos, que coinciden en liñas xerais coa exposición de motivos que sustenta a devandita moción, e moi especialmente cos tres apartados resolutivos.

Certo que a exposición de motivos non é a que eles terían redactado, aínda que obviamente, comparten a análise que considera que a lei Wert, ten características, obxectivos e medidas que a fan, efectivamente, unha lei centralizadora, clasista, sexista tal e como se afirma no texto do BNG, ou mesmo, porque se pretenda mercantilizar aínda máis a educación e recuperar o modelo educativo que pensa xa debería estar superado, regresivo e autoritario.

A propia elaboración da lei e o procedemento para a súa elaboración amosa un profundo desprezo pola comunidade educativa, e a súa representación, a quen non se tivo en conta para nada, nin no diálogo, nin na negociación, tal e como as organizacións de profesorado, pais e nais, e alumnado teñen denunciado publica e reiteradamente.

Tamén coinciden, por suposto, na idea de que a LOMCE invade competencias plenas das Comunidades Autónomas, e isto vese reflectido polo dito por moitas comunidades autónomas con competencias en materia educativa.

E que as reválidas previstas en primaria, secundaria e bacharelato, responden a unha concepción clasista da educación, que afecta negativamente ao alumnado máis desfavorecido, máxime logo dos brutais recortes e a forte diminución dos recursos económicos e humanos na educación pública, non así na concertada, recortes que vulneran na práctica o elemental principio de igualdade.

As reválidas supoñen, ademais, e parécelle ao concelleiro isto moi importante, unha desconfianza manifesta sobre as equipas docentes e sobre o principio de avaliación continúa.

Para Compostela Aberta é LOMCE, é unha lei que na súa propia denominación minte e falsea a realidade, non é certo que pretenda a mellora da calidade da educación, sería moito máis sincero denominala coa mesma frase coa que abre o texto legal, cando afirma: “la educación es el motor que promueve la competitividad de la economía y el nivel de prosperidad de un país”, afirma e transluce unha obsesión cos resultados e con dar resposta aos informes PISA da OCDE, pregúntase en alto o señor Díos que sabe a OCDE de educación, acaso descoñece o papel da UNESCO en materia educativa, non é raro entón que a OCDE fale exclusivamente de resultados esquecendo a relevancia dos procesos de ensino-aprendizaxe na educación.

Continúa a dicir o concelleiro, que teñen razón os que consideran a LOMCE é unha auténtica contrarreforma educativa, fortemente regresiva, involucionista, excluínte, elitista, e mesmo, segregadora, que atenta gravemente contra dos principios de

equidade, de igualdade, cohesión social e integración educativa, isto insiste, que non o di el, o din os consellos escolares de moitas comunidades autónomas, e o propio consello escolar do estado, non é que permita a segregación por sexos, mesmo que financia a centros que segregan por sexo, senón que ademais suprime a educación para a cidadanía e os dereitos humanos, para recuperar a relixión como avaliable e con repercusión directa na nota media do alumnado, aí esta a diferenciación entre rankings entre centros públicos e concertados.

O Pleno do Congreso recentemente, ven de aprobar a retirada do decreto que regula as reválidas educativas, e as organizacións de nais e pais, e sindicatos veñen de convocar novas mobilizacións contra a lei e as reválidas para o vindeiro día 26.

Reivindicacións que o grupo de Compostela Aberta apoia, e para rematar, di que efectivamente a LOMCE non está pensada para mellorar a calidade da educación, o que se pretende mellorar, entre outras cuestións é unha clara recentralización política, e a propia confesionalidade da lei.

Dona Goretti Sanmartín Rei, manifesta que agradece o apoio a devandita moción por parte dos grupos do Partido Socialista e Compostela Aberta.

Así mesmo, quere comentar dúas cuestións, a respecto da intervención da portavoz do Partido Popular.

Di que en todo caso o catastrofismo que demostraban as palabras da concelleira do Partido Popular a respecto dalgunhas das cuestións, considera dona Goretti, que non teñen ningún sustento, porque claro é evidente que hai carga ideolóxica na proposta que fai o BNG, ao igual que a LOMCE está chea de cargas ideolóxicas, e pon varios exemplos das cargas ideolóxicas que aparecen reflectidas na LOMCE.

Cre dona Goretti que non ten lóxica ningunha, e que por un lado, pensar que por ter a maioría absoluta iso non significa ter a razón en todas as medidas que se tomen, porque senón en canto un ten maioría absoluta o resto que desapareza do mapa, que se oculten catro anos, e volven ao cabo de catro anos a ver que pasa.

Parécelle lóxico a dona Goretti, recoñecer a contestación social que ten a LOMCE, contestación enorme por parte da comunidade educativa, o que fixo que xustamente aquí houbese moitísimos pais e nais que non mandaron aos seus fillos/as a facer as reválidas.

Hai unha disconformidade moi grande, polo que cre, que hai que ter coidado e reflexionar, porque hai mesmo cargos do Partido Popular que recoñecen que a lei era moi mellorable, e que hai cantidade de cuestións que deberían terse en conta.

Polo que considera a señora Sanmartín, que sería bo non dar por absolutamente magnífico todo o que se fixo, e pensar dúas ou tres cousas a respecto do que está escrito na LOMCE.

As leis están feitas para ser cumpridas, pero as leis tamén estarán feitas para ser modificadas se se ve que existe esa contestación social e non son afirmación que deslexitimen o profesorado, porque avaliar xa se avalía, porque iso xa se facía nos centros de ensino, é o profesorado o competente para que día a día mirar cal é a progresión e decidir cal é a avaliación final, e o que aquí se plantexa é unha avaliación externa, un reforzamento da autoridade das direccións dos centros, é unha maneira de avaliar, pero é unha maneira que está a atentar contra a lexitimidade do profesorado, que por suposto sempre avaliou.

Considera dona Goretti que sería bo que o Partido Popular tomase nota da contestación social, e cando menos, intentase mellorar algunhas das cuestións que son moi lesivas e que dende logo, significan un proceso de privatización, e un proceso terrible para a educación nestes momentos.

Remata dicindo a señora Sanmartín que se debe reflexionar entorno a este tema, porque o que están a ver a xente que esta perto do sistema educativo, que cada vez hai menos medios, menos recursos, hai moitísimos máis problemas, e considera que a única maneira de solucionar isto é que o Partido Popular estea disposto a facer algo con consenso de todos os sectores implicados, porque simplemente dicindo que teñen a razón e que a lei está da súa parte, considera dona Goretti que a fórmula moi democrática e participativa non parece que sexa.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, di que na moción instase á Xunta de Galicia, a eliminación das reválidas, insiste que non é competencia da Xunta de Galicia, e polo tanto o que se está a pedir a Xunta de Galicia é que incumpra unha lei.

Engade dona Teresa que se pide a derogación, non se pide a mellora ou un debate sobre a lei.

Insiste para rematar que as probas de acceso á universidade teñen razón de ser.

Don Manuel Díos Diz, di que vai intervir un segundo, e aclara que a maioría das Comunidades Autónomas decidiron non aplicar o calendario da aplicación da LOMCE dentro das súas competencias e dos seus intereses.

E considera o señor Díos que atrincherarse na defensa da lei Wert, non é como se pode facer un pacto educativo.

Rematado o debate da moción do BNG, para a derogación da LOMCE e eliminación das reválidas, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.
3. Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.

O Sr. Alcalde di que a seguinte moción a tratar é do Partido Popular sobre a execución dun plan de accións urxentes para evitar os riscos de inundación en distintas zonas da cidade.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza a intervención dicindo que a moción que presentan, solicita a execución dun plan de acción urxente, para tratar de evitar as inundacións que se veñen repetindo en distintas zonas da cidade.

En definitiva, di o señor Hernández, trátase de mellorar a rede de sumidoiros e a capacidade de evacuación en zonas moi concretas da cidade.

É unha iniciativa que obviamente ven motivada polas recentes inundacións que puxeron de manifesto que un ano despois dos últimos asolagamentos, a situación é a mesma, rúas inundadas, locais anegados, e unha veciñanza desmoralizada e crítica coa xestión municipal, máis ben coa falla de xestión municipal.

Hai veciños e veciñas que tiveron que limpar os sumidoiros atascados pola cantidade de folla e lixo que os tupía, cidadáns que esperaban dunha resposta municipal que non chegou.

Segue a dicir o señor Hernández, que é evidente que algo falla, non é un problema de agora, pero dar coa solución e poñer os medios para que non se repitan esas actuacións, é un problema que ten que figurar na axenda de prioridades da cidade.

Traballar non só para dar coas causas, senón para atopar e executar unha solución é misión do goberno e non da veciñanza.

Para o goberno municipal a situación de que Santiago ano tras ano sufra asolagamentos, é por problemas estruturais, pensa o señor Hernández, que isto xa empeza a ser un argumento ao que recorre moito o goberno local, e vale para as fochancas, para a rede de sumidoiros, para o baixo nivel de execución dos investimentos, ou tamén para o funcionamento da propia administración local.

Quizás o problema estrutural o teña o goberno local, que non é capaz de darlle resposta aos problemas da cidade.

Ante os problemas ben sexan estruturais ou puntuais, o goberno ten que buscar solucións e non evasivas, é preciso acometer actuacións globais e integrais para mellorar as condicións de evacuación e intensificar as labores de limpeza nas zonas afectadas con maior frecuencia cando se aproximan os períodos de chuvia.

O 17 de novembro do ano pasado, vai facer un ano, o concelleiro de medio ambiente ofrecía unha rolda de prensa para presentar un plan de actuación en dezanove puntos negros da rede de sumidoiros municipal.

O plan incluía as presuntas causas das inundacións en cada punto conflitivo e tamén a súa posible solución, un plan para o que Compostela Aberta estimaba un investimento de 350.000 euros, segundo os datos dados na devandita rolda de prensa.

Apenas unha vintena de lugares onde ao longo de todo un ano cren que se podería ter acometido senón todas varias actuacións e sobre todo, incidir nunha maior atención para extremar a limpeza por parte dos servizos municipais.

O grupo municipal do Partido Popular non sabe o que se fixo ao longo deste ano co devandito plan, nin o número de actuacións executadas, nin saben tampouco o investimento realizado nese plan, nin os puntos solucionados.

O grupo Popular ten claro que o problema dos asolagamentos non se soluciona botando man da hemeroteca, nin tampouco facendo uso do “ti máis”.

O grupo Popular sabe o que fixo, que actuou en Pelamios, na rúa do Franco, limpou o río Sarela, e que acadaron da Xunta de Galicia un compromiso para a execución da

limpeza do río Sar, e obviamente demandan do goberno que dea solucións, non pretenden que o goberno dea clases de enxeñería hidráulica.

Continúa o señor Hernández dicindo que en materia de medio ambiente están a asistir a un desleixo permanente e reiterado por parte do goberno municipal, non é algo illado, senón que comeza a ser algo reiterado en moitas áreas do goberno, cultura, turismo, benestar animal e deportes.

En dezaseis meses ao goberno municipal non se lle coñece nin unha soa actuación para mellora do saneamento do concello, abonda con preguntar polas cuestións feitas a respecto do saneamento do río Sarela, do proxecto de saneamento do río Sarela, que saiba o grupo Popular, absolutamente nada.

Este goberno leva meses bloqueando a posta en servizo de infraestruturas de grande importancia para a mellora ambiental do Concello, e iso lóxicamente non repercute favorablemente na situación ambiental do mesmo.

Por todo isto o grupo Popular presenta a moción que o que pretende en primeiro lugar, é que tomando como base os estudos municipais xa elaborados, execute con carácter inmediato un plan de actuacións urxentes para solucionar as deficiencias detectadas na rede de sumidoiros, nas áreas habitualmente afectadas polas inundacións como consecuencia das precipitacións.

Segundo, elaborar un cronograma de cada unha das actuacións, onde se recolla o prazo para o remate das obras, así como os pasos dados ata a súa completa execución.

En terceiro lugar, establecer, en coordinación cos servizos de Meteogalicia, un sistema de avisos para que os servizos de emerxencia poidan estar en prealerta e actuar coa desexable anticipación.

Cuarto lugar, incluír no orzamento municipal para o ano 2017 aquelas actuacións que non sexa posible afrontar con cargo ás disponibilidades orzamentarias actuais.

En quinto lugar, redactar un plan director para ampliar a rede separativa nun período realista e programar xa en 2017 actuacións neste senso.

Don Rubén Cela Díaz, toma a palabra e indica que vai ser moi breve.

En primeiro lugar di que o grupo municipal do BNG fai concretamente agora un ano, comentaba no pleno que certamente hai circunstancias moitas veces sobrevidas de meteoroloxía adversa, que non sempre son facilmente identificables, que provocan

graves prexuízos nunha cidade, e que nese sentido, un goberno municipal responsable o que ten que tratar na medida do posible é minimizalas.

Insiste o grupo municipal do BNG que nalgúns puntos da cidade existen problemas estruturais detectados nese informe que se facía público fai un ano, con dezanove puntos negros, que existe tamén, a nivel de mantemento un problema ás veces de saturación da rede de sumidoiros, sobre todo despois dunha estación de verán como esta, pois especialmente seca, e no comezo dun outono coa caída das follas das árbores, atópanse moitas veces sumidoiros cheos de terra, de folla e que acaban colapsando a rede, sobre todo hai un evento pluvial da magnitude do que tivo lugar o pasado día 12 de outubro.

O BNG entende que nese sentido a palabra chave, en todo isto, é a prevención, cren que hai actuacións que polo seu custe, indica, que facía referencia antes o voceiro do Partido Popular a que a cuantificación económica había unha dobre versión para unha das actuacións na Avda. de Lugo, pero en calquera caso, é unha partida moi modesta con respecto ao total do capítulo VI de investimentos do concello, e así mesmo di, que o BNG xa fixo unha proposta no debate dos orzamentos do ano 2016, solicitando precisamente a reserva dunha partida orzamentaria para a execución do dito plan.

Indica o señor Cela que o propio concelleiro recoñecía que das dezanove actuacións, pois finalmente tan só executará a da rúa do Olvido, e polo tanto, eles cren que aprendendo tamén de erros do pasado que se debera tomar en serio este problema de cara o futuro, e nese sentido, no que coinciden coa proposta do Partido Popular, en que é necesario no orzamento de 2017 contemplar unha partida orzamentaria, non só formalmente, senón contemplar esa partida orzamentaria e executar na medida do posible, senón a totalidade, a maioría das actuacións desas dezaioito que están pendentes, e que o BNG cre que servirían para paliar unha parte importante dos problemas estruturais que existen na rede e no viario público de Compostela, e todo iso, evidentemente, acompañado dunha política de mantemento de toda a rede de sumidoiros como se fai, pero como tamén se pode mellorar, sobre de todo, pois nestas semanas nas que comeza unha estación como outono que é especialmente delicada para estes problemas.

Don Francisco Reyes Santiás, toma a palabra e comeza dicindo que hai feitos que son incontestables, é dicir outono de 2015 as primeiras chuvias intensas provocan inundacións nas rúas de Santiago. Outono de 2016 as primeiras chuvias intensas volven provocar inundacións nas rúas de Santiago.

Polo tanto, é inevitable preguntarse e plantexarse que algunha cousa está a ocorrer, ou que algunha cousa non se corrixiu para que despois dun ano a situación se repita.

O Sr. Santiás di que lle gustaría facer algunhas preguntas:

A primeira cal foi o resultado da auditoría de puntos críticos, encargada á concesionaria privada que xestiona a rede pública municipal, porque informouse de dezanove puntos críticos, había algún máis?

Houbo unha validación por parte dos servizos técnicos municipais do resultado da auditoría, porque non se pode esquecer é que a concesionaria privada se está auditando así mesma.

Valorou o goberno de Compostela Aberta, dispoñer dunha opinión técnica independente á concesionaria privada diante destes problemas?

Inspeccionáronse nesa auditoría os puntos críticos da rede con cámaras de televisión robotizadas, que permitirán verificar o seu estado?

Con respecto aos problemas da intensidade das chuvias en determinados momentos, tomáronse datos de campo e se efectuaron simulacións en modelos matemáticos para comprobar o funcionamento das redes nos momentos desas chuvias intensas?

E que medidas se tomaron derivadas da auditoría?, porque se se di que había dezanove puntos críticos e se resolveu un, pois como quedan bastantes deberes por facer, qué melloras se fixeron, qué reparacións na rede, qué modificacións no sistema de xestión da rede.

Efectivamente o grupo Socialista tamén se pregunta ao igual que os portavoces do Partido Popular e BNG, qué fondos se asignaron no orzamento de 2016, e qué porcentaxe se dispuxo en investimentos nos puntos críticos que provocaron as inundacións en outubro de 2015.

Se existían danos no estado da rede de saneamento, por iso o tema das cámaras, se executaron as obras necesarias para a súa reparación?

Os concesionarios privados dispuxeron de persoal de reforzo en reténs ante as alertas meteorolóxicas pronosticadas. A responsabilidade da administración non queda en suspenso cando se subcontrata un servizo, a responsabilidade de controlar o que fai a concesionaria segue a ser da administración.

Con qué medios persoais e técnicos conta o servizo municipal responsable das redes de saneamento, precisamente, para controlar e coordinar a actividade do concesionario privado?

Preparáronse e limpáronse despois do verán os elementos da rede de saneamento, sumidoiros, canalizacións, pozos de rexistro, para que estivesen en perfectas condicións para recibir as primeiras chuvias de outono?

Intensificouse axeitadamente a limpeza viaria para evitar a obstrución dos sumidoiros, existen datos, e poden ser mostrados?

No caso da problemática, da que xa se ten falado, do entubado do río Corgo na rúa Entreríos, ao tratarse dunha canle pública tratouse con Augas de Galicia a mellora e ampliación do punto de estreitamento do paso do caudal nos momentos de intensas chuvias?

Conta o goberno municipal con algún tipo de planificación, refírese a calendario de asignación de recursos, para eliminar os puntos críticos das redes de saneamento, onde segundo os datos dos que se dispón é preciso actuar.

Indica o señor Santiás que estas son as respostas que hai que dar diante dos asolugamentos que houbo, que se repetiron en outubro do ano 2016 as inundacións do ano 2015, e o que non se pode permitir é que se volvan a repetir no ano 2017.

Don Xan Duro Fernández, indica que efectivamente a rede de sumidoiros e drenaxe de Santiago como xa indica o Partido Popular na moción presentada é complexa, cunha escorrentia acrecentada polas pendentes e pola permeabilización dos terreos, e cunha media de metros cadrados de zona verde por habitante, que é un orgullo para a cidade, pero que efectivamente complica o problema no outono, a pesar de que existe un reforzo por parte de Urbaser, centrado exclusivamente na recollida de follas.

O señor Duro, xa sabe que o señor Hernández non é nada fan das hemerotecas, pero indícalle o señor Duro que son un exercicio informativo moi interesante, e non o di como crítica. Mostra un artigo de 21 de outubro de 2013, o titular da Voz de Galicia, é unha forte tromba de auga causa inundacións en baixos e garaxes de Santiago de Compostela; 15 de outubro de 2014, “un fuerte aguacero deja un reguero de inundaciones en Santiago”, e efectivamente o 5 de outubro de 2015 “las lluvias causas numerosas inundaciones en Santiago”.

É correcto que por parte da concellaría de medio ambiente se encargou un informe, non un plan, dos puntos negros, algo que ata o de agora cre que non existía, e unha estimativa a trazo groso “de o que e o canto”, para poder arranxalos, no mes de novembro de 2015.

Tamén é certo, indica así mesmo o señor Duro, que a dispoñibilidade orzamentaria para arranxalos non comezou a existir ata o mes de xullo de 2016, e aí están, xa hai estudo

técnico das solucións de Frei Rosendo Salvado, agora estase a traballar na memoria valorada, teñen partida orzamentaria e realizárase a obra o antes posible, de seguro antes de que remate o ano.

Na rúa Olvido, e no cruce de Entrerriós con Galeras, que son outros dous puntos máis graves de inundación están en marcha.

Así que repasando os puntos da moción do Partido Popular, solicitan:

Executar con carácter inmediato un plan de actuacións urxentes, entende o Sr. Duro, que xa se está a facer.

Segundo, elaborar un cronograma con cada unha das actuacións, indica o concelleiro, que cada actuación que se fai sempre leva un cronograma cun prazo de execución estudado e validado polos técnicos municipais, se o que solicitan é un cronograma do conxunto das obras, dille ao señor Hernández que lle avance o que tiña el cando estaba no goberno, e así aforrase traballo, pero pensa que non debe de existir.

Establecer, en coordinación cos servizos de Meteogalicia, un sistema de avisos.

O concelleiro de medio ambiente indica que os avisos do 112 chegan a distintas dependencias do concello.

Incluír no orzamento municipal para o ano 2017.

Con respecto a este punto indica o señor Duro que xa está previsto.

Redactar un plan director para ampliar a rede separativa.

Con respecto a este último punto plantexado na moción, considera o señor Duro que primeiro hai que corrixir as eivas que ten a actual, e logo, iranse ampliando segundo se vaian facendo as obras.

En definitiva, indica o concelleiro, xa se está a traballar para resolver os problemas.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, indica que bueno, vólvese a tirar da hemeroteca para dicir “o ti máis”, e indica que el xa dixo na súa primeira intervención o que fixeran e o que non fixeran.

De todas maneiras o que non fixo o Partido Popular foi dar unha rolda de prensa, dicindo que tiñan dezanove puntos identificados, dicir as causas dos asolagamentos dos

dezanove puntos, e co custe das actuacións era de 350.000 euros, e que pasara un ano e non estivera feito nada de nada.

Indica o señor Hernández, que o señor Xan Duro, nin respondeu ás preguntas intelixentemente plantexadas polo Portavoz do PSdeG-PSOE, ao respecto dalgunha das causas que non son cuestión de financiamento, nin cuestión de investimento, é simplemente de coordinación.

Así mesmo di o señor Hernández, que a rolda de prensa é decisión do concelleiro, o retraso nos orzamentos é culpa da tramitación do grupo de goberno, e polo tanto o resultado lamentable é culpa do goberno da cidade.

E lamenta, o señor Hernández, que agora Compostela Aberta non vote a favor de arranxar os problemas dos asolagamentos, supón que os veciños e veciñas estarán moi interesados maña de saber que o goberno non ten ningún interese en arranxar ese problema.

Don Xan Duro Fernández, indica que todo isto xa lle empeza a resultar cansino, que se manipulen as palabras por el expresadas, que se inventen cousas, e que se lles acuse de todos os males do mundo, pero indica que a este concelleiro non lle poden dicir que o escoitaron expresar que non se ían arranxar os problemas, iso é demagóxico e torticeiro.

Tras o debate da moción do grupo municipal do Partido Popular, en relación a execución dun plan de accións urxentes para evitar os riscos de inundación en distintas zonas da cidade, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a:

1. Tomando como base os estudos municipais xa elaborados, executar con carácter inmediato un plan de actuacións urxentes para solucionar as deficiencias detectadas na rede de sumidoiros nas áreas habitualmente afectadas polas inundacións como consecuencia das precipitacións.
2. Elaborar un cronograma con cada unha das actuacións, onde se recolla o prazo para o remate das obras, así como os pasos dados ata a súa completa execución.
3. Establecer, en coordinación cos servizos de Meteogalicia, un sistema de avisos para que os servizos de emerxencia poidan estar en prealerta e actuar coa desexable anticipación.

4. Incluír no orzamento municipal para o ano 2017 aqueles actuacións que non sexa posible afrontar con cargo ás disponibilidades orzamentarias actuais.

5. Redactar un plan director para ampliar la rede separativa nun período realista e programar xa en 2017 actuacións neste senso.

O Sr. Alcalde, indica que é a quenda agora para unha moción do Partido Popular sobre a cesión do uso dunha parcela municipal á asociación de dano cerebral Sarela.

Dona Teresa Gutiérrez López, toma a palabra para defender a moción presentada polo seu grupo.

Comeza a súa intervención, dicindo que no cre que sexa necesario recordar no pleno a importancia da labor que leva a cabo a asociación de dano cerebral Sarela en relación aos veciños/as de Santiago afectados/as por estes problemas e as súas familias.

O Concello dende o inicio da actividade da asociación colaborando de formas varias, primeiro coa cesión dun piso, posteriormente a cesión dunha parcela para construír o actual edificio, subvencións nominativas.

A Deputación Provincial tamén colabora con esta asociación cunha importante achega para a construción do edificio.

Dende o ano 2013, cando o edificio era un proxecto, os responsables da asociación solicitaron e manifestaron o seu interese polo uso, en tanto non sexa dedicado a outro uso, da parcela contigua a súa para realizar actividades de aire libre, e concretamente, para unha horta, actividade que teñen contrastado que pode ser moi positiva para os/as usuarios/as.

O grupo popular esta seguro que toda a corporación estará de acordo coa cesión da parcela en precario ou ben mediante un convenio condicionando o seu uso, ou establecendo unha limitación temporal. A forma que considere o patrimonio do concello axeitada.

Este uso será positivo para os/as usuarios/as do centro, ampliará o espazo dedicado a horta, e será percibido de maneira positiva polos/as veciños/as que verán unha parcela coidada onde actualmente ven unha parcela chea de maleza, que de vez en cando hai que gastar cartos para limpala.

A señora Gutiérrez cre que o grupo de goberno estará de acordo con esta iniciativa, pero tan importante como facelo e que sexa pronto.

Segue a dicir a concelleira que neste mes están a celebrarse efemérides en relación coa actividade da asociación, o día do dano cerebral adquirido e o día do ictus.

Considera dona Teresa que sería positivo que a totalidade da corporación acordará facelo, isto sería para eles un apoio, e posteriormente actuar coa dilixencia necesaria para que neste ano se puidera materializar a cesión.

Por todo iso, propón o grupo Popular o acordo que figura no texto da moción.

Don Rubén Cela Díaz, en primeiro lugar manifesta que lle gustaría facer, ao igual que fixo a concelleira do Partido Popular, un recoñecemento moi especial ao traballo da asociación Sarela que é absolutamente encomiable e de máxima profesionalidade.

Recorda o señor Cela que por parte da devandita asociación xa se tramitou no seu día unha solicitude para uso desa parcela e o BNG cre que é de xustiza na medida do posible poder colaborar en calquera das modalidades das que se facían referencia, tanto dunha cesión en precario, como mediante un convenio, a formalización, considera Rubén que é o de menos, o importante é que a asociación poida facer uso da mesma para ese tipo de labores terapéuticas.

Segue a dicir o señor Cela, que o centro no que está ubicada a asociación que foi licitado en novembro de 2010, conta cunhas instalacións modélicas e referenciais non só en Galiza, senón no conxunto do estado, e cren, que co uso da parcela mellorarían substancialmente.

Entende o BNG que as institucións teñen que estar ao lado deste tipo de entidades, das familias, e sobre todo en momentos de dificultades dende unha perspectiva económica e social para o conxunto da sociedade.

Anuncia o voto favorable do BNG á proposta feita polo Partido Popular.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a súa intervención dicindo que tamén queren aproveitar este debate para facer un recoñecemento da labor que ven a realizar á asociación de dano cerebral Sarela.

Engade o señor Reyes, que con permiso da ponente da moción, que lle gustaría clarificar unha cuestión, que esa cesión en precario, a cesión en uso que se faría o que vai significar é que vai poder ser revogada en calquera momento pola administración sen dereito a indemnización, e que polo tanto, non hai ningún tipo de perda patrimonial por parte do concello.

Remata o concelleiro, anunciando o voto favorable do grupo Socialista á devandita proposta.

Dona Concepción Fernández Fernández, di que concorda coa exposición de motivos sobre a labor sociosanitaria da asociación Sarela, e tamén co recoñecemento que fai o Bloque Nacionalista Galego e o PSdeG-PSOE, pola súa importante contribución a dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral e das súas familias.

Continúa a dicir dona Concepción, que Sarela como outras entidades sociais, teñen que asumir servizos e coidados como rehabilitacións de todo tipo, que son de estrita responsabilidade e competencia do Servizo Galego de Saúde.

A respecto da proposta do grupo Popular, dona Concepción, bota en falta maior énfase nos antecedentes. A primeira solicitude por escrito da entidade data de febreiro de 2013 e de novo volveron a solicitala en 2015, recórdalle que tiveron dous anos para resolver a cesión dende 2013 a 2015.

A solicitude recibida polo goberno municipal de Compostela Aberta é de febreiro deste ano e están os servizos de patrimonio a traballar para facer esta cesión con todo dereito e garantías, porque non se trata dun bo detalle da corporación, require tramitación e adopción de acordos.

Traballara o equipo de goberno dilixentemente para poder resolver esa cesión coa máxima brevidade, xa que conta co apoio do pleno, porque obviamente votaran a favor da cesión.

Dona Teresa Gutiérrez López, toma a palabra e indica que non tiña nin ten ningunha intención de abrir polémica.

No ano 2013, tiñan outros problemas, pois o edificio estaba en obras, necesitaban unha licenza parcial, etc.

E non quere entrar en polémicas, traen este asunto aquí, coa intención de que por parte da asociación se perciba que teñen un apoio unánime, e logo facelo o máis axiña posible.

Non considera a señora Gutiérrez que facer unha cesión en precario sexa algo que leve moito tempo.

Alédase a señora Gutiérrez que todos voten a favor.

Unha vez rematado o debate da moción do grupo municipal do Partido Popular, relativa a cesión de uso dunha parcela municipal á Asociación de dano cerebral Sarela, unha vez remata o debate da mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que, logo de cumprimentar con axilidade os trámites preceptivos, proceda a ceder o predio municipal (DM-2) que linda co edificio da Asociación de Dano Cerebral Sarela no SUNP-14 de Traspaxonal, un terreo que se mantén baldío desde a súa urbanización, para que poida ser empregado temporalmente pola citada Asociación no desenvolvemento das actividades que lle son propias, mentres que o Concello non acorde dispoñer del.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda a última moción presentada, que é do grupo municipal Socialista, relativa ao centro de saúde de Conxo e o Plan Director do CHUS.

Don Francisco Reyes Santiás, di que como xa é moi tarde vai tentar ser o máis breve posible.

Quere empezar por lembrar tres cuestións:

A primeira que no ano 2008, o plan de infraestruturas do Servizo Galego de Saúde co goberno de coalición do PSdeG-PSOE e BNG, asumiu o compromiso e a necesidade de ter que construír corenta e tres centros de saúde.

En 2010 o goberno da Xunta do Partido Popular, rebaixou esa cantidade de corenta e tres centros de saúde necesarios, á construción de dezanove centros, tanto nos corenta e tres como nos dezanove se incluía o centro de saúde de Conxo, pero en xullo de 2014 aprobouse a licitación de catorce centros de saúde dos dezanove, e xa desaparecía o centro de saúde de Conxo.

Lembra, o señor Santiás, que o centro de saúde de Conxo ten prevista unha dotación dunha decena de consultas de medicina xeral, sete de enfermería, dúas de pediatría, catro consultas de fisioterapia, e a necesidade que se plantexa para unha área a medrar en poboación.

Así mesmo, di que el persoalmente lembra a inauguración do actual centro de saúde de Conxo no 93, e que naquel entón era Conselleiro de Sanidade xa anunciou que recoñecía que un centro era pequeno e que se tiña que ampliar ou construír un novo.

Quere o señor Santiás recordar tamén que o Concello de Santiago de Compostela o 15 de febreiro de 2011 puxo a disposición da Xunta de Galicia unha parcela que está precisamente ubicada en Conxo, para a construción do centro de saúde, e a devandita parcela non foi nin recepcionada dende entón.

Para rematar, e en terceiro lugar, e que en 2009 a exconselleira de sanidade da Xunta de Galicia, Dona Pilar Farjas, adquiriu o compromiso de levar adiante unha reforma moi importante que se recollía no Plan director do CHUS. Plan director que desapareceu dos orzamentos a partires do 2010, que tiña un desenvolvemento que se concentraba na reforma do hospital de Conxo, entre outras cousas, xerando unha unidade de practicamente cen camas para media e longa estadia, o que é necesario para a xestión dun hospital de agudos.

Teñen transcorrido sete anos desde que se formulou esta promesa e ata a data nada se sabe dela, e así mesmo, está desaparecido nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Polo tanto o que propón o grupo municipal Socialista, é a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Instar á Consellería de Sanidade a que cumpra coa súa obriga de velar pola saúde dos veciños e veciñas de Compostela e constrúa e poña en marcha á maior brevidade posible o centro de saúde de Conxo.

SEGUNDO: Que inclúa nos orzamentos de 2017 a cantidade precisa para a reforma e ampliación do Hospital comprometida no Plan Director do CHUS de 2009.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que a construción e o equipamento de infraestruturas sanitarias se financie con diñeiro público 100% a través do capítulo VI de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, a través da empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade, ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta.

QUINTO: Comunicar a presente proposición da Corporación Municipal de Santiago de Compostela ao conxunto da poboación e dar a máxima difusión ao seu contido.

Don Rubén Cela Díaz, indica que o BNG ten demandado en infinidade de ocasións, tanto no Pleno municipal, como tamén no Parlamento, a construción do centro de saúde de Conxo.

Un centro que estaba orzado en tres millóns de euros, e que dende o punto de vista do BNG é fundamental para complementar a rede de atención primaria en Santiago.

Os centros de Vite, Fontiñas, Conxo, Concepción Arenal e o recentemente inaugurado de Galeras, seguen a resultar insuficientes para atender pois as 130.000 persoas asignadas as cotas médicas desta cidade.

O BNG advertía cando se concretaba a construción do centro de Galeras, que a pesares de que se lle daba o visto bo a ese centro, eles como organización política non ían renunciar, nin cesar na demanda dese centro de saúde de Conxo.

Indica o señor Cela, que di isto, porque o feito de que se vaia acometer, ou polo menos así está comprometido unha zona de aparcadoiro pública no emprazamento no que se ten que acometer o centro de saúde de Conxo, dende logo para o BNG non será nunca motivo para deixar de demandar unha instalación que ten que ser de referencia.

Remata anunciando o voto favorable do BNG á iniciativa do Partido Socialista.

Don Claudio Montiel Carracedo, comeza a intervención dicindo que en primeiro lugar, quere matizar a información que se fai na exposición de motivos da moción, na mesma sinálase que hai un incremento das listas de espera, e segundo os datos existentes, iso está lonxe da realidade.

O pasado día 30 de xuño acadouse a menor cifra nas listas de espera dende que estas aparecen rexistradas no SERGAS. No caso concreto da área de Santiago incrementouse a actividade cirúrxica e de consultas no SERGAS, de tal xeito que na estrutura organizativa de xestión integrada de Santiago en 2015 fixéronse 33.618 intervencións cirúrxicas, 6.593 intervencións máis que en 2009.

O 30 de xuño de 2016, reduciuse a cifra de lista de espera cirúrxica a unha media de 61,4 días. Conseguiuse tamén baixar, que é importante, a lista de espera para os pacientes con patoloxías máis graves, a prioridade 1, no caso de Santiago son 14,3 días en xuño de 2016; o número de consultas hospitalarias en xornada ordinaria realizadas en Santiago no 2015, foron case de 750.000, é dicir, 80.100 que en 2009.

Engade o señor Montiel, que con respecto ao novo centro de saúde de Conxo, e segundo as ratios que se manexan nestes momentos, non hai necesidade asistencial para esta nova construción.

O grupo Popular está disposto a solicitar a construción cando sexa necesario, pero nestes momentos non existe necesidade asistencial obxectiva para a construción dun novo centro, xa que a atención ás persoas adscritas ao centro asistencial de Conxo, lévase a cabo satisfactoriamente para os pacientes asignados.

Quere sinalar, o concelleiro do grupo Popular, na mesma liña quere sinalar que os cupos dos facultativos do centro de Conxo son inferiores á media da cidade.

Ademais aínda habería a posibilidade de aumentar a súa capacidade asistencial actual da mesma abrindo o centro pola tarde, no caso de que se producise algún tipo de incremento explosivo na demanda.

E, así mesmo, di o señor Montiel, que en relación ao plan director do CHUS respecto do complexo hospitalario produciuse unha novidade importante dende o 2009, o proxecto da nova facultade de medicina no actual hospital Gil Casares, iso obriga necesariamente, a trasladar, reubicar e acoller parte da actividade, que ata o de agora se realizaba nese hospital, e que implica a ampliación do CHUS.

Ambos feitos están relacionados e intimamente implicados no seu desenvolvemento, feito que entende o seu grupo, que non ten reflexo na moción presentada polo grupo municipal Socialista.

Remata o concelleiro a súa intervención, dicindo que o grupo municipal do Partido Popular esta de acordo coa construción da nova facultade de medicina de Galicia nas proximidades do hospital clínico universitario de Santiago, e tamén coa ampliación do complexo hospitalario, sempre en función das necesidades que detecten dende o punto de vista asistencial.

A nova facultade de medicina de Santiago a carón do CHUS nun novo edificio nas proximidades vai permitir aproximar a docencia do hospital e os centros de investigación bio-sanitaria.

En paralelo a Xunta de Galicia vai levar a cabo o proxecto das obras de ampliación do CHUS, para entre outras cousas, acoller parte da actividade que ata o de agora se realizaba no Hospital Gil Casares.

En definitiva, entende o grupo municipal do Partido Popular, que as necesidades actuais de Santiago en materia de asistencia sanitaria están razoablemente cubertas e canalizadas axeitadamente de cara o futuro na planificación autonómica, razón pola que non vai o seu grupo apoiar a moción, pero tendo en conta que queren visibilizar o apoio o centro de saúde de Conxo e ampliación do hospital en función das necesidades reais vanse abter na votación da iniciativa Socialista.

Dona Concepción Fernández Fernández, comeza a súa intervención anunciando o voto favorable do grupo de goberno á moción do grupo Socialista, e así mesmo, agradece a presentación da mesma na sesión plenaria de hoxe, por dous motivos fundamentais:

Primeiro, porque complementa os acordos adoptados, aínda que co voto en contra do Partido Popular, relativos á petición de información á Consellería de Sanidade e á

Xerencia de Xestión Integrada sobre os proxectos de campus da saúde e plan funcional da área sanitaria, eles saben, que están cubertas as necesidades, teñen un proxecto, pero non se coñece.

O segundo motivo para apoiar a moción é que ten unha completa e documentada exposición de motivos, que delata os costumes e normas de funcionamento da Consellería de Sanidade, a respecto do tratamento da información. Os datos que teñen todos os demais nunca coinciden cos datos que aportan no Partido Popular.

Tamén a respecto da colaboración con outras administracións, por exemplo a local, e o cumprimento co Concello de Santiago, a respecto de infraestruturas e servizos de saúde de crucial de importancia para o mesmo.

Concorda, dona Concepción, que como Corporación Municipal e representantes da cidadanía e dos seus intereses e non exclusivamente dos partidos polos que saíron elixidos, deben estar a altura das demandas de información e da defensa dos intereses dos/as veciños/as de Compostela, e por iso, cre que hai que instar á Consellería de Sanidade a cumprir cos seus compromisos a respecto do centro de saúde de Conxo, do Plan Director do CHUS e de que se faga cun investimento público.

Don Francisco Reyes Santiás, utiliza a segunda quenda da intervención, para agradecer aos grupos que sumaron a moción por eles presentada.

Así mesmo, quere puntualizar algunhas cuestións:

Con respecto á lista de espera, cando se fala de números e transparencia e tendo en conta que o Partido Popular diminúe a dar información soamente a dúas veces ao ano, cando antes o anterior goberno o facía catro veces ao ano.

Que o propio Consello de Contas, ten establecido os dous problemas que ten a contabilización da lista de espera, tanto a cirúrxica como a de consultas na maneira en como se maquillan os datos.

Dicir que os últimos datos das listas de espera, efectivamente de xuño de 2016, con respecto ao xuño do pasado ano, indica que en consulta se incrementa o número de persoas e o tempo de espera. Nas listas de espera cirúrxicas se incrementa o tempo de espera, e que en probas complementarias e diagnose se incrementa o número de persoas e o tempo de espera.

En definitiva, no seu conxunto, entre cirurxía, consultas, probas complementarias e de diagnose hai máis persoas, practicamente oito mil persoas máis que esperan por algunha

destas asistenciais sanitarias que fai un ano, a verdade que non fai falta falar máis con respecto ás listas de espera.

Con respecto a que se pode incrementar o traballo a facer polos actuais recursos, evidentemente que se poden asignar máis pacientes por médico.

E, tamén, dicirlle a poboación que ten que ser atendida en Conxo que se poden desprazar a Galeras, pois non sabe que opinión poden ter os pacientes.

Por último, e con respecto ao Plan Director do CHUS, aclara o señor Reyes, que o Gil Casares xa estaba previsto no Plan Director que ía deixar de prestar asistencia sanitaria, o que pasa é que estaba previsto que o edificio se converterá en edificio administrativo e de dirección do complexo, e agora, o que vai ser é facultade de medicina, e iso significa que a planta noble do hospital clínico non se vai converter en zonas de consulta, senón que vai manter a parte administrativa e de xestión, o que conleva a que esas consultas van ter que incrementarse nas obras e no proxecto previsto no hospital de Conxo.

O señor Reyes, fai o recordatorio que a área sanitaria de Santiago non atende soamente a poboación do Concello de Santiago, posto que é a referencia de rexión sanitaria centro que presta atención a catrocentos cincuenta e cinco mil persoas, por iso estase a falar que é necesaria a ampliación do complexo hospitalario.

Rematado o debate da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ao centro de saúde de Conxo e o Plan Director do CHUS, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

PRIMEIRO: Instar á Consellería de Sanidade a que dunha vez por todas cumpra coa súa obriga de velar pola saúde dos veciños e veciñas de Compostela e constrúa e poña en marcha á maior brevidade posible o centro de saúde de Conxo.

SEGUNDO: Instar á Xunta a incluír nos presupostos para o 2017 a cantidade precisa para a reforma e ampliación do Hospital comprometida no Plan Director do CHUS de 2009 elaborado polo Servizo Galego de Saúde.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que a construción e o equipamento de infraestruturas sanitarias se financie con diñeiro público 100% a través do capítulo VI de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, a través da empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade, ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta.

QUINTO: Comunicar a presente proposición da Corporación Municipal de Santiago de Compostela ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles, a máxima difusión ao seu contido.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22 horas e 15 minutos do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo